



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 79

IX lexislatura

Serie Pleno

### Sesión plenaria 24 de setembro de 2014

Presidencia da Excm. Sra. D<sup>a</sup> Pilar Rojo Noguera

#### ORDE DO DÍA (Continuación.)

Punto 4.-Proposicións non de lei en Pleno

4.5-26020 (09/PNP-001882)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que se amplíe a protección por desemprego no seu nivel asistencial, así como para que se implemente un plan de emprego específico para as persoas en desemprego de longa duración

Publicación da iniciativa, BOPG n° 335, do 05.09.2014

4.6-26253 (09/PNP-001910)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón, e Ron Fernández, José Javier

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co canon por préstamo e adquisición de obras nas biblio-

tecas, museos, arquivos, hemerotecas, fonotecas ou filmotecas públicas de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n° 335, do 05.09.2014

4.7-26500 (09/PNP-001926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis, e Quintas Álvarez, María Remedios  
Sobre o cumprimento polo Goberno galego das previsións da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG n° 339, do 11.09.2014

4.8-26536 (09/PNP-001933)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta, e sete deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan estratéxico de acción voluntaria para o período 2015-2020 e os aspectos que debe recoller

Publicación da iniciativa, BOPG nº 339, do 11.09.2014

### Punto 5.-Interpelacións

5.1-11166 (09/INT-000432)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen, e dous deputados/as máis

Sobre a avaliación do Goberno galego do cumprimento dos dereitos recollidos na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 153, do 05.09.2013

5.2-23066 (09/INT-000807)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a construción naval civil en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 290, do 14.05.2014

5.3-24913 (09/INT-000884)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre a elaboración, os cambios que introduce e os obxectivos que recolle o borrador do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020

Publicación da iniciativa, BOPG nº 317, do 16.07.2014

### Punto 6.-Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

6.1-27343 (09/POPX-000093)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre as consecuencias na sociedade galega das supostas raíces vigorosas do crecemento económico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 17.09.2014

6.2-27344 (09/POPX-000094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a posición do Goberno galego en relación co anuncio do Goberno central do aprazamento do sistema de financiamento autonómico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 17.09.2014

6.3-27368 (09/POPX-000095)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a incidencia do endebedamento no desenvolvemento do sistema de protección social de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 17.09.2014

### Punto 7.-Preguntas ao Goberno

7.1-26319 (09/POP-002401)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín, e Méndez Romeu, José Luis

Sobre a información referida aos convenios asinados pola Xunta de Galicia, a través do Igape, coa Confederación de Empresarios de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 04.09.2014

7.2-25838 (09/POP-002326)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para repoñer progresivamente ao profesorado as condicións laborais e profesionais que tiñan antes da crise económica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 04.09.2014

7.3-26182 (09/POP-002385)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román e 7 máis

Sobre o balance da posta en funcionamento dos centros educativos plurilingües en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 334, do 04.09.2014

7.4-26691 (09/POP-002441)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das camas pechadas durante o verán de 2014 nos hospitais do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 339, do 11.09.2014

7.5-27369 (09/PUP-000138)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Beiras Torrado, Xosé Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre as actuacións de carácter estrutural que vai desenvolver o Goberno galego para corrir a actual situación de regresión demográfica en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 17.09.2014

7.6-26188 (09/POP-002389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitarlles ás persoas usuarias do sistema de dependencia a redución das súas prestacións

Publicación da iniciativa, BOPG n° 334, do 04.09.2014

7.7-26676 (09/POP-002434)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel, e sete deputados/as máis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da costeira do bonito do norte no ano 2014

Publicación da iniciativa, BOPG n° 339, do 11.09.2014

7.8-26713 (09/POP-002445)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodas Chapela, Daniel, e Prado Cores, María Montserrat

Sobre o impacto que vai ter na próxima campaña no colectivo de persoas mariscadoras a alta mortalidade do berberecho detectada na ría de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG n° 339, do 11.09.2014

---

*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as consecuencias na sociedade galega das supostas raíces vigorosas do crecemento económico.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 9.)

Réplica do autor: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 10.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 11.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego en relación co anuncio do Goberno central do aprazamento do sistema de financiamento autonómico.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 12.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG)*. (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a incidencia do endebedamento no desenvolvemento do sistema de protección social de Galicia.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 15.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 16.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que se amplíe a protección por desemprego no seu nivel asistencial, así como para que se implemente un plan de emprego específico para as persoas en desemprego de longa duración.** (Punto cuarto da orde do día.)

*A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 18.)

---

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Gallego Calvar (S)*. (Páx. 18.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 20.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 21.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 22.) e *Sr. Tella-do Filgueira (P)*. (Páx. 23.)

*A señora Gallego Calvar (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 24.)

**Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e D. José Javier Ron Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co canon por préstamo e adquisición de obras nas bibliotecas, museos, arquivos, hemerotecas, fonotecas ou filmotecas públicas de Galicia.** (Punto cuarto da orde do día.)

*A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 25.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Ron Fernández (AGE)*. (Páx. 26.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Caamaño Domínguez (S)*. (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 29.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 30.) e *Sr. Fariñas Sobrino (P)*. (Páx. 31.)

*O señor Ron Fernández (AGE) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 33.)

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa D. José Luis Méndez Romeu e D<sup>a</sup> María Remedios Quintas Álvarez, sobre o cumprimento polo Goberno galego das previsións da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Méndez Romeu (S)*. (Páx. 33.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Iglesias Sueiro (M)* (Páx. 35.), *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 36.), *Sr. Fajardo Recouso (AGE)* (Páx. 37.) e *Sr. Baamonde Díaz (P)*. (Páx. 38.)

*Nova intervención do señor Méndez Romeu (S).* (Páx. 40.)

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan estratéxico de acción voluntaria para o período 2015-2020 e os aspectos que debe recoller.** (Punto cuarto da orde do día.)

*A señora presidenta comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 40.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Dorado Soto (P)*. (Páx. 40.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Gallego Calvar (S)*. (Páx. 42.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Paz Franco (BNG)* (Páx. 43.) e *Sra. Solla Fernández (AGE)*. (Páx. 45.)

*O señor Dorado Soto (P) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 46.)

#### **Votación das proposicións non de lei**

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alejandro Gómez Alonso e D<sup>a</sup> María Soledad Piñeiro Martínez, sobre a priorización do tramo Carballo-Baio na construción da autovía da Costa da Morte para a súa posta en servizo antes do remate da IX lexislatura: *aprobada por 37 votos a favor, 26 en contra e 8 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos acordos parlamentarios referidos á aplicación e seguimento do Plan xeral de normalización da lingua galega: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Goberno do Estado da modificación da lexislación hipotecaria e de axuízamento civil: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego en relación coa xestión e titularidade da AP-9: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que se amplíe a protección por desemprego no seu nivel asistencial, así como para que se implemente un plan de emprego específico para as persoas en desemprego de longa duración: *rexeitada por 27 votos a favor, 37 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 47.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e D. José Javier Ron Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co canon por préstamo e adquisición de obras nas bibliotecas, museos, arquivos, hemerotecas, fonotecas ou filmotecas públicas de Galicia: *rexeitado por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e D<sup>a</sup> María Remedios Quintas Álvarez, sobre o cumprimento polo Goberno galego das previsións da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia: *aprobada por 56 votos a favor, ningún en contra e 15 abstencións.* (Páx. 48.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan estratéxico de acción voluntaria para o período 2015-2020 e os aspectos que debe recoller: *aprobado por 57 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións.* (Páx. 48.)

### **Interpelación de D<sup>a</sup> María Carmen Gallego Calvar e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego do cumprimento dos dereitos recollidos na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Gallego Calvar (S).* (Páx. 48.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero).* (Páx. 50.)

Réplica da autora: *Sra. Gallego Calvar (S).* (Páx. 52.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero).* (Páx. 54.)

### **Interpelación de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a construción naval civil en Galicia.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG).* (Páx. 55.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 57.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG).* (Páx. 59.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López).* (Páx. 60.)

---

---

**Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a elaboración, os cambios que introduce e os obxectivos que recolle o borrador do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 61.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 64.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE)*. (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 67.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e catro minutos da tarde e retómase ás catro e vinte e catro minutos.*

**Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a información referida aos convenios asinados pola Xunta de Galicia, a través do Igape, coa Confederación de Empresarios de Galicia.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 68.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 69.)

Réplica do autor: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 70.)

**Pregunta de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego para repoñer progresivamente ao profesorado as condicións laborais e profesionais que tiña antes da crise económica.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Docasar Docasar (S)*. (Páx. 71.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad)*. (Páx. 72.)

Réplica do autor: *Sr. Docasar Docasar (S)*. (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad)*. (Páx. 73.)

**Pregunta de D. Román Rodríguez González e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o balance da posta en funcionamento dos centros educativos plurilingües en Galicia.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez González (P)*. (Páx. 74.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad)*. (Páx. 75.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez González (P)*. (Páx. 76.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Vázquez Abad)*. (Páx. 76.)

**Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e sete deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións de carácter estrutural que vai desenvolver o Goberno galego para corraxir a actual situación de regresión demográfica en Galicia.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 77.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE)*. (Páx. 78.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 79.)

---

**Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitarlles ás persoas usuarias do sistema de dependencia a redución das súas prestacións.**

(Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 80.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar (Mato Otero)*. (Páx. 82.)

**Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G.P. Popular da Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da costeira do bonito do norte no ano 2014.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Martínez-Sierra López (P)*. (Páx. 83.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 83.)

Réplica do autor: *Sr. Martínez-Sierra López (P)*. (Páx. 84.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 84.)

**Pregunta de D. Daniel Rodas Chapela e D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto que vai ter na próxima campaña no colectivo de persoas mariscadoras a alta mortalidade do berberecho detectada na ría de Arousa.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodas Chapela (BNG)*. (Páx. 84.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 85.)

Réplica do autor: *Sr. Rodas Chapela (BNG)*. (Páx. 86.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 86.)

*Remata a sesión ás cinco e corenta e tres minutos da tarde.*

---



*Retómase a sesión ás dez da mañá.*

**A señora PRESIDENTA:** Bos días.

Vaian ocupando os seus escanos.

*(Pausa.)*

Ben, bos días de novo.

Reiniciamos entón a sesión co punto 6, de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as consecuencias na sociedade galega das supostas raíces vigorosas do crecemento económico**

**A señora PRESIDENTA:** Para formular a súa pregunta ten a palabra don José Luis Méndez Romeu.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Moitas grazas, señora presidente.

Señor Feijóo, onte acertaron. Por fin comprenderon que non se poden impoñer tutelas reaccionarias ás mulleres nin retroceder nas conquistas sociais nos dereitos consolidados. *(Aplausos.)* Foi necesario un ano de tensión social para que vostedes comprenderan. Un ano no que vostede se ten significado como un dos animadores cos defensores dos impulsores desa norma reaccionaria onte desbotada.

Señor Feijóo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** Silencio.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Están no *Diario de Sesións* as súas verbas, señor Feijóo.

Vostede durante este ano –e esa é a proba– non amosou ningún talante de diálogo, como non o amosa nunca en ningún dos temas que se debaten nesta Cámara. Señor Feijóo, debería de pedir desculpas ás mulleres galegas. *(Aplausos.)*

Acertan cando rectifican. Por tanto, desboten, retiren a LOMCE, unha lei contraria aos intereses da educación espa-

ñola; retiren a reforma xudicial; desistan de tocar a Lei electoral; retiren a reforma local emprendida; e, sobre todo, modifiquen a actual política social e económica, que está fracasando.

Din vostedes que o crecemento ten raíces vigorosas. Supoño que se refire aos máis ricos, dos que sabemos que incrementaron a súa renda nada menos que nun 19 % no último ano. O resto da sociedade galega –asalariados, clases medias, desempregados, pensionistas e estudantes– está hoxe peor que hai un ano coas súas políticas.

Rectifiquen porque fracasan. Nos tres últimos anos o crecemento en Galicia foi negativo, e no que levamos deste ano o crecemento é a metade do que ocorre en España e o consumo é doce veces peor que a media española.

Dicía vostede que Galicia sería a primeira en saír da crise. Non é certo, estamos saíndo notablemente peor que a media do Estado, que, á súa vez, é absolutamente lamentable.

Baixan os ocupados con vostede. Soamente nesta lexislatura 53.000 menos, pois 3.000 contratos indefinidos transformáronse en contratos temporais e 50.000 ocupados simplemente desapareceron.

E baixan os salarios, 60 % de contratos de seis meses, sobre 1 millón de asalariados 300.000 cobran menos do salario mínimo e 150.000 non chegan a 350 euros. E as pensións son as máis baixas de España.

A iso, señor Feijóo, ¿chámalle crecemento vigoroso? *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señoría, vexo que ten vostede nostalxia das sesións de control do Congreso dos Deputados. Probablemente cando vostede era secretario de Estado do señor Zapatero vostede

vía esas sesións de control, aquí estamos a falar doutra cousa.

En todo caso, señoría, como vostede sabe, e as actas deste Parlamento e os medios de comunicación reflícteno con profusión, mantivemos no Partido Popular de Galicia a nosa coherencia sobre o borrador do Proxecto da lei do aborto, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e o señor Gallardón mantivo a súa tomando a decisión que onte fixo pública. Lamentablemente, non podo felicitalo pola coherencia do Partido Socialista na última semana. (*Murmurios.*) En Cataluña votaron si ao dereito a referendo, en Madrid din que non a ese dereito a referendo e no Concello de Barcelona puxéronse na tribuna para non votar nin si nin non. Señoría, iso non é coherencia nin é un mínimo de sentido común. (*Aplausos.*)

Señoría, digo que ten vostede algún tipo de nostalxia sobre determinadas sesións de control porque vostede fala de raíces vigorosas. Imos polo menos completar a frase do presidente do Goberno de España: “*Aquí no hablamos de brotes verdes, aquí hablamos de raíces vigorosas*”. Señoría, foi o que dixo o presidente do Goberno. Porque cando vostedes falaban de brotes verdes en España destruíanse 1.200.000 postos de traballo, agora créanse máis de 270.000. Cando falaban de brotes verdes en Galicia destruíanse 50.000 postos de traballo, agora o paro diminúe en máis de 20.000. Cando falaban de brotes verdes, señoría, as cotizacións á Seguridade Social en Galicia baixaron 50.000 nun ano, agora subiron máis de 10.500. E cando falaban de brotes verdes o produto interior bruto galego baixaba o 3,5 % e agora leva catro meses consecutivamente crescendo.

Por iso, señoría, non pense que vostede debe de tomarse a broma todos os asuntos que afectan os galegos, non é a nosa postura. Señoría, nós estamos preocupados porque aínda vencendo a recesión económica non vencemos a crise. Dixémolo onte, dicímolo hoxe e seguiremolo dicindo namentres haxa 237.000 mulleres e homes en paro. É certo que os 20.000 empregos que creamos xa non están en recesión económica e probablemente tampouco en crise económica. Pero o que si lle digo é que sabemos onde estamos, temos criterio e non imos mudar simplemente para buscar unha frase máis ou menos intelixente.

Señor Méndez Romeu, vostede antes facía frases intelixentes, polo menos traía unha a esta sesión de control.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Réplica do señor Méndez Romeu.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Ten que actualizarse un pouco, señor Feijóo. O Banco Central Europeo: estamos entrando na terceira recesión nos últimos cinco anos.

Señor presidente, vostede realmente está traballando para redistribuír a riqueza, a riqueza estase transferindo dos que menos teñen aos que máis teñen. Vostede si que niso está tendo un comportamento exemplar: empobrecemento dos moitos e enriquecemento dos poucos. Con vostedes a desigualdade está medrando de xeito estratosférico, señor Feijóo, sen precedentes na historia.

Nos programas de protección e asistencia social eliminaron 300 millóns de euros cada ano; acumulados: 4.000 millóns de euros menos. Non é unha frase intelixente, lamentablemente é a dura constatación do que está no orzamento publicado e executado. E vostede sarcasticamente a isto chámalle blindaxe do gasto social, a reducir 4.000 millóns e baixar oito puntos. É como a loita contra o desemprego, onde retiraron 640 millóns de euros. E sobre seguridade social compare as cifras de hoxe coas cifras do día que vostede chegou á presidencia.

Lamentablemente, só medra a pobreza. Un recente estudo dun organismo estatal dinos que a situación social en Galicia, a situación da atención aos problemas sociais en Galicia, é irrelevante; así é como a cualifican os profesionais do Estado.

Señor Feijóo, soamente medra a pobreza. 250.000 familias, unha de cada catro, están en risco de pobreza ou en risco de exclusión; e a súa resposta é 14 euros por habitante. Aquí ao lado, en Asturias, cunha situación relativamente mellor, dedican 42, o triplo nada menos.

Temos neste momento 120.000 persoas desempregadas que non reciben prestación, nin axuda, nin asistencia, nin futuro. Señor presidente, ¿de que me fala vostede sobre as raíces vigorosas do futuro?

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** E, por certo, hai 7.000 persoas na risga. Aí si que medra a atención, porque a situación é desesperada; a risga, o último recurso. E vostedes nin son quen a poñela ao día e hai persoas agardando en lista de espera dende hai un ano.

¿É consciente da crise demográfica que se está producindo con vostede?, ¿que con vostede desapareceu o 17 % das persoas mozas de Galicia?...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor, señor Méndez Romeu.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** ...¿que hai 118.000 mozos menos en Galicia? ¿Cal é o futuro deste país? ¿Que lle ofrece a esa xeración de persoas novas?, ¿ou emigrar ou traballar pola metade do salario mínimo?

Señor presidente, ¿de verdade fala vostede seriamente de raíces vigorosas do crecemento? *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, os españois saben que cando vostede tiña grandes cargos no Goberno de Madrid, vostedes eliminaron o imposto do patrimonio. Cando vostede tiña grandes cargos no Goberno de Madrid, vostedes deron unha dedución de 400 euros para todos os españois, con independencia de que fora un banqueiro ou un parado. En consecuencia, ¿de que me está falando na distribución da riqueza? ¿Acórdase vostede daquelas frases magníficas de que baixar impostos era de esquerdas? Señor Méndez Romeu, un pouco de memoria, un pouco de coherencia e un pouco de respecto por Galicia, polos galegos e pola política. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Señoría, cando me di vostede que non facemos e non temos interese pola política social, na porcentaxe de presupostos da que dispoñemos nunca utilizamos tanto para política social. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En plena crise económica, señoría, incrementamos un 69 % as prazas das escolas infantís. En plena crise económica incrementamos un 220 % as prazas dos maiores en centros de día.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* En plena crise económica, señoría, incrementamos un 54 % as prazas de formación profesional. E en plena crise económica estamos remodelando, ampliando e construíndo máis hospitais que nunca. *(Murmurios.)*

Señoría, cando me fala vostede da pobreza, ¿a que pobreza se refire?, ¿á porcentaxe de pobreza que estaba durante o bipartito en Galicia, o 18,6 %; agora, o 17,2 %? Señoría, son os datos do Instituto Nacional de Estatística, supoño que os aceptará.

*(A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** Señora Gallego.

*(A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Gallego, ten unha chamada á orde. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, é certo que vostede nunca vai aceptar que estamos iniciando timidamente a recuperación, porque o seu partido formalmente nunca aceptou que houbera crise; simplemente a eliminaron do seu vocabulario, negaron a existencia da crise. E por iso nunca aceptarán que co esforzo de todos estamos intentando deixar atrás non a crise senón a recesión e o perigo de quebra que deixou a España e aos servizos públicos, e estamos iniciando un camiño de débil recuperación.

Señoría, xa sei que non estamos onde aínda temos que chegar, xa sei que non rematamos o curso pero estamos facendo os deberes para rematar ese curso. O que si fixemos todos, toda a sociedade, é abandonar as políticas suicidas que vostede como secretario de Estado e como membro dun Goberno bipartito impulsaron. *(Aplausos.)*

Señoría, nós imos seguir traballando pola competitividade da economía, nós estamos orgullosos da competitividade da economía galega. As nosas exportacións, que é o reflexo da competitividade das nosas empresas, e a nosa balanza comercial nunca estiveron con mellores datos que dende o ano 2009. Todas as balanzas comerciais do 2009, do 2010,

do 2011, do 2012 e do 2013 son favorables a Galicia. (*Murmurios.*) E por iso, señoría, mañá aprobará... (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESIDENTA:** ¡Señor Losada!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...o Goberno da Xunta un plan de exportación, (*Murmurios.*) é dicir, señoría, unha estratexia de internacionalización da empresa galega. Porque aínda que vostedes non crean case en nada nós cremos en Galicia.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego en relación co anuncio do Goberno central do aprazamento do sistema de financiamento autonómico**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra para formular a pregunta o señor Jorquera Caselas.

**O señor JORQUERA CASELAS:** Grazas, señora presidenta.

Señor Feijóo, bos días.

¿O seu Goberno ten algunha proposta en materia de financiamento autonómico?, ¿está de acordo en que se aprace a revisión do sistema? Conteste a estas preguntas, señor Feijóo. Mire, para que vexa que son educado até estou disposto a pedirlllo por favor. Porque aínda non coñecemos a súa opinión, e iso que a vostede iso de opinar parece que lle gusta porque vostede opinar opina. Nos últimos días opinou sobre Escocia e Cataluña –e parécenos moi ben, aínda que discrepemos abertamente das súas opinións–. Dedicouse tamén a expedir certificados de calidade. Falou da baixa calidade deste Parlamento; loou, en cambio, a gran calidade do novo portavoz do Partido Popular en Galicia. Nun acto en Baños de Molgas insistiu de novo en culpar a oposición de baixar o nivel da política en Galiza. Se non me confundo, foi no mesmo acto no que o alcalde do Partido Popular dese concello dixo que lamentaba que o señor Baltar estea condenado por crear postos de traballo. Debe de ser iso o que marca o nivel da política en Galiza, ese tipo de afirmacións. (*Aplausos.*)

Opinar vostede opina moito, pero seguimos sen escoitar a súa opinión sobre unha cuestión chave para o país, sobre unha cuestión esencial para as persoas, señor Feijóo. Porque, mire, do sistema de financiamento depende o financiamento do noso ensino, da nosa sanidade, dos nosos servizos sociais, deses servizos públicos que vostedes seguen recorrendo dicindo que non se pode gastar o que non se ten. E, en cambio, nin concreta as súas propostas en materia de financiamento autonómico nin opina a respecto da decisión do Goberno central de adiar a revisión do sistema.

E, mire, segundo datos do seu propio Goberno, os recursos de Galiza con cargo ao sistema de financiamento autonómico serán en 2015 de 6.112 millóns de euros; é dicir, 1.327 millóns de euros menos que en 2008. E isto é debido sobre todo á reforma do sistema aprobada no ano 2009, que resultou claramente prexudicial para Galiza.

Mire, como gusta tanto de lembrar os tempos en que eu era ministro en Madrid, lémbrolle que aquela reforma contou no Congreso dos Deputados só co voto en contra de dous deputados galegos, os deputados do BNG. E vostedes, o seu Goberno, asinaron aquela reforma, e agora que toca revisala, agora que o Goberno central adía a súa revisión, ¿vostede non ten nada que dicir?

Mire, a vostede gústalle moito falar tamén do que pasa noutras comunidades autónomas. Pois hai outras comunidades autónomas...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor JORQUERA CASELAS:** ...que anunciaron incluso que recorrerán ante os tribunais contra esta decisión. E a Xunta, ¿que vai facer? Conteste, por favor. ¿Que opina o Goberno da Xunta do adiamento da reforma do sistema de financiamento autonómico? (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Jorquera.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días, señor Jorquera.

Non só lle contesto por favor, senón que lle contesto con moito gusto.

Señor Jorquera, di que eu teño opinión sobre algunhas cuestións. Creo que é a miña obriga ter opinión, e ter opinión e defendela con argumentos, incluso ás veces con vehemencia. Señoría, eu teño opinión sobre qué é prexudicial para Galicia. Por exemplo, ir en coalición con Esquerra Republicana de Cataluña desde o punto de vista do financiamento da Comunidade Autónoma. Esa é a miña opinión. Como é natural, non é a súa. Eu respecto a súa, e estou convencido de que vostede –aínda que formalmente non o sei– no fondo respecta a miña.

Vostede sabe igual ca min, señoría, que nós non estabamos de acordo co sistema de financiamento do Partido Socialista. Vostede sábeo exactamente igual ca min porque as hemerotecas así o poden atestiguar. Non estivemos en ningún caso de acordo cun pacto feito polos socialistas de Madrid cos socialistas de Cataluña, con Esquerra Republicana de Cataluña e con Izquierda Unida de Cataluña, porque prexudicaba a Galicia, porque se rompía un acordo de financiamento das comunidades autónomas e porque se rachaba nada máis e nada menos que un acordo achegado por consenso no ano 2001. Hoxe, en consecuencia, non mudei de opinión, sigo pensando que ese sistema de financiamento non é bo para Galicia nin é bo para España.

Galicia non tivo máis remedio, señoría, que entrar no novo modelo de financiamento porque, ademais, nos ameazaban con que, se non entrabamos, as comunidades que estabamos en contra teríamos que devolver de súpeto todo o diñeiro presupostado e non liquidado dos anos 2008 e 2009, nada máis e nada menos que 1.600 millóns de euros que había que devolver á facenda do Estado por enganar dobremente as comunidades autónomas, primeiro dicindo que lles ía dar un diñeiro e despois dicindo que, como non se recadara, o tiñan que devolver.

Señoría, en consecuencia, actuamos de forma responsable antes, agora, e seguiremolo facendo. Por iso nós o que estamos é facendo os deberes para acreditar que as nosas posturas están fundamentadas en criterios obxectivos. Señoría, nós temos unha poboación maior de 65 anos do 23,5 %. A media de España é do 18,1 %, é dicir, cinco puntos máis que a media de España. Nós temos un facultativo de aten-

ción primaria por cada quince entidades singulares de poboación, e en España por cada dúas. Se cruzamos o avellentamento da poboación e a dispersión da poboación podemos acreditar que a sanidade en Galicia ten un sobrecusto de 500 millóns de euros. Señoría, no ámbito da educación, o transporte escolar en Galicia é catro veces máis caro que no resto de España. A media por alumno no que investimos en transporte escolar son 1.350 euros por alumno. Hai rutas por alumno que custan 4.277 euros por alumno.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** E o número de profesores e de centros escolares en Galicia é o 8 %, cando temos o 6 % de alumnado.

Señoría, todos estes datos están no Ministerio de Facenda. Non é necesario que vostede me pregunte se traballo ou non. Agradézolle que mo pregunte para acreditar que si o fago.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Ten a palabra, para a réplica, o señor Jorquera Caselas.

**O señor JORQUERA CASELAS:** Grazas, señora presidenta.

Señor Feijóo, a pregunta é: ¿que opina vostede do adiamento da reforma do sistema de financiamento autonómico anunciada polo Goberno central? Porque non sei se é consciente de que de novo non contestou esta pregunta. Vostede critica a posición catalá, pero o problema do noso país é que non hai unha posición galega. Porque nunha cuestión clave para Galiza o Goberno da Xunta de Galiza está ausente. Ese é o problema, señor Feijóo. Polo tanto, conteste esa pregunta, á pregunta que lle formulamos.

¿Vostede non insiste tanto en que hai que cumprir a lei? Porque, mire, a disposición adicional sétima da LOFCA di claramente que cada cinco anos hai que revisar o sistema de financiamento autonómico, e os cinco anos cúmprense en decembro de 2014 –este ano, señor Feijóo–. ¿Non dicía vostede que ningún goberno está por enriba da lei? Pois o Goberno español está incumprindo a lei e vostede cala e

outorga, señor Feijóo, vostede acéptao. Non só o acepta senón que acepta tamén o argumento do señor Montoro, que di que *“con la crisis es imposible que el Estado ponga más dinero a las autonomías”*.

E mire tamén o que di Montoro. Mire: *“Montoro dice que España ya se puede permitir el lujo de bajar impuestos”*. E eu digo: ¿en que quedamos? ¿Non hai cartos para revisar o sistema de financiamento pero si hai cartos para rebai-xar os impostos aos ricos? ¿Si que se pode, en cambio, facer unha reforma fiscal inxusta, centralista e que vai rebai-xar aínda máis as achegas á Comunidade Autónoma? ¿Non hai cartos para revisar o sistema de financiamento autonómico pero si para que o Goberno central autorice un crédito ao Ministerio de Defensa de 914 millóns de euros para armamento? Para revisar o sistema de financiamento non hai cartos, pero si para que o Goberno central libere 4.600 millóns de euros para rescatar as autovías madrileñas, 4.600 millóns de euros, señor Feijóo, a metade do orzamento da Xunta.

Mire, señor Feijóo, hai silencios que son un clamor. Vostede segue ausente e nas súas opinións vertidas nos últimos días –e xa conclúo, señora presidenta– houbo unha, en particular, que me chamou sobre todo a atención. Cito textualmente: *“A marca España ten en Galicia unha comunidade cómplice”*. Efectivamente, ten razón, a marca España na versión máis rancia e máis cutre, na versión inxusta e centralista do señor Montoro.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, señor Jorquera, por favor.

**O señor JORQUERA CASELAS:** E o cómplice volve ser vostede, señor Feijóo, a custa de sacrificar os intereses deste país. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra para a réplica o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor Jorquera, eu declárome cómplice, efectivamente, porque son galego e, en consecuencia, español; e teño que ser cómplice de ser galego e de ser español. Supoño que vostede tamén o é. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero o que si lle digo é que eu non teño ningún problema en dicir que son español, porque son galego.

Señoría, cando vostede me fala do adiantamento ou non do sistema de financiamento, mire, no anterior sistema –que xa concretamos como se formou, vostede sábeo igual ca min: pacto entre os socialistas, Goberno de España, socialistas de Cataluña, Izquierda Unida de Cataluña e os Independentistas de Cataluña–, non só o Partido Socialista con este modelo incumpriu o seu propio sistema senón que ademais os recursos percibidos non se corresponderon co realmente asignado. Agora, o Goberno actual o que está, polo menos, é a aliviar a situación do sistema anterior. ¿Por que? Porque tiñamos que devolver durante cinco anos case 2.000 millóns de euros. Pactamos que se devolverse en dez, e na última proposta feita dende Galicia conseguimos que se devolverse en vinte. É dicir, tan só con esa medida aforramos 150 millóns de euros.

Vostede sabe igual ca min, señoría, que os sistemas de financiamento se pactan e se propoñen en momentos de bonanza económica, cando hai ingresos. No ano 2001, de cando era o modelo que tiñamos, pactouse no momento en que se incrementaban os ingresos do Estado, para poder repartir, en consecuencia, eses ingresos entre todos os que conformamos o Estado. Por suposto, señoría, que neste momento, se vostede ve os presupostos do Estado, tan só o que destinamos a prestacións por desemprego é superior ao presuposto completo dos catro ministerios por excelencia estatais: o Ministerio de Exteriores, o Ministerio do Interior, o Ministerio de Defensa e o Ministerio de Xustiza.

Por iso, señoría, agora o que propoñen os insolidarios, os independentistas, é esas burdas balanzas fiscais, que non deixan de ser unha foto nun momento concreto. ¿Por que non facemos a balanza fiscal dende os anos 60, señor Jorquera? ¿Por que vostede e eu non lles dicimos aos cataláns que fagamos a balanza fiscal desde os anos 60? *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** Señora Pontón.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, as balanzas fiscais non cambian nada, os servizos públicos e as persoas seguen tendo as mesmas necesidades, con independencia do que digan as balanzas fiscais nun momento axeitado.

Señoría, España non é unha suma de territorios nin de cidadáns, aquí non se financian territorios, aquí non se finan-

cian hectáreas. Aquí fináncianse homes e mulleres galegos que teñen o mesmo dereito que os homes e as mulleres doutras comunidades autónomas. *(Aplausos.)*

Señoría, o que nós plantexamos é moi claro: unha coalición entre os intereses de Galicia simplemente non para pedir máis, para pedir o que nos corresponda. Por iso, na miña opinión, a súa coalición –de boa fe, sen dúbida– entre os independentistas cataláns...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e Galicia ás veces é incompatible. Señor Jorquera, eu sei que vostede está con este Parlamento. Agora, ao estar con este Parlamento é moi difícil poder estar tamén co Parlament catalán.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a incidencia do endebedamento no desenvolvemento do sistema de protección social de Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra para formular a súa pregunta a señora Díaz Pérez.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Bos días, señora presidenta.

Bos días, señor Feijóo.

Como ben sabe vostede, acaban de publicarse os datos de débeda do noso país do segundo trimestre por parte do Banco de España. E como supoño que coñece, señor Feijóo, vostede gañou un título: é o presidente dos 10.000 millóns de euros. Esta é a herdanza que vostede nos vai deixar e vai ser a herdanza que non imos ser quen de pagar. Vostede, que é o presidente da austeridade, vostede, que é o presidente que non gasta por enriba do que ten, vostede, que é o presidente que axustou as contas públicas, ese mesmo presidente foi quen en tan só cinco anos –no quinquenio Feijóo– de contraer unha débeda por enriba dos 10.000 millóns de euros. Unha débeda que nos sitúa por enriba do 17 % do PIB, señor Feijóo.

Pero, ademais, o máis grave, señor Feijóo, é que en tan só cinco anos vostede é responsable, como presidente da

Xunta de Galicia, de endebedarnos en 6.000 millóns de euros. No acumulado histórico do noso país, nos vinte e sete anos de autonomía, catro presidentes, no acumulado, chegaron a acadar unha débeda de 3.900 millóns de euros en vinte e sete anos. Vostede en cinco anos acadou unha débeda de 6.000 millóns de euros. ¿Sabe canto é iso, señor Feijóo? Un billón de pesetas, señor Feijóo. En sesenta meses de goberno vostede endebeda o noso país en nada máis e nada menos que un billón de pesetas. Vostede nega, por exemplo –por pór un exemplo–, a construción do dique flotante á comarca de Ferrolterra. ¿Sabe cantos diques flotantes podería vostede ter construído con esta débeda? Cincuenta diques flotantes, señor Feijóo, 50 diques flotantes.

E o máis grave, señor Feijóo, é que nos preguntamos: ¿para que se endebedou vostede?, ¿para que se endebedou? Porque o único certo, señor Feijóo, é que vostede ten razón cando nos contesta todos os días na sesión de control que vostede paga as nóminas e paga aos provedores. Iso é certo, pero o único certo é que vostede se está a endebedar para pagar gasto corrente. E, señor Feijóo e señor Puy –que está moi nervioso e que lle gusta moito a escola de Chicago–, na escola de Chicago, e cos seus idearios neoliberais, vostede na empresa privada estaría despedido, señor Feijóo, autenticamente despedido, porque se hai un pecado capital na boa xestión é xustamente endebedarse para pagar gasto corrente, señor Feijóo, e isto é o que vostede está a facer.

Tamén nos gustaría saber, señor Feijóo, por que vostede no primeiro trimestre deste exercicio...

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** ...acadou o nivel máximo de endebedamento previsto no orzamento para este ano da Xunta de Galicia; exactamente endebedouse en 897 millóns de euros.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Gustaríanos saber para que, señor Feijóo, porque nesa viaxe namentres os galegos e as galegas estamos a pagar intereses.

Señor Feijóo, ¿para que se endebeda vostede? Deixe de facerlle favores á gran banca, deixe de comprometer o noso país. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Díaz.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señoría.

Agradézolle moito a pregunta, sobre todo a explicación.

Señoría, no pleno pasado vostedes me plantexábanme cal era a nosa política de recursos sobre servizos públicos: evitar a quebra de servizos públicos en época de recesión económica. E para iso, señoría, a política de endebedamento non é unha opción, é unha inevitable solución. Por iso me sorprende –aínda que ás veces xa case non teño capacidade de sorprendeme– que vostede agora me diga que gastamos moito, pero que deberíamos de gastar máis, e que deberíamos, gastando máis, deber menos. Iso, certamente, é un pouco complicado, pero, en fin, benvida, señoría, á súa preocupación polo déficit público (*Murmurios.*) porque, se incrementamos o déficit, inevitablemente temos que incrementar a débeda e, se gastamos máis, indubidablemente temos que endebedarnos máis. Non se pode criticar a débeda e defender o déficit, pero, como é natural, esta explicación que vostede dá aquí seguro que formará parte doutros debates noutros lugares.

Mire, señoría, sobre a débeda en Galicia –que me preocupa, efectivamente–, a ratio de débeda/PIB é case cinco puntos inferior que no resto das comunidades autónomas, exactamente 4,9 puntos. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) A débeda pública total da Administración pública autonómica...

**A señora PRESIDENTA:** Señora Pontón.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...e dos servizos é o sector público empresarial, case cinco puntos por debaixo das comunidades autónomas.

Segundo dato. Galicia é a segunda comunidade autónoma que menos se endebedou en toda a recesión nos últimos cinco anos; a segunda, a segunda, señoría. Madrid e Galicia, as dúas que menos se endebedaron en termos absolutos. E a terceira que menos se endebedou en termos de PIB: Madrid, Canarias e Galicia. ¿De que se nos acusa, señoría? ¿De que

se nos acusa exactamente? Señoría, a débeda en Andalucía incrementouse un 226 %, (*Aplausos.*), en Asturias, un 341 %. Dígoo por saber se vostede ten criterio.

Mire, señoría, nós imos seguir traballando, cumprindo o déficit público, controlando as débedas e pagando, si, pagando, señoría, pagando ás xentes que traballan nos servizos públicos e pagando a todos os que traballan para a Xunta de Galicia para que Galicia non sexa unha comunidade que ten que acudir ao Fondo de Liquidez. ¿Sabe por que? Porque non lle prestan en ningún lugar, ¿e sabe por que? Porque non se fían do seu Goberno e das súas políticas presupostarias.

Señoría, tres de cada catro euros destinámoslos a servizos públicos. Dime vostede para que necesitamos o diñeiro. Para crear 7.000 novas prazas de servizos sociais, para facer hospitais públicos, centros de saúde e rebaixar as listas de espera das patoloxías graves, e, en definitiva, para ter contentos os que cremos realmente...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...nos servizos públicos sen facer demagogia e saber que (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) somos capaces de, co diñeiro que temos, chegar a fin de mes.

Señoría, a súa comunidade, a miña comunidade, a comunidade galega, é a segunda que menos se endebedou durante toda a recesión económica. Señoría, somos os únicos que non acudimos ao Fondo de Liquidez Autonómica; é dicir, os únicos que non necesitamos diñeiro do Estado para chegar a fin de mes. Debería de estar orgullosa do esforzo da sociedade galega.

Moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Ten a palabra a señora Díaz Pérez.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Señor Feijóo, ¿sabe canto incrementou vostede só a débeda en cinco anos dende que goberna o noso país? Un 150 %. Señor Feijóo, non nos fale de Andalucía.



En segundo lugar, señor Feijóo, deixe de falsear a realidade. Estes son os datos do Banco de España, e efectivamente Galicia é a quinta máis endebedada dende que vostede goberna, porque lle volvo lembrar que cando vostede chega esta non era a situación que tiña o noso país. Estoulle a preguntar, señor Feijóo, para que se está a endebedar vostede, porque non se endebeda para investir en obra pública, non se endebeda para crear –como está a dicir– hospitais públicos, non se endebeda para mellorar as nosas infraestruturas. É mentira, e estano a dicir...

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** ...todos os días os empresarios e os informes públicos: gasto público, inversión pública en Galicia, cero patatero, señor Feijóo.

E o máis grave é que no catón dos economistas –o señor Puy está moi alporizado; señor Puy, escola de Chicago, vólvelle dicir– é pecado capital pagar nóminas e a provedores con débeda pública. (*Murmurios.*) Un endebedase para facer xustamente inversión, e o resto sería motivo de despido, señor Feijóo. Vostede na empresa privada non duraba un segundo.

A herdanza que lle vai deixar a este país...

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor. Silencio.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** ...é que non imos ter futuro, señor Feijóo. É o presidente dos 10.000 millóns de euros de débeda, a razón de 10 millóns de euros diarios, señor Feijóo, que iso é o que está a facer vostede.

Mire, respecto do FLA, fale con Montoro, vólvollo lembrar. Díxolle clariño o señor Montoro que por non ter entrado Galicia no FLA o custo é ter que pagar 200 millóns de euros máis, pola soberbia do Partido Popular de poñer a camiseta e de dicir que Galicia é solvente. Galicia, señor Feijóo, non é solvente...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** ...porque ten unha capacidade menor para pagar a débeda. Reduciú o orzamento nun 20 %, en 8.000 millóns de euros, como estamos, e temos unha débeda por enriba dos 10.000 millóns de euros.

Esta é a súa herdanza, señor Feijóo.

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Gustaríanos saber –insisto– para que se está a endebedar vostede. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, é a primeira vez que un deputado de Esquerda Unida me di que se estivera nunha empresa privada me botarían. Sempre me di que traballo para as empresas privadas e agora dime que me botarían as empresas privadas. (*Risos.*) (*Aplausos.*) É, cando menos, sorprendente, señoría, ¡sorprendente! Si, señoría, si.

Pero, en fin, sorprendente é isto –que conste no *Diario de Sesións*–, todas as súas explicacións, que eu lerei e relerei porque non son capaz de crelas. (*Risos.*)

Mire, señoría, cando me di que a débeda se incrementou un 150 %, é certo. En Madrid, un 137 %, e en Galicia, un 150 %, as dúas que menos se incrementaron. A media das comunidades autónomas é dun 209 %. En Andalucía, un 226 % e en Asturias, un 341 %. En cinco anos, señoría, exactamente somos a segunda comunidade autónoma onde menos se incrementou a débeda de España. É certo, señoría, algún dato de vez en cando lle escapa e é certo. (*Risos.*)

Mire, sobre a porcentaxe de débeda pública que me atopei, era por riba da media das comunidades autónomas; en Galicia, o 6,8 % (*Murmurios.*) e en España, o 6,7 %.

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Agora estamos cinco puntos por debaixo das comunidades autónomas en sector público empresarial, e por iso, señoría, somos a segunda comunidade autónoma en que menos se incrementou a débeda en termos absolutos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, señoría, non só me atopei cunha débeda por riba da media das comunidades autónomas, senón que me atopei

con outra débeda de 3.000 millóns de euros: 800 de débeda bancaria e 2.200 de liquidacións negativas; é dicir, do que gastou o bipartito, pero que non tiña ingresos para gastalo. E agora estámolo pagando a razón de 400 millóns na época do Partido Socialista e agora a metade, porque negociamos con Madrid.

Dime vostede que está en contra da débeda pública. Señoría, ¿acórdase vostede da emenda onde plantexaban un incremento de 250 millóns de euros de débeda pública? (*Protestas.*)

**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Esta é a emenda de Izquierda Unida aos últimos presu-  
postos presentados da Xunta de Galicia.

En consecuencia, ¿de que me está falando agora? ¿Vostede está a favor dos servizos públicos ou en contra? ¿Está a favor de esgotar a capacidade de endebedamento para o financiamento e a garantía dos servizos públicos ou en contra?

Señoría, parece que lle molesta que lle paguemos á xente; é o mínimo que se pode facer dende unha administración pública. Nas empresas privadas tamén lle pagan á xente. Deberían, señoría; dende logo, no sector público pagámoslle á xente. A media de pagos no último ano foi de 26,8 días, e este ano estamos pagando a unha media de 20 días.

Mire, señoría, preguntame en que gastamos a débeda pública: en 31 centros educativos, en 36 centros de saúde e en varios hospitais, en 23 centros de día, en 72 escolas infantís...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...en 147 quilómetros de vías de alta capacidade, na depuradora de Vigo, no saneamento de Ferrol, en 36 depuradoras en Galicia...

Mire, señoría, eu comprendo que vostede pode dicir o que lle cadra. Nós temos que cadrar as contas. Vostede di o que lle cadra, nós cadramos as contas.

Mire, Galicia paga o que debe e fai o que debe.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas.

Continuamos co desenvolvemento da orde do día, co punto catro, de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que se amplíe a protección por desemprego no seu nivel asistencial, así como para que se implemente un plan de emprego específico para as persoas en desemprego de longa duración**

**A señora PRESIDENTA:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra dona Carmen Gallego Calvar, do Grupo Parlamentario Socialista.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados.

O Grupo Parlamentario Socialista trae hoxe a este pleno unha iniciativa na que trasladamos peticións tanto ao Goberno central como ao Goberno da Xunta de Galicia. Imos falar aquí da verdade e dos datos, porque di Antonio Machado en Juan de Mairena que *“la verdad es la verdad, dígala Agamenón o su porquero”*. Entón, a ver se citando a Antonio Machado, somos capaces de que o presidente da Xunta de Galicia en cada sesión de control poida dicir algunha verdade e non inventar un país que non existe, e o que é peor de todo, trasladar ao conxunto da cidadanía que poida escoitar estes debates que o presidente está, dende logo, moi lonxe do sufrimento e dos problemas que ten o conxunto da cidadanía.

Nós vimos falar hoxe deses problemas, dos problemas que teñen as persoas que non teñen emprego e que non teñen ningunha prestación; persoas que están na desesperación, persoas que teñen familia; persoas que teñen cargas familia-

res; persoas que cada día saen a buscar emprego e non o atopan, que se están desesperando, que xa deixan incluso de ir ás oficinas de emprego porque xa non confían nin tan sequera nas oficinas de emprego para poder intentar insertarse laboralmente; persoas que levan en desemprego máis dun ano; mulleres vítimas da violencia machista; persoas cunha minusvalía recoñecida dun grao igual ou superior ao 33 %; e persoas paradas maiores de 45 anos que esgotasen a renda activa de inserción.

O que propoñemos os socialistas nesta iniciativa que estamos trasladando a todos os parlamentos autonómicos e que tamén a trasladamos ao Goberno de España é crear un subsidio por seis meses que sexa prorrogable namentres a persoa se atope en situación de desemprego e que se mantéña no tempo ata que academos unha taxa de desemprego por debaixo do 15 % no conxunto do Estado. Propoñemos un subsidio que teña unha contía do 80 % do IPREM mensual –vixente en cada momento, evidentemente–, que sempre se pague a contía total, aínda que o desemprego sexa causado por un contrato parcial e que se incremente en función das responsabilidades familiares, con independencia da idade das persoas a cargo, que se hai menores a cargo teña un incremento de 100 euros por menor e por mes e que non compute en negativo para poder acceder a este subsidio ter percibido anteriormente algunha prestación contributiva ou asistencial.

Isto é o que lle pedimos ao Goberno de España; en definitiva, axudar a aquelas persoas que están hoxe na desesperación e en risco da pobreza e da exclusión social para que teñan cando menos unha renda mínima, un subsidio que lles axude tamén a manter un nivel de vida mínimo para poder seguir buscando emprego.

¿E que lle pedimos ao Goberno de Galicia? Que traballe no que ten competencias, nas políticas activas de emprego; aquelas que o señor Feijóo negou durante tantos anos. O Goberno de Galicia, a Comunidade Autónoma, ten competencias en materia de políticas activas de emprego. ¿E como se ten que comprometer? Pois desenvolvendo esas competencias, poñendo en marcha un plan específico de apoio para as persoas paradas de longa duración e, sobre todo, dotando os servizos públicos de emprego da Comunidade Autónoma de máis recursos humanos e materiais para que cada persoa desempregada de longa duración poida acceder a un itinerario

de inserción laboral específico e individualizado. Desgraciadamente, o Goberno da Xunta de Galicia neste caso se ten destacado por todo o contrario. Entendemos os socialistas que sería necesario neste momento contratar 200 persoas para esa área do servizo público de emprego para poder atender cunha mínima ratio de calidade as persoas desempregadas.

Esta proposta facémola porque a situación actual é altamente preocupante. Pese a que o señor Feijóo en cada sesión de control nos debuxa un país que está ben lonxe da realidade, na política orzamentaria da Xunta de Galicia dende o ano 2009 o Goberno do señor Feijóo reduciu a partida de promoción de emprego en 421 millóns de euros. Mentres sucedía isto, mentres se reducía a 421 millóns de euros para as políticas en promoción de emprego, o paro aumentou en Galicia dende que goberna o señor Feijóo un 74,74 %; por certo, un 86 % máis que no conxunto do Estado. Hai en Galicia –a pesar de que non queira escoitalo o señor presidente– 177.000 persoas ocupadas menos desde que o señor Feijóo é presidente da Xunta e hai 93.700 fogares nos que todos os seus membros están en paro, un 109 % máis desde o ano 2009, desde que o señor Feijóo chegou á presidencia da Xunta de Galicia.

¿Baixou o paro no segundo trimestre segundo a EPA en Galicia? Si, un 4,25 %, pero baixou bastante máis no conxunto do Estado. Galicia tivo un descenso de paro dun 19 % menos que o conxunto do Estado. Temos neste momento 284.300 persoas paradas.

Taxa de protección, é dicir, ¿cantas persoas hai hoxe en Galicia no paro que non teñen ningún tipo de cobertura? 190.000 persoas paradas que non perciben ningunha prestación; soamente 1 de cada 3 parados perciben prestacións, un 33 % menos que hai un ano. Se falamos de mulleres, a taxa de protección é doce puntos inferior á dos homes, e, se falamos da xente moza, é a menor taxa de protección. Para os menores de 30 anos só 1 de cada 8 percibe algún tipo de prestación; é dicir, temos hoxe, ademais dos mozos e mozas que tiveron que marchar porque aquí non teñen oportunidades de emprego, 65.000 mozos e mozas que estiveron traballando e que agora non teñen ningún tipo de prestación. ¿Maiores de 45 anos? Pois temos unha taxa de protección só para 1 de cada 2. Neste último ano para este colectivo en especial diminuíu catro puntos, e as mulleres maiores de 45

anos teñen unha taxa de protección vinte e cinco puntos inferior á dos homes.

Esta é a situación que temos en Galicia, e por iso é máis importante ca nunca que o conxunto das forzas parlamentarias, e sobre todo o Partido Popular –a forza que apoia o Goberno da Xunta de Galicia–, se comprometa a mandar unha mensaxe ás persoas desempregadas que non teñen ningunha prestación desde aquí, que é: non estades sós na loita por atopar un emprego, tedes do voso lado o Parlamento de Galicia. E esperemos que así teñan do seu lado tamén ao Goberno de Galicia.

Porque esta situación non é só produto da crise económica –evidentemente, a crise económica destruíu postos de traballo–; esta situación tamén é produto das políticas iniciadas tanto polo Goberno do señor Feijóo como polo Goberno do señor Rajoy. Esta situación ten que ver coa reforma laboral; unha reforma laboral que precarizou o emprego, que devaluou os salarios, que desprotexeu os traballadores e traballadoras que hoxe están sen a protección dos convenios colectivos. Esta situación é froito da conxelación por primeira vez na historia democrática de España do salario mínimo interprofesional, de endurecer o acceso ao subsidio de desemprego para as persoas maiores de 55 anos, de recortar tanto a duración como a contía das prestacións por desemprego e de recortar o acceso ao Plan Prepara; aquel Plan Prepara que quixeron os señores do Partido Popular retirar e que ao final tiveron que manter, pero, iso si, mantéñeno con menos prestacións do que tiña o anterior Plan Prepara.

E esta situación non ten, a xuízo non só do Grupo Socialista senón doutros actores internacionais, visos de mellorar, porque, miren, digan o que digan e diga o que diga o señor Feijóo nas sesións de control, a verdade é que desde que o señor Rajoy está no Goberno de España se destruíron máis dun millón de empregos, e a verdade é que a propia Comisión Europea di que cando o señor Rajoy remate esta legislatura deixará en España máis paro do que atopou. Así que hoxe, máis que nunca, é necesario unha mensaxe para as persoas paradas que xa non teñen ningún tipo de prestación, e os grupos políticos que estamos no Parlamento de Galicia –e, dende logo, o Grupo Socialista– estamos preocupados pola súa situación e aportamos solucións para a súa solución. E eu agardo que o Grupo Popular que apoia o Gober-

no do señor Feijóo lle faga ver ao señor Feijóo cal é a realidade do país e apoie esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Moitas grazas, señora Gallego.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día a todos e a todas.

Efectivamente, o tema que aborda esta iniciativa que presenta o Partido Socialista é dos máis graves que afronta a sociedade galega, como é o desemprego e a desprotección das persoas que están nesta situación de desemprego. Dende logo, dende o BNG cremos que é preciso abordalo coa crueza coa que viven esta situación as miles de persoas, os miles de galegos e galegas que padecen esta situación. O paro rexistrado arroxa a cifra de 237.939 persoas, pero ben sabemos que eses datos non se corresponden coa realidade, porque aí non están as persoas que se foron xubilando, os inmigrantes que volveron aos seus países, os que volveron estudar, todos os miles de persoas –fundamentalmente mozos e mozas– que tiveron que marchar á emigración ou os que xa dun xeito claro desisten de estar inscritos no desemprego. Co cal, é evidente que esta cifra é moi superior.

As reformas laborais que foron acometendo os gobernos españois arrojan un saldo estremecedor para Galiza. Efectivamente, eu non me vou cansar de repetir que 660.000 persoas en exclusión ou en risco de pobreza non é algo asumible para un país como o galego; que 93.700 fogares con todos os seus membros activos no paro, dende logo, é para alarmarse e tomar medidas; que as 30.000 familias sen ningún tipo de ingreso non é asumible; ou que o emprego xuvenil en cifras por debaixo do 50 %, dende logo, sería para que un goberno se preocupara e sobre todo se ocupara. E nesta situación cada vez hai menos desempregados cobrando algunha prestación contributiva e cada vez hai menos cobrando subsidios. As persoas nesta situación non son exclusivamente números senón que son dramas persoais. Un número de persoas sen cobrar ningunha prestación é escalofriante, non superan o 35 %; efectivamente, só 1 de cada 3 persoas que non ten traballo está cobrando algún tipo de

prestación. E moitas non cobran absolutamente nada porque xa levan tempo que perderon o emprego e que xa remataron incluso o dereito a subsidios, porque non teñen dereito ou porque nunca tiveron emprego ou porque foron obxecto dalgún tipo de contrato deses contratos escravitude que non dan dereito a ter ningún tipo de prestación nin de subsidio. É dicir, que Galiza ten máis paro, máis temporalidade e máis precariedade; a pesar de perder poboación, perder persoas activas, persoas ocupadas e afiliadas á Seguridade Social.

E, neste contexto, lonxe de reforzar os mecanismos de protección a estas persoas, os gobernos españois –coa complicidade evidente e entusiasta do Goberno da Xunta– o que fixeron foi xusto o contrario, desprotexelas cada vez máis. Con medidas que se foron tomando, como fundamentalmente as reformas laborais, a desprotección a estas persoas non fixo máis que medrar. É difícil entender como nun contexto como este os orzamentos para atender estas persoas non fan máis que baixar.

Entón, estamos de acordo en que hai que tomar medidas, estamos de acordo en iniciativas como as que presenta o Partido Socialista, pero non na súa totalidade nin literalidade. Por iso presentamos unha serie de emendas a cuestións que nos parece que hai que modificar. A primeira delas é que na iniciativa se contempla que estes subsidios van destinados a persoas que teñan responsabilidades familiares. Nós cremos que non debe ser exclusivamente isto, que non se poden excluír destes subsidios persoas que non teñan cargas familiares, e que si ten que ser unha cuestión a maiores que hai que priorizar pero non excluír. Por iso solicitamos que se exclúa a cuestión de que estas persoas non se contemplan.

Tamén non entendemos por que se pon o límite do 15 % para este subsidio que se propón. Dende logo, para o BNG non é asumible que aínda que o paro chegue a niveis do 15 % esas persoas, eses miles de galegos e galegas que aínda suporían ese 15 %, non teñan dereito a ese subsidio, cando, por exemplo, na Unión Europea os niveis de desemprego están na metade precisamente dese 15 %. Por iso solicitamos que se elimine ese 15 %. Igual que solicitamos que se eliminen as reformas laborais que son as causantes fundamentais desta situación e fundamentalmente o Decreto 20/2012; un decreto infame que supuxo destrución do emprego, dos servizos públicos, dismantelar as conquistas sociais e que foi un ataque frontal en negociación colectiva. Baixo ese decre-

to permitiuse eliminar as pagas extras aos funcionarios e permitíronse toda unha serie de senrazóns. Cremos que é preciso eliminar estas medidas lexislativas porque as cousas –remato, señor presidente– non pasan porque si, porque se lexisla para que se permita que non pasen.

Igual que solicitamos a axilización dos pagos, porque non é soamente que estean en desprotección senón que cando logo se lles recoñece algún tipo de protección isto tarda moitísimo en ser efectivizado. Ou igual que se tomen medidas destinadas a estas persoas en situación de desemprego para que non perdan as súas vivendas. Pode parecer que é un tema que non encaixa aquí, pero, dende logo, no BNG coidamos que si, que unha das medidas prioritarias é que estas persoas teñan algún tipo de recursos e fundamentalmente que non teñan que ser botadas dos seus fogares.

Agardamos que sexan atendidas estas peticións por parte do grupo propoñente da iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Mixto, señora Iglesias.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Bos días a todas e a todos os que quedades neste hemiciclo. Moitas grazas, señor presidente. Grazas.

A longa exposición de motivos é suficientemente ampla argumentando a necesidade de ampliar a protección por desemprego para as persoas paradas de longa duración, as mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con minusvalías recoñecidas ou parados maiores de 45 anos, que pouco máis hai que engadir, salvo que se estea en contra, que non é o meu caso.

Paréceme especialmente importante o punto segundo, para que se implante axiña un plan de emprego específico para as persoas desempregadas de longa duración. Pero, aínda que este non é o debate, quero recordar que o plan de emprego debería ser urxente para todo o país e axudar especialmente a este colectivo de parados de longa duración, pero tamén á xente nova, con taxas de desemprego enormes

a pesar da sangría incesante de xente nova, sobradamente preparada, cara ao estranxeiro, cun plan de traballo intensivo en investigación, desenvolvemento e novas tecnoloxías. Coido que estamos a exportar máis talento que coches e roupa, e en Europa non acaba de callar o prometido e urxente Plan de emprego xuvenil.

Teño as miñas reticencias coa figura laboral denominada técnicos de emprego, que, nos casos que coñezo, acabaron sendo un coadoiro do clientelismo en concellos e deputacións. Teñan en conta que eu son de Ourense, e esta práctica é en si mesma un xeito endóxico de como se entende a política na provincia que me custa non prexulgar. Pero, dada a taxa de paro que soportamos, ata estou disposta a renunciar aos meus prexuízos se conseguimos reducir esa taxa.

No tocante ao punto primeiro, é indiscutible que o Estado do benestar debe ofrecer protección ás persoas máis vulnerables e garantirles as súas necesidades básicas, pero hoxe e onte, neste Pleno, xa falamos dos desafuzamentos, de educación, falaremos da cultura, agora do traballo, todos dereitos constitucionais que están sendo usurpados a maior gloria do capital privado. E moito temo que o argumento das políticas de austericidio e o control/redución do déficit vai facer que a proposta non prospere. Pola miña banda, vou apoiar esta iniciativa.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.  
Señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Bos días a todos e a todas.

Eu teño que lamentar profundamente que os partidos do réxime estean instalados nas políticas da miseria. E plantéoo porque é certo que o que se trae aquí hoxe mellora un pouco a situación actual, pero estamos a falar dunhas cantidades e unhas solucións que son claramente insuficientes. E se onte tiñamos que ver aquí como falaba de desafuzamentos con ningún problema un deputado do Partido Popular que ten dous apartamentos, unha vivenda, dúas casas –unha delas con xardín, outra con dous parkings– e un local na súa

propia cidade –así é moi fácil falar de desafuzamentos, sabes que a ti non te vai acontecer–, hoxe imos falar aquí de que para solucionar o problema da xente o que plantexamos é un subsidio de apenas 6 meses e dunha contía –insisto– de 425 euros. ¿Alguén dos que está aquí cre que con 425 euros se pode vivir neste país? ¿Alguén dos que está aquí cre que con 425 euros se lle pode dar unha vida digna ao conxunto da xente? Está claro que non.

Polo tanto, nós plantexamos que a solución ao problema actual de miseria deste país non pasa por estas contías que están por baixo do limiar da pobreza. A solución é a renda básica. É dicir, calquera persoa, polo feito de vivir neste país, sexa cal sexa a súa condición, debe percibir unha contía que lle garanta vivir con dignidade, porque, se non, todo o demais é o de sempre, drenar o cartro público para aqueles que xa teñen moito, namentres condenamos á miseria á maioría social deste país.

Pero ademais hai certo oportunismo nas políticas deste tipo que fan dende o réxime. Porque acaba de anunciar o Goberno central que vai poñer enriba da mesa 5.000 millóns de euros para axudar á xente que non ten ningunha prestación. Eses 5.000 millóns de euros son exactamente a mesma cantidade que deixaron de percibir os perceptores do desemprego e do subsidio neste país. Estamos nunha política onde se está destruíndo o sistema de protección social, onde os nosos desempregados cobran cada vez menos cantidade e durante menos tempo, pero resulta que esa cantidade que deixan de percibir os nosos desempregados é a que se vai utilizar para darlles a aqueles que non teñen prestación. Polo tanto, esa protección vana subvencionar os propios desempregados. ¡É absolutamente in-de-cen-te, in-de-cen-te! O que temos que ter é un sistema xusto, porque estamos ante a demolición do sistema de protección social. Hai unha brigada de demolición do Partido Popular que tenta quitarlles todo a aqueles que xa non teñen case nada, e o exemplo é moi evidente, é moi evidente.

A contía media das prestacións de desemprego neste país veuse reducindo durante os últimos dous anos dende os 810 euros aos 761. E precisamente estamos a falar de que en Galicia se gastan cada mes 360 millóns de euros menos en prestacións por culpa das políticas de retroceso do Partido Popular.

Pero non é só iso, non é só iso. Neste país non se persegue aos corruptos, non se lles fai devolver os cartos que roubaron,

pero resulta que se persegue aos desempregados. Aos desempregados deste país colócaselles un carteliño e perséguese, e condénanse a deixar de recibir a prestación simplemente porque se esquezan o se pasen unha cita do Servizo Galego de Colocación, ese mesmo Servizo Galego de Colocación que vostedes dismantelaron. Nas súas propias cifras indícase que menos dun 3 % dos novos contratos se fan a través do Servizo Galego de Colocación, en cambio, se un desempregado se esquece dunha desas citas –que non serven para nada porque non lle dan orientación nin lle conseguen un posto de traballo–, resulta que o que fan é perder a súa prestación. Neste país estamos ante o de sempre: perséguese o común e deixase vivir o corrupto e o que está a defraudar neste país.

Miren vostedes se estamos a dismantelar ese estado que vostedes lles venderon incluso aos autónomos que ían poder cobrar o paro, e apenas un 8 % dos autónomos ten capacidade de cobrar o paro. Soamente o 8 % dos que a solicitou recibiu esta prestación.

Polo tanto, nós cremos que non é momento de medias tintas, é momento de poñer encima da mesa un mecanismo que sirva para sanear a situación das nosas familias, e nós puxémoslle nome e apelidos a ese mecanismo. O mecanismo non é outro –insisto de novo– que a renda básica das iguais, unha renda da cidadanía que deixe claro que a xente neste país ten dereito a vivir dignamente. Nós continuamos denunciando que non é o mesmo vivir que sobrevivir, e neste país a maioría social ten que sobrevivir cuns salarios de miseria e cunhas prestacións claramente insuficientes. Polo tanto, é verdade que mellora minimamente a situación actual, pero é claramente insuficiente, e nós apostamos por outro modelo de prestacións sociais para o conxunto da maioría social deste país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular. Señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente. Bo día a todos.

O certo, señora Gallego, é que non lle vemos ao Partido Socialista ningún atisbo de arrepentimento, non lle vemos ao

Partido Socialista ningún atisbo de autocrítica, non sabemos onde andaban vostedes no ano 2008, 2009, 2010, incluso 2011, onde non se tomaban medidas, e, claro, lamento a súa intervención, porque vostede esquece moitas cousas. Vostede esquece, por exemplo, que foron vostedes os que conxelaron as pensións en España, o primeiro Goberno que o fai; que foron vostedes os que lles reduciron un 5% os salarios aos funcionarios de España; que foron vostedes os que enviaron ao paro a 2 millóns e medio de traballadores; e que foron vostedes, ademais, os que aprobaron unha reforma laboral.

En todo caso, para nós a principal prioridade é a situación de desemprego do noso país. A nosa primeira preocupación son os 4.427.930 desempregados que ten no día de hoxe España; e 2,2 millóns deses traballadores perderon o seu emprego con vostedes. Hoxe podemos dicir que, grazas ás políticas do Partido Popular, a economía comeza a repuntar. E non o di soamente o Partido Popular, tamén o recoñecen nun documento do que logo falarei Comisións Obreiras e UXT. E grazas a ese repunte da economía nós podemos dicir que hoxe hai 270.000 desempregados menos e que hoxe hai 321.000 afiliados máis á Seguridade Social.

Isto significa que ano tras ano a situación comeza a variar. Isto significa que, cos datos do desemprego, entre todos os españois soportamos os 90.000 millóns que se destinan á cobertura de subsidios de desemprego nos últimos tres anos. Esta é a consecuencia evidente dunha crise intensa e extensa, unha crise que se prolonga dende hai 6 anos. A esta cifra o Goberno estatal reaccionou anunciando a ampliación da prórroga do Plan Prepara –como vostedes saben–, para aqueles desempregados que esgoten a súa protección por desemprego; unha prórroga que o Goberno de Mariano Rajoy se comprometeu a manter mentres os niveis de paro estean por riba do 20 % de taxa EPA.

Ademais, o Goberno central está traballando na creación dunha axuda para parados de longa duración sen recursos; unha decisión que o Goberno de Rajoy pactou coa patronal e cos sindicatos maioritarios, con Comisións Obreiras e con UXT –do que vostede, por certo, non falou–, o pasado 29 de xullo. Este é o acordo asinado polo Goberno de España o pasado 29 de xullo, polo Goberno de Mariano Rajoy, con Comisións Obreiras, UGT e a CEOE. Vostede disto nada dixo.

No que se refire a Galicia, eu o que podo dicirlle é que para nós a principal prioridade son as 236.000 persoas que están en situación de desemprego. Pero tamén temos que dicir que hoxe hai 20.000 parados menos que hai un ano, e hoxe podemos dicir que hai 10.000 afiliados máis á Seguridade Social que hai un ano. Eu agardo que vostedes se feliciten por iso.

Galicia está facendo os deberes, e proba diso é que neste ano se dedican 100 millóns ao financiamento das políticas activas de emprego. Este Goberno leva traballando desde o primeiro momento para conseguir resultados positivos, e hoxe podemos dicir que nos datos de agosto se consolidan 7 meses consecutivos de descenso do paro rexistrado; 7 meses nos que a afiliación subiu de forma consecutiva. Polo tanto, podemos estar falando dun cambio de tendencia, insuficiente, sen lugar a dúbidas, porque as cifras de paro, as cifras de desemprego, son as que son; en todo caso, queda moito camiño por andar e a nós non nos escoitará palabras de triunfalismo.

Pero nós estamos camiñando, adoptando medidas en beneficio das persoas que sofren directamente as consecuencias do desemprego, e unha delas é a financiación da contratación indefinida de traballadores por parte dun autónomo. Finánciase a primeira contratación, tamén a segunda e tamén a terceira. En 2013 houbo máis de 400 beneficiarios desta medida, na que se gastaron 2,3 millóns de euros.

Nós estamos apostando pola formación de calidade, por esa formación que vai ligada a certificados de profesionalidade. Nós puxemos en marcha un Plan de emprego xuvenil, dotado cun investimento de 100 millóns de euros, no que hai 19 medidas concretas para beneficiar eses mozos, a moitos deles que nin estudan nin traballan. Tamén a través deste plan de emprego xuvenil se puxo en marcha unha orde novidosa para fomentar a contratación de menores de 30 anos. Todo isto sen esquecer as...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...persoas que están en risco de exclusión social.

Este Goberno ampliou a renda de integración social de Galicia, e grazas a iso neste ano dedícanse 42 millóns de euros para axudar a estas persoas.

En relación coa súa iniciativa, nós o que podemos dicirlle é que o Goberno de Mariano Rajoy ampliou o Programa Prepara, e que este Goberno, o Goberno de España, pactou cos axentes sociais o 29 de xullo deste ano –días antes do comezo do verán– incrementar a protección social...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...dos parados de longa duración; unha medida que se presentará nos próximos días, que pactou o Goberno de España cos axentes sociais, con Comisións Obreiras e con UGT, para poñer en marcha e presentar neste mes de outubro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra a señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Tellado, véxoo a vostede moi moderado na súa estrea neste pleno como portavoz do Partido Popular. Agardo que siga así.

En calquera caso, algunhas discrepancias co que vostede acaba de dicir. Para empezar, recoméndolle a vostede, igual que fixen moitas veces coa portavoz de política social, que non presuma do que incrementaron vostedes a risga, porque é directamente proporcional o que vostedes teñen que incrementar cada ano para esta renda de inclusión social aos 4.016 millóns de euros que sacaron da política social desde que goberna o señor Feijóo, oito puntos menos en gasto social desde que goberna o señor Feijóo, aínda que ao señor Feijóo non lle guste lembralo.

Mire, cando estaba vostede falando, lembrábame un proverbio chino que é un pouco procaz, pero que o vou dicir –enténdanme ben que estou citando o proverbio, non as miñas verbas–, que di aquilo de: “nunca intentes ensinarlle a falar a un porco, perderás o tempo e cabrearás o porco.” Máis ou menos esta era un pouco a miña conclusión.

A proposta que traemos hoxe os socialistas aquí é para solventar unha situación real que existe no noso país, e



–digan vostedes o que digan–, desde que Goberna o señor Rajoy, destruíronse un millóns de empregos en España, e esa reforma laboral que se levou a cabo desprotexeu os traballadores, implantouse o despedimento libre con vostedes, señores do Partido Popular, e a taxa de cobertura é hoxe moito menor do que era daquela, e –digan vostedes o que digan– o Servizo Público de Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia estano desmantelando, con esa carteira de servizos que teñen en marcha, que vai privatizar este Servizo Público de Emprego, e co despedimento de máis de 200 persoas que traballaban precisamente en orientación e inserción laboral para que as persoas desempregadas puideran ter unha oportunidade de futuro.

Mire, señor Tellado, por moito que vostede repita que os socialistas baixamos as pensións, eu sempre lle vou responder: só conxelamos un ano as pensións, e só as máis altas. Os que baixan as pensións son vostedes, con esas trampas que fan todos os anos, que é desvinculándoas do IPC, como fixo o señor Rajoy.

E con respecto aos salarios dos funcionarios, pregúntelle vostede aos funcionarios que coñeza como o Goberno Aznar llelo conxelou durante cinco anos consecutivos, e despois, se quere, falamos doutras cousas.

Mire, eu agradezo moito o apoio da señora Iglesias, agradezo o apoio do BNG, non vou aceptar a emenda que nos presenta a señora Montse Prado – aínda que comparto moitas das cuestións que di nela–, por unha razón moi sinxela: eu sei que poñer o límite na taxa de desemprego do 15 % pode parecer cruel; desde logo, a nosa intención sería, en calquera caso, que cando se chegara a esa taxa de desemprego, se recuperaran e se restituían os dereitos que foron perdendo as persoas desempregadas nestes anos co Partido Popular, por exemplo se recuperara a contía das prestacións por desemprego e a duración, duración e contía que se recortou cos gobernos do señor Rajoy e do señor Feijóo. ¿E por que facemos esta proposta agora?

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas. Vaia rematando, señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Porque lla fixo o señor Sánchez ao señor Rajoy cando se foi entrevistar con el por vez primeira, e porque o señor Rajoy lle dixo que estaba

disposto a falar disto, e o señor Feijóo ten dito aquí en moitas ocasións que estaba disposto a falar de propostas de políticas activas de emprego. Pois vexo que falar si, pero acordar non.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** E en canto ao señor Fajardo –se me permite a señora presidenta–, quérolle dicir que eu pertenzo a un partido da casta que foi o que neste país trouxo os dereitos individuais e colectivos, e que me sinto moi orgullosa de pertencer a este partido...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...partido que, por certo, leva moitos anos traballando porque haxa democracia e porque todos poidamos estar representados nos parlamentos. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Gallego.

Pasamos á seguinte proposición.

**Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e D. José Javier Ron Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co canon por préstamo e adquisición de obras nas bibliotecas, museos, arquivos, hemerotecas, fonotecas ou filmotecas públicas de Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Francisco Caamaño Domínguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 26253).*

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa, no punto 1, débese engadir in fine o seguinte:*

“... Así mesmo que lle solicite que nos orzamentos para o ano 2015 e progresivamente nos vindeiros exercicios, aumente a partida orzamentaria para a adquisición e a renovación de fondos por parte das bibliotecas públicas e asuman, así mesmo, unha partida específica suficiente para sufragar o canon por préstamo bibliotecario e que, en todo caso, cubra a totalidade do canon nos municipios de menos de 50.000 habitantes.”

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débense engadir os seguintes puntos:*

*“2 bis) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que na Conferencia Sectorial de Cultura propoña a revitalización do Plan de fomento da lectura e para que demande do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, a elaboración dun plan de apoio ás bibliotecas dos pequenos municipios en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias.*

*2 ter) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que no exercicio das súas competencias, aprobe unha partida específica nos orzamentos da comunidade para apoiar ás bibliotecas públicas galegas, singularmente ás municipais, colaborando coas demais administracións públicas no pago do canon por préstamo, e reforzando a adquisición de novos fondos, e a conservación dos existentes.*

*2 quater) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que elabore un programa específico de fomento e apoio á industria do libro e a lectura.”)*

**A señora PRESIDENTA:** Para formulala ten a palabra o señor Ron.

**O señor RON FERNÁNDEZ:** Bo día a todos e a todas os que estades.

Defendemos unha iniciativa, hoxe, que pretende restablecer os valores esenciais do dereito de acceso á cultura e á información, así como do dereito á educación, que pretende facer ver que o Estado foi máis lonxe do previsto e que ten

a potestade de dar marcha atrás, e que a Xunta de Galicia debe facer valer os principios constitucionais, mais tamén os estatutarios, e respectar as propias leis coas que se dota, como a Lei 5/2012, de bibliotecas de Galicia.

Vaimos ao asunto da cuestión. No *Boletín Oficial do Estado* do 1 de agosto de 2014 publicábase o Real decreto 624/2014, do 18 de xullo, polo que se desenvolve o dereito de remuneración aos autores polos préstamos das súas obras realizados en determinados establecementos accesibles ao público.

Dise no preámbulo que se fai para seguir coa transposición da Directa 2006/115 do Parlamento Europeo, do Consello, e na disposición final primeira, de título competencial, dise que se dita ao amparo do artigo 149.1.9º da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.

Pois ben, en función das consecuencias que este real decreto ten para piares básicos da nosa sociedade, en tanto que dereitos que se deben garantir, AGE di que este real decreto camufla as súas intencións e que detrás desa suposta regulamentación –que tampouco deixa satisfeitos aos supostos beneficiarios– está a persistente estratexia de erosión e degradación do ben público e de atacar o dereito básico de acceso á cultura e á información e o dereito básico á educación en xeral.

Non pode ser que se pretenda a defensa dos dereitos de autor sobre o corpo dos dereitos que acabamos de mencionar.

No artigo 2.1 deste real decreto dise que a obriga de remuneración se aplica aos préstamos de obras protexidas por dereitos de autor realizados en museos, arquivos, bibliotecas, hemerotecas, fonotecas, filmotecas de titularidade pública, ou que pertencen a entidades de interese xeral de carácter cultural, científico ou educativo, sen ánimo de lucro, ou a institucións docentes integradas no sistema educativo español.

Estamos ante unha auténtica barbarie cultural. Os nosos gobernantes semellan queren imitar aqueles bárbaros que en nome de ideas queimaban na pira os libros de autores peri-

gosos. Nós claramente consideramos que estamos ante un bibliocidio.

É un terrible paradoxo que entidades sen ánimo de lucro teñan que afrontar un pago para que se lucren outros; é un sen sentido. ¿E quen vai xestionar o diñeiro procedente da imposición do canon? Entidades privadas de xestión de dereitos de autor. Detráese do público para que vaia ao privado. Outro sen sentido que cadra moi ben coa estratexia de desmatelamento dos servizos públicos.

O artigo 6.1 da directa europea permite aos Estados membro establecer exencións no caso de préstamos públicos para preservar a súa capacidade de promoción cultural. Pois ben, o Estado español, no artigo 2.2, facendo uso desa potestade, declara dúas exencións: a dos establecementos de titularidade pública que presten servizo en municipios de menos de 5.000 habitantes, incluídos os servizos móbiles, e as bibliotecas de institucións docentes integradas no sistema educativo español. E no caso destas últimas, para xustificar a exención, din que é –cito– “debido á súa contribución a garantir a plena efectividade do dereito á educación.”

Polo tanto, queda perfectamente claro que o dereito á educación en xeral está sendo atacado e que se minimiza o impacto excluindo do pago do canon as bibliotecas das institucións docentes. Mais AGE afirma, que mantendo a obriga de pago para as restantes institucións nomeadas no artigo 2.1, estase atacando o dereito de acceso á cultura e á información, e que en virtude do poder formativo-educador que teñen museos, arquivos, bibliotecas, hemerotecas, fonotecas, filмотecas e entidades de interese xeral de carácter cultural, científico, educativo sen ánimo de lucro, concúlcase o dereito á educación. Estas institucións contribúen ao desenvolvemento cultural dunha sociedade democrática, facilitando o acceso á pluralidade da información que xera a nosa sociedade. Por iso temos claro que o de menos son as contías que establece o real decreto, xa que non deba existir nin un só céntimo de gravame para todas estas institucións.

O peor é que se lesiona o dereito de acceso á cultura e á información. As institucións atacadas contribúen ao progreso social, son elementos cohesionadores e permiten a promoción da investigación e achegan o cerne da creatividade.

Centrémonos nas bibliotecas públicas, que están en localidades de máis de 5.000 habitantes. A Lei 5/2012, de bibliotecas de Galicia, defíneas como servizos culturais informativos da máxima relevancia para unha sociedade avanzada, e que a través delas se posibilita o cumprimento de importantes mandatos constitucionais, como son o acceso de todos e todas á cultura, a participación da cidadanía na vida cultural e a conservación e promoción do patrimonio cultural do pobo galego.

Mais non só dicimos nós que permite o cumprimento de mandatos constitucionais, senón tamén permite afrontar os mandatos do Estatuto de Galicia, cando menos os que se consagran nos artigos 4.2, 27.18, 27.19 e 27.20 e no artigo 32.

E no artigo 1 desta lei defínense as bibliotecas como servizos culturais que garanten o dereito da cidadanía a acceder en condicións de igualdade á cultura, á lectura, á información e ao coñecemento. No 4, alúdese, na letra g), á gratuidade dos seus servizos como principio e valor. E no artigo 23 dise claramente que o dereito das persoas usuarias vén determinado por usar de maneira gratuíta os servizos básicos da biblioteca.

Pois ben, os tres artigos da Lei de bibliotecas de Galicia, os mandatos constitucionais estatutarios están sendo atacados e vulnerados mediante a imposición deste canon, un canon do que non se exclúen ademais, porque o texto normativo non o recolle de forma clara, as obras que non teñen dereitos de autor.

Os profesionais do sector bibliotecario alertan de que afrontar o canon significará reducir drasticamente o orzamento destinado para a adquisición de novos libros. Na maioría dos casos imputarase esa contía ao gasto corrente máis doado de recortar, que é a adquisición de novos exemplares. Cantos máis libros se presten, curiosamente, o paradoxo será que menos se poderá adquirir novidades, menos se poderá mellorar os sistemas informáticos ou menos actividades de promoción da lectura se poderán realizar. E iso nun contexto de recortes permanentes. Lembremos que no 2014 a Xunta de Galicia, en todo o que ten que ver co mundo do libro e das bibliotecas, recortou 440.000 euros.

Ben, nese contexto abrasivo-destrutivo, estase perpetuando o atentado bibliocida contra as bibliotecas públicas.

Anabad\_lanzaba a seguinte advertencia: “Dentro de pouco non existirán as bibliotecas. Entre o abafo do canon, os recortes económicos, as políticas culturais absurdas, a desaparición da industria cultural, a chegada vía net dos libros aos nosos dispositivos e o abusivo IVE cultural, o panorama das bibliotecas públicas é máis que demoledor.”

Outros expertos alertan de que isto representa o inicio da desaparición da biblioteca como servizo público, que garante un dereito, para seren privatizadas e de pago.

Cómpre advertir que en Galicia, sen contar as bibliotecas de centros docentes, segundo un informe do Observatorio do Consello da Cultura Galega, había no 2012 unhas cincocentas bibliotecas, con máis dun millón de persoas usuarias e inscritas, e que segundo datos do IGE, a 1 de xaneiro do 2013, había en Galicia 111 municipios con máis de 5.000 habitantes –51 na provincia da Coruña, 11 na de Lugo, 10 na de Ourense e 39 na de Pontevedra–.

O real decreto, ao diferenciar concellos de menos de 5.000 e máis de 5.000 á hora de establecer a exención do pago do canon, establece e institucionaliza a discriminación entre galegos e galegas no acceso á cultura e á información así como á educación.

A Xunta de Galicia non pode permitir este principio de desigualdade, que vulnera mandatos constitucionais e estatutarios, e debe velar polos dereitos da cidadanía galega. Polo tanto, esta iniciativa o que pide é precisamente centrarse niso, centrarse na demanda ante o Estado da exención do canon para todas estas institucións que veñen nomeadas no artigo 2.1, que exerza a potestade que lle dá a Directiva europea, no artigo 6.1, de establecer exención de canon.

Non queremos outra estratexia dilatoria nin outras posibilidades que logo quedarían aparcadas...,

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**O señor RON FERNÁNDEZ:** ...simplemente que exerzan e demanden do Estado pedir a exención para todas estas institucións públicas que fan un servizo básico fundamental e que garanten dereitos fundamentais.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Caamaño Domínguez.

**O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ:** Presidenta, señorías.

O Grupo Parlamentario Socialista anuncia que a súa intención e vontade é apoiar esta iniciativa do Grupo Parlamentario AGE, por razóns que son evidentes, inda que temos presentada tamén unha emenda de engádegas.

En primeiro lugar, porque o canon de préstamo bibliotecario non é unha novidade en Europa. De feito, o primeiro que se establece e o primeiro país que se fai eco do mesmo para compensar o dereito de propiedade intelectual é xa, na Unión Europea, no ano 43. Polo tanto, na primeira metade do século pasado xa existían países onde se compensaba dende o sector público o dereito lexítimo de propiedade que teñen os creadores, neste caso os autores, polo traballo feito como consecuencia deses préstamos.

A Directiva comunitaria do ano 2005, á que aquí se fai referencia, que España ten polas súas obrigas comunitarias que traspasar e facer parte do dereito interno, por tanto, cumprir con esa obrigación, establece que os estados –como todo tipo de directivas, que non é un regulamento– teñen a flexibilidade necesaria para compaxinar eses dous elementos: a salvagarda da propiedade intelectual e dos dereitos de autor coa realidade do seu país.

E, polo tanto, existían solucións distintas, como existen en Europa, para solventar esa situación e solucionar esta cuestión, coñecida entre nós como o canon de préstamo por bibliotecas, en termos xerais.

O Goberno de España, no Decreto do 1 de agosto deste mesmo ano, tomou unha decisión, como tal Goberno. Fixo o traslado da directiva directamente como Goberno –podía telo feito a través dunha lei e pasar polo Parlamento e ter un debate e escoitar os sectores–, decidiu facelo a través dun decreto, polo tanto, dun acto de goberno. Decidiu facelo, ademais, o día 1 de agosto, data onde –como se sabe– a vida política española está moi preocupada por

este tipo de cuestións. E, ademais, decidiu facelo dun xeito determinado.

Primeira liña de actuación, establecer o canon –isto é evidente, era unha obriga–. En segundo lugar, dicir que os municipios de menos de 5.000 habitantes non terán que pagar ese préstamo, primeira excepción; e a segunda exención que establece é para as bibliotecas dos centros educativos. Por suposto que o Goberno de España puido incluír neste catálogo de exencións outras moitas; puido ter dito municipios de ata 50.000 –como hai nalgún país–, puido ter dito outro tipo de entidades que teñen bibliotecas e son especializadas pero son de consulta fundamental –academias, etc., etc., préstamos das bibliotecas das reais academias–; en fin, puido ter feito outro tipo de solucións. Non o fixo. Pero o máis grave deste decreto non é que está exento e que non está exento, senón o acudir á chuvia fina, o acudir ao orballo como forma de solventar esta cuestión.

Na meirande parte dos países tómase unha posición negociadora dende o Goberno coas entidades que representan os autores, entidades de autores, neste caso previsiblemente Cedro e SGAE, no que toca a música e fonoteca; pero no do libro é a entidade que agrupa o maior número de autores e, polo tanto, faise unha negociación pechada. É dicir, como consecuencia disto, en lugar de repercutir sobre cada administración pública titular dunha biblioteca pública o pago do canon, facemos unha negociación pechada, onde normalmente, tamén na gran maioría dos países de Europa, ese tipo de compensacións non é só económica, no senso estrito; non é só con isto pago e damos por cumprido o pago do canon, senón que imos axudar ao incremento da industria do libro, que en España é o 39 % practicamente do PIB cultural, con estas axudas á creación de libro vós ides saír reforzados e isto compensa parte dos dereitos de autor, imos dar esta serie de becas para autores no estranxeiro. E todo iso négociase nun paquete completo e conxunto, e non se fai esta choiva miúda que se espalla por todas as administracións.

A solución, que é a que teñen –insisto– a meirande parte...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ:** ...–remato xa, presidenta– dos países de Europa, é, primeiro, un aforro considera-

ble, pero sobre todo unha política estratéxica a partir desta situación. Unha política que aposta pola potenciación da industria do libro basicamente e, polo tanto, beneficia a todos: aos cidadáns dende o punto de vista do acceso á cultura e aos autores na medida en que teñen máis apoio e máis capacidade de produción e, por tanto, tamén de ter outras portas abertas.

Quero dicir –e remato xa– que por esta razón os autores están en contra deste decreto. E é ben curioso que se faga un decreto polo Goberno de España para protexer os dereitos de propiedade intelectual dos autores e que os autores estean en contra precisamente de como se ten feito este decreto, porque dana frontalmente a cultura e o acceso á educación no país.

Grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Caamaño.

Grupo Mixto. Señora Iglesias Sueiro.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Grazas, señora presidenta.

A verdade é que só facendo unha mera enumeración dos ataques e ocorrencias que este Goberno está perpetrando en contra da sociedade cultural ou da cultura, que xa atopa só refuxio no voluntarismo, a militancia e a autoxestión, levaríame os cinco minutos que se me conceden. Quedan excluídos, por suposto, o fútbol –jollo, masculino!– e as touradas –outra actividade onde a muller ten unha ampla presenza e fomenta moitísimo a igualdade, esa da que tanto lles gusta falar e presumir a algúns–, únicas actividades –recordo– que aplican un IVE reducido.

Bueno, pois dos creadores da LOMCE, do desmantelamento da escola pública, do IVE do 21 % ás actividades culturais, das increíbles becas evanescentes, do gravame na internet por compartir enlaces, coa participación e sinatura do Ministerio peor valorado da historia dos ministros, chega agora o canon ás bibliotecas por prestar os seus libros, os seus fondos. Presentamos a adaptación española dunha das mellores propostas dos *lobbies* no Parlamento Europeo, unha traxicomedia, con certos toques esquizofrénicos, que só apreciarán aqueles e aquelas con altos coñecementos en enxeñería fiscal, de mercantilización dos dereitos civís.

Como protagonistas, un Ministerio de Facenda con complexo de rei Midas, convertendo en ouro o que toca; e o Ministerio de Cultura, resentido e vingativo porque ultimamente ata os gañadores dos premios que el mesmo concede néganlle o saúdo. A trama parte da ocorrencia dos dous protagonistas para converter as bibliotecas en videoclubs pero sen que o pareza. ¿Como? Cunha taxa absurda e incomprendible que a cidadanía, usuaria ou non, pagará en diferido, a conta dos poucos cartos da Administración pertinente. —¡Ese grande invento isto do diferido! ¡Que visionaria, señora Cospedal!— A cantidade —para non matar moito a cabeza— calcúlámola *grosso modo*: número de obras con dereito de autor e número de usuarios efectivos do servizo de préstamo. A calidade non importa, dá igual se a obra é a máis lida ou non a le nin Dios.

Para maior gloria e disimule, os dous protagonistas desenténdense da xestión e cobro da taxa e encárganllela a entidades privadas de dereitos de autor. É todo moi legal, ¡eh! Se a peli non lles gusta, é porque é unha obra de autor non accesible ao público en xeral. Ademais, na introdución —que xa lles digo que é a máis longa que todo o resto da película— deixamos ben clariño que só adaptamos unha peli que se coceu en Europa todaña —por Valle-Inclán, creador do esperpento—.

¿Prestar libros non é a principal función das bibliotecas, o motivo último para o que foron creadas? Se teñen a potestade de eximir do pago das bibliotecas en municipios menores de 5.000 habitantes ou das bibliotecas dos colexios, ¿queren facernos crer que non poden facelo con todas? ¿Non pensan que vai aumentar a cantidade de libros que non se prestan, xa que a consulta non se penaliza, co conseguinte prexuízo para os usuarios? ¿Estamos asistindo a unha versión moderna da queima de libros da Inquisición? ¿Non pensan que este canon é tan miserable que penaliza a lectura ou, peor aínda, o acceso á cultura e á formación integral das persoas? ¿Como unha administración pública legisla para detraer diñeiro dos seus propios orzamentos e do resto da Administración para dállelos a entidades privadas que non controla e que están no punto de mira por corrupción? ¿Canto máis temos que soportar estes gobernantes salvapatrias e irresponsables?

Se a alguén lle pareceu inapropiado ou lle molestou o ton desta intervención, pídolle desculpas, pero é o único xeito que se me ocorre para aguantar isto. Voto a favor.

¡Wert, dimisión! (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Iglesias.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.  
Señora Pontón Mondelo.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día.

Como xa dicía o autor desta iniciativa, hoxe tráese aquí a debate un asunto que nós consideramos que ten moita importancia, como é medir as consecuencias que neste caso vai ter para o noso sistema bibliotecario, pero fundamentalmente para o dereito dos cidadáns de acceso á lectura, un real decreto que aprobou o Goberno do Estado español; ese Goberno que nun exercicio de transparencia tivo ademais a ben publicalo no mes de agosto, entendemos nós que claramente para favorecer un debate, ¿non?, e que a sociedade estea enterada de cales son as normativas que aproba este Goberno. E é normal que o fixera así, porque eles mesmos, con este tipo de prácticas, están delatando que son conscientes de que este tipo de normativa xera problemas e xera conflitos. Por iso quérese facer nun momento en que, bueno, unha parte moi importante da poboación non está tan pendente do que fai o Goberno e tamén ten dereito a desfrutar duns días de descanso.

Para o noso grupo, para o Grupo Parlamentario do BNG, esta normativa ten dous problemas, ¿non? O primeiro, ao que xa se fixo mención, é que vai supoñer unha peaxe moi importante para o funcionamento das bibliotecas públicas. Mais tamén nós hoxe aquí queremos chamar a atención sobre o feito de que esta é unha normativa que tamén vai pois nesa liña centralista, e é unha mostra máis de como o feito de legislar desde institucións que non teñen nada a ver coa nosa realidade, lonxe de garantir a igualdade, o que fai é perpetuar ou incrementar a desigualdade.

Aquí temos un dobre exemplo, porque esta é unha directiva europea que o Goberno español traspón dunha maneira desde o noso punto de vista errada, mais que, en todo caso, nace dunha consideración dun sistema de bibliotecas públicas que nada ten a ver co que pasa en Galiza e que ao mesmo

tempo pois no noso país vai provocar unhas distorsións moi importantes, como logo poñeremos algúns exemplos.

Pero é que tamén supón unha invasión moi clara das competencias que en materia de cultura, arquivos e xestión de bibliotecas ten o noso país. Porque, até onde eu sei, o Estatuto de autonomía aínda segue vixente –non sabemos se, unha vez que suspendan o catalán, pois tamén van suspender o Estatuto de autonomía galego; en todo caso, até o momento segue vixente–. E nese Estatuto de autonomía, no seu artigo 27, o que se di é que nós temos competencias exclusivas en materia de cultura e no relativo a arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma.

Entón, nós preguntámonos máis unha vez: ¿que sentido ten un Goberno e un conselleiro de Cultura que non é capaz de defender as súas consecuencias e que simplemente o único que fai aquí é recoller acriticamente todo o que fai o Goberno central, sen importarlle as consecuencias que iso teña para Galiza? Non sei, ao mellor neste caso tamén o problema do canon é que o Bloque Nacionalista Galego foi en coalición con ERC, o mesmo que vimos hoxe pola mañá no debate sobre o financiamento. Agardo que iso non sexa o nivel e a calidade que teñan os deputados e deputadas nesta intervención, porque para nivel e calidade xa temos a do presidente da Xunta de Galiza.

En todo caso, o que é evidente é que esta é unha medida que está descontextualizada e que é lesiva para o dereito dos cidadáns a acceder á cultura e que supón claramente un ataque a que a cidadanía teña acceso á lectura. Porque a quen máis vai prexudicar é ás bibliotecas municipais, que no noso país, ademais, teñen unha rede moi importante, que son un punto de acceso á cultura fundamental, en moitos casos o único punto de acceso á cultura en moitos lugares, e esas bibliotecas en moitas ocasións non van poder facer acceso ao pago deste canon.

Fíxense, este canon vai ter efectos moi perversos, ¿non? As bibliotecas que presten máis servizos e que teñan máis fondos e que teñan máis usuarios deses fondos van ter que pagar moito máis pola prestación dun servizo que é un dereito dos cidadáns. Imos chegar ao absurdo de que as bibliotecas van ter que prestar menos servizos para non vérense arruinadas polo pago dun canon. É dicir, un auténtico despropósito.

E todo isto pasa porque, ademais, se está levando a adiante unha política económica de afogamento do que son lugares centrais para garantir un acceso igualitario á cultura. E aí temos como o Ministerio deixa de apoiar a compra de libros por parte das bibliotecas municipais. Tamén vimos como a Xunta de Galiza, desde que governa o señor Núñez Feijóo, deixou de investir e apoiar as bibliotecas municipais. E, polo tanto, a nós isto parécenos un absoluto disparate.

Tamén acreditamos que esta medida non vai beneficiar nin autores nin a edición galega, é dicir, que vai supoñer unha pedra máis nun camiño que xa está cheo de moitos atrancos. Polo tanto, nós apoiamos esta iniciativa, aínda que temos algunha presentada que desenvolve algúns puntos máis. Entendemos, en todo caso, que hoxe o que votamos aquí é se estamos a favor ou non deste canon. E nós o que dicimos é “non” a este canon, porque non se pode obrigar as persoas a pagar por ler...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...e porque cremos que hai que defender a biblioteca pública.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra don Hipólito Fariñas.

**O señor FARIÑAS SOBRINO:** Grazas, señora presidenta.

Señorías.

En calquera caso este deputado non ten a intención de estar á altura do señor presidente, simplemente pretende estar á altura das responsabilidades que lle outorgou a cidadanía e cumprir con este Parlamento, e tratar de aportar algo de claridade a este debate no que ata agora –que escoitei atentamente– non escoitei absolutamente ningunha proposta; ningunha proposta en construtivo e si para aportar a este Parlamento competencias que non ten. Que non imos votar se estamos a favor ou en contra do canon, o que imos votar é se estamos dispostos a cumprir a legalidade que obrigatoriamente temos que cumprir por unha directiva europea e pola súa transposición ao sistema... (*Murmurios.*) legislativo español ou non. Esa é a realidade desta proposta.

Porque aquí estamos hoxe debatendo unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda que pretende na súa parte dispositiva tratar sobre o papel que cumpre a Xunta de Galicia no seu acceso á cultura respecto dos seus cidadáns ou de respectar a legalidade vixente respecto dos dereitos de autor e da propiedade intelectual que teñen os autores á hora de conceder ou non conceder autorización para que os seus libros sexan prestados, sempre e cando estean protexidos polos dereitos de autor.

E aquí xa se fixo un relato da transposición da Directiva 115/2006 na lexislación española a través da Lei 10/2007, efectivamente. O que non se dixo é que esa estaba obrigada, obrigada a cumprirse, señorías, obrigada a cumprirse, non voluntariamente, obrigatoriedade de cumprir. E, efectivamente, así se fai, e no seu artigo 5.3 esa lei di, exactamente fala de protección, de protección dos dereitos de autor, no artigo 5.3.

E tamén hai que isto non é unha cuestión que veña dada simplemente por unha transposición legal, senón que, ademais, en 1992, o Consello Europeo adopta outra directiva que ten que ser trasposta ao sistema lexislativo español, e que foi feita, efectivamente, pola Lei 43/1994. E nas dúas transposicións cométese un exceso, polo que despois dunha denuncia diante do Consello Europeo, a Unión Europea, o Tribunal Superior da Unión Europea, adopta unha decisión declarativa que obriga a cumprir a norma, acompañada dunha sanción económica, que chegou a supoñer 110 millóns de euros para o Estado español e que non se cumpriu aínda, porque acababa o prazo en 2008 para facer esa transposición e non se fixo, señorías, e non se fixo.

E este Decreto 624/2014 non é un arrouto do Goberno de España, nin sequera unha transmisión dese arrouto ao que queren transferir aquí da Xunta de Galicia, é unha obriga que ten que cumprir este Goberno. Vostedes pode que queiran que o Goberno non cumpra, pero ten que cumprir, e se están dispostos a facer unha aportación para pagar a sanción, nós estamos abertos ás suxestións.

En calquera caso, dicía que están aportando pouco, máis que nada confusión. Dicir que se vai reducir o número de préstamos é mentira, porque os usuarios non terán que pagar nin un céntimo, nin sequera isto vai ir aos presupostos das bibliotecas... (*Murmurios*.); aos presupostos das bibliotecas, cero; e aos usuarios, cero, co cal está garantido o libre acce-

so dos usuarios gratuíto e de calidade, que é co que está comprometido este Goberno desde o principio.

E algúns debían de manter un certo decoro –falo de decoro parlamentario– á hora de falar sobre transposicións e leis que pertencen aos seus gobernos, porque non resisten unha soa comparación, nin unha soa comparación. A Lei 10/2007 nace, en palabras da señora Calvo, na aprobación do ditame no Congreso dos Deputados, cun orzamento –disque– de 431 millóns de euros, contando con que as aportacións das comunidades autónomas ían duplicar os recursos. E ¿que ocorreu? Pois que si, que se cumpriu, dous anos, 8 e 9, en 2010 máis da metade deixouse sen executar, do orzamento, e en 2011 reduciuse xa por orzamentos xerais do Estado en máis do 50 %. E só catro comunidades autónomas e as dúas cidades autónomas de Ceuta e Melilla cumpriron coa obriga de duplicar eses orzamentos. ¿Quen foron esas comunidades? Curiosamente, La Rioja, Extremadura, Madrid e Galicia, e Galicia, señorías, que segue implicada coas súas bibliotecas, coa súa rede de bibliotecas, coas bibliotecas nodais, coas bibliotecas municipais e coas escolares.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor, señor Fariñas.

**O señor FARIÑAS SOBRINO:** O plan Plambe, que vostedes iniciaron –remato, señora presidenta– no ano 2005, recibiu unha aportación para a mellora das bibliotecas escolares de 3,5 millóns de euros, e o Goberno do señor Feijóo –ese que non fai nada polas bibliotecas–, 5,7 millóns de euros, e 10 millóns que se levan executados en dotacións bibliográficas para as bibliotecas municipais deste país.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor FARIÑAS SOBRINO:** E o pasado 2013, señorías, 800.000, e 128 bolsas para a formación de persoal nas bibliotecas, das que se beneficiaron máis de 1.200 profesionais para seguir dando un servizo de calidade como corresponde á poboación galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos*.)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra o señor Ron Fernández.



**O señor RON FERNÁNDEZ:** Ben, o voceiro do Partido Popular nesta ocasión a verdade é que vostede falaba de claridade, pero mire, vostede foi bastante escuro, espeso, mesto e mesmo desorientado, desorientado no que quería traer aquí.

O seu argumentario é digno de non traer nada, porque vostedes ignoran precisamente que a directiva europea, no artigo 6.1, establece potestades aos estados membros para crear exencións, e o Estado español deuse conta e dixo: bueno, vou crear dúas exencións, e podía ampliar o catálogo de exencións, e nós é o que pedimos, porque estamos en contra deste canon que lesiona gravemente os dereitos de acceso á cultura, o dereito á información e o dereito de educación. E o propio Estado, como era consciente diso, creou a exención para as bibliotecas de centros docentes.

Polo tanto, era consciente de que o dereito á educación se estaba atacando, era consciente. E mire, os propios autores din que si aos dereitos de autor, pero non desta maneira. O Estado ten a potestade de negociar doutra maneira os dereitos de autor, e non facelo sobre o corpo dos dereitos da cidadanía, porque iso si que é grave.

E vostedes ignoran iso, porque vostedes, loxicamente, detrás de todo este proceso de ataque aos servizos públicos, o que está, alertan algúns expertos bibliotecarios do que está en xogo, se se acepta este canon; o que está en xogo é a progresiva desaparición das bibliotecas –alertaba Anabad, como xa lle lin– como servizo público, plenamente público, para caer nunha progresiva privatización, e todo sería por pago. Este é o camiño que quere unha Europa mercantilista, claro, pero nós, a Alternativa Galega de Esquerda, loxicamente, non está nesa Europa mercantilista e está na defensa dos dereitos da cidadanía.

Con respecto ao apoio dos grupos da oposición, pois agradecer, loxicamente, as achegas do PSdeG, do Grupo Mixto e do BNG. E con respecto ás emendas que achega o PSdeG, imos aceptar unicamente a 2 bis como engadido, porque todas as demais emendas, entendendo o espírito no que se realizan, entendemos tamén que saen do obxectivo directo desta iniciativa, que é solicitarlle ao Estado español, a exención de todas esas entidades que prestan uns dereitos básicos e un servizo público esencial como é acceder á cultura, acceder á información e ter o dereito a unha educación digna.

E, polo tanto, nese sentido, pois agradecer o apoio, pero que só –para que a presidenta tome nota– aceptaremos a 2 bis como engadido, nada máis, as outras pois non as podemos aceptar. E nada máis.

E dicirlle ao PP que repase, que repase, que lea a directiva de novo, porque, desde logo, o seu argumentario foi bastante escuro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas.

Señor Ron, en calquera caso terá que falar vostede co Grupo Socialista, por se acepta que só sexa o punto 2.

Moitas grazas.

### **Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa D. José Luis Méndez Romeu e D<sup>a</sup> María Remedios Quintas Álvarez, sobre o cumprimento polo Goberno galego das previsións da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** A esta proposición non de lei non se presentaron emendas e para formulala ten a palabra don José Luis Méndez Romeu, do Grupo Parlamentario Socialista.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Señora presidenta, señorías.

A Lei 9/2011, sobre os medios públicos de comunicación de Galicia, foi promulgada en decembro dese ano. Vanse cumprir, por tanto, tres anos de vixencia e a lei permanece bloqueada polo Goberno galego.

Paga a pena lembrar que esa lei foi precedida dunha ponencia conxunta na Cámara que convocou en audiencia trinta persoeiros dos medios públicos, dos medios privados e das institucións máis vencelladas á comunicación para coñecer as súas reflexións. E paga a pena tamén ler no *Diario de Sesións* onde o señor voceiro do Partido Popular, o distinguido deputado señor Puy, dicía cousas como as seguintes: “Con esta lei mellórase a xestión, a independen-

cia, democratízanse os nomeamentos, haberá unha maior existencia, redución de custos e mellora do control.”

¡Oia!, señor Puy, ¿estes principios xa non son válidos? ¿Decatouse o Goberno de que estaban indo demasiado lonxe coa aprobación deste texto e por iso o ten bloqueado, para impedir que se transforme a Radiotelevisión Galega? ¿Está recoñecendo o señor Puy implicitamente que na Radiotelevisión Galega é desexable –nas súas verbas– peor xestión, menor independencia, menor democratización e, sobre todo, menor control? ¿Esa é a lectura que debemos facer?

¿Para que serviron as comparecencias en comisión do Consello da Cultura, de representantes doutras televisións, doutros lugares de España, dunha ampla delegación da industria audiovisual galega, de xornalistas varios, do Colexio de Xornalistas, de catedráticos, de expertos? ¿Tanto desprezan vostedes os profesionais da comunicación como para dicirlles que a súa comparecencia non serve absolutamente para nada? É o seu estilo, porque é o que ten ocorrido na Comisión de investigación das caixas de aforro, que leva paralizada quince meses; porque é o que ten ocorrido na Comisión de prevención da corrupción, que tamén leva paralizada quince meses, porque, claro, era contradictoria coa propia acción do Goberno.

A lei vixente foi aprobada polo 80 % dos votos desta Cámara, un amplo respaldo pouco habitual para unha lei que debería supoñer a adaptación da Televisión Galega ás necesidades de comunicación do século XXI. Tres anos máis tarde e logo de moitas promesas do propio presidente da Xunta, e doutros voceiros, a lei é un monumento ao engano do presidente Feijóo. Identifica máis unha vez un estilo torticeiro de goberno, onde a distancia entre o que se di, o que se compromete e o que realmente se fai é abismal, e onde as verbas do presidente –desgrazadamente hai que dicilo– nada valen, e mesmo as normas legais poden incumprirse, cando non modificarse, en beneficio propio, como estamos a ver noutros casos.

A pregunta é obvia: ¿ten algún sentido pactar co Goberno? Ou, máis xenericamente, ¿serve para algo este Parlamento? Porque, usurpada a función lexislativa polo Executivo, afogada calquera iniciativa de diálogo construtivo, incumpridas centenas de veces as obrigas que o Regulamento lle impón ao Goberno como canle das demandas cida-

dás, ¿que queda? ¿A algarada nesta Cámara? ¿Rifar e insultar para non argumentar? ¿Transformar o Parlamento nun campo de Agramante presidido pola discordia? Quen fala non o fará nin o fará o Grupo Socialista.

A democracia, señorías, é unha convención. A maioría, evidentemente, non pode ser ignorada, pero a minoría tampouco pode ser desprezada. Os acordos cúmprense e os trasacordos debátense, e o Parlamento está para encauzar o debate social e ordenar as discrepancias. Se esa función non se pode cumprir, ¿que lles debemos dicir aos cidadáns?

Comprendo a extrema febleza do señor presidente da Xunta de Galicia diante dunha realidade teimadamente distinta da súa propaganda, pero iso non xustifica a alteración unilateral do marco político en beneficio propio nin a apropiación escandalosa dos medios públicos de comunicación.

A votación de hoxe, señorías, é unha metáfora da parálise institucional da Xunta, transformada naturalmente en altoparlante da maioría popular, de costas ás necesidades sociais, ausente na acción transformadora da economía e da sociedade e preocupada exclusivamente polo control da información nos medios públicos e, se a deixan, nos privados.

Señor Puy, non tivo un dos seus mellores días cando acusou os medios de comunicación de degradación da vida política. Eu comprendo que no seu argumentario a culpa é sempre doutros, pero ¿de verdade pretende mediatizar os medios de comunicación?

A Radio-Televisión galega consome 90 millóns de euros, procedentes dos impostos dos cidadáns, e ten asignadas distintas funcións, pero incumpre gravemente a primeira delas: ofrecer unha información veraz e plural. Non é un problema dos profesionais, senón dos directivos que limitan e cercean a autonomía e providade dos xornalistas para ofrecer unha visión sesgada da realidade, que é a que dita o presidente da Xunta de Galicia, a fachada que tanto lle gusta ao señor presidente, a ilusión dun país irreal, a propaganda governamental en vez da información profesional, o espello máxico no que se reflicte a soberbia presidencial mentres aí fóra hai un país en crise, sen futuro e, dende logo, moito máis plural.

Por iso o señor Feijóo no permite que a lei aprobada entre en vigor, porque perder un mínimo de control quebraría esa imaxe de espello máxico, porque evolucionar cara a unha programación plural amosaría o traxe do emperador.

Repasemos o minutado dos últimos meses. Mes de abril: o señor Feijóo aparece once veces máis que o señor Gómez Besteiro, dirixente do primeiro grupo da oposición, once veces máis. Mes de xuño: Feijóo aparece en pantalla nove veces máis; en tempo, 216 minutos, tres horas e media. ¡Oían, coma en Cuba! (*Aplausos.*) Tres horas e media de presenza en pantalla do presidente, alén das presenzas de todos os demais membros do Goberno e de todo o resto da información vencellada ao Partido Popular. ¿Cabe maior sarcasmo? ¿Cabe maior utilización partidaria?

A lei establecía catro mandatos: a aprobación dun mandato marco para establecer as liñas de funcionamento, que tiña que ser por maioría cualificada; a aprobación pola Xunta dun contrato programa que garantira o funcionamento e o financiamento da televisión durante tres anos; elección dos órganos directivos –director/a xeral e consello de administración–, de novo mediante maiorías reforzadas; e creación dos consellos de redacción na Radio e na Televisión. Velaí as cuestións por que está paralizada a lei, polas que o Goberno non quere que se desenvolvan os preceptos da lei.

Progresivamente, a perda de credibilidade engádese á perda de audiencia. A Televisión de Galicia está rexistrando os peores datos de audiencia da súa historia, mes a mes; unha televisión menos relevante, hiperpolitizada, ao servizo do Partido Popular, un modelo insostible e, por riba, en franca ilegalidade.

Por iso lles pregunto, señorías do Partido Popular, se coñecendo estes datos van votar hoxe que a lei non se cumpra –que é o que pide esta proposición, literalmente que se cumpra a lei–, e, polo tanto, preguntolles se van dar un verdadeiro exemplo de desobediencia civil aos cidadáns de Galicia.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Méndez Romeu.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Mixto ten a palabra a señora Iglesias Sueiro.

**A señora IGLESIAS SUEIRO:** Moitas grazas, señora presidenta.

¿Pode unha administración deste século asegurar ás súas cidadás e prometer o compromiso de ser transparente, modificar as normas lexislativas, aceptar as normas e prazos dos seus artigos, e repetilo, e repetilo, e seguir no mesmo punto de práctica de nepotismo na comunicación e na xestión das súas fontes? ¿Ou hai que buscar nas hemerotecas para seguir afirmando que o retraso no cumprimento do ordenado polo texto da Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia –lei nesta Cámara aprobada– só obedece a unha tradición claramente vinculada á ideoloxía deste presidente autonómico: a de ter o poder de controlar os medios de comunicación? ¡Aí, aí, aí, aqueles ministerios de propaganda! Claramente semella non ter mudado moito.

Este Parlamento segue agardando a que a verdadeira democracia chegue ao nomeamento e xestión das nosas canles de televisión e radio, e que as súas traballadoras poidan facer o seu labor con garantías, e que por fin esta televisión pública galega sexa de todas as galegas.

¿Que ocorre realmente para que ningún membro do actual Consello da Xunta non sinta un malestar, unha incomodidade, un lixeiro desacougo visceral cada vez que se lle nomea este noxento feito? Quen coopera co ninguneo das decisións lexítimas desta Cámara e mantén as nosas canles de comunicación nesa etapa escura e censuradora, non merece credibilidade. E configura outro dos feitos vergoñentos desta etapa, onde a maioría deste grupo ten que artellar unha paisaxe decadente e coñecida sobre a demanda da sociedade, que nos repite unha e outra vez que precisa veracidade e transparencia, xustamente o que non se asegura nin se encara.

O modelo lembra aqueles tempos de iniciación política nos que o actual presidente da Xunta adestrou un evidente talento para conxelar o progreso democrático da nosa sociedade. Esta glaciación informativa non vai ser eterna, e non vai poder seguir ocultando nin as opinións do pobo nin a súa indignidade. Por iso dou o meu voto a esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Iglesias.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día de novo.

Ao Bloque Nacionalista Galego gustaríalle vir aquí hoxe a esta tribuna –a este Pleno– e poder dar os parabéns e dicir que a Radio e a Televisión pública están a facer as cousas ben, e que están a desempeñar a función de servizo público que lle corresponde. Mais infelizmente a realidade é moi pero que moi diferente. O que temos son uns medios de titularidade pública totalmente progubernamentais, que ocultan a realidade de Galiza, que ocultan e criminalizan os discrepantes, que actúan en beneficio do Partido Popular. A manipulación informativa que se practica desde a Radio e Televisión galegas é xa máis que escandalosa; manipulación xa non denunciada polo BNG e outros grupos, senón polos traballadores e traballadoras do propio ente, con denuncias reiteradas, e por outros moitos colectivos.

Cando o Bloque Nacionalista Galego non apoiou a Lei 9/2011, do 9 de novembro, pois non foi por capricho, senón porque tiñamos claro que non era a lei dos medios públicos que Galiza precisaba, e porque a lei mesmo representaba ameaza para o futuro dos medios públicos. Esta lei nunca tivo como obxectivo ningunha defensa da independencia dos medios públicos, nunca tivo como obxectivo nin pretendeu que fora unha defensa da liberdade dos profesionais e dos medios públicos para desenrolar o seu traballo, e nunca tivo como obxectivo que fora un instrumento, unha defensa, unha normalización de relacións co audiovisual galego. Foi, máis ca iso, unha lei que permite o incremento do control partidista, se aínda cabe que sexa máis, unha lei que deixa aberta a posibilidade da privatización da Radio e da Televisión públicas galegas. É unha lei que tamén deixa aberta a posibilidade do despedimento de traballadores, ao non contemplar –como defendía o BNG– a subrogación dos traballadores, e ameaza os dereitos dos traballadores. Non temos máis que ver a negociación que se está a cometer neste momento cos traballadores e traballadoras. É unha lei que, lonxe de afondar na democratización, pois, moi ao contrario, reforza os instrumentos de control, baleira de contido o con-

sello de administración. É máis presidencialista e reforza o papel do director xeral. Permite ao Consello da Xunta disolver a empresa sen necesidade de contar cunha maioría reforzada deste Parlamento. Elimina o consello asesor. Non crea comités integrados polos profesionais. Non blindo o galego como lingua exclusiva da CRTVG, nin contribúe a ser un instrumento útil para a normalización da nosa lingua e da nosa cultura.

E xa que o señor Méndez Romeu facía referencia á intervención do señor Pedro Puy cando aquí se debateu e se aprobou esta lei, eu tamén quero facer referencia a algo que dixó textualmente e que me parece que foi das cousas nas que máis verdade dixó. Decía textualmente: “O que é evidente é que vostedes” –referíndose ao Bloque Nacionalista Galego– “representan un modelo de televisión pública completamente diferente ao que está pactado entre o Grupo Socialista e o Grupo Popular”. Verdade, verdade verdadeira, señor Pedro Puy. A verdade é que de vez en cando si que vostedes din algunha cousa con xeito neste Parlamento. Está recollido no *Diario de Sesións*, dito por vostede.

Pero, efectivamente, a pesar de todo o que dixen, de todo o que representaba e non recollía esa lei, vostedes –o Partido Popular e o Partido Socialista– acordaron e pactaron –con grande grandilocuencia, grandes titulares– esta lei. Mais o tempo pon e quita razóns. E cando –xa o dixen máis veces– o sabio sinala a lúa, o necio mira para o dedo. E o BNG xa quixo advertir do que significaba acordar con vostedes e acordar nestes termos. Mais pretenderon matar o mensaxeiro, pretenderon responsabilizar o BNG. Acusáronnos de non estar neste acordo fantástico, que se viu que xa non era unha fraude a lei en si mesma e non recollía as expectativas nin moitas das cuestións que esas persoas que viñeron a comparecer demandaban, senón que é unha fraude e un instrumento, unha vez máis, electoral que non se poña en marcha esa lei. Case tres anos despois, efectivamente, non temos a lei en marcha, non hai mandato marco, non hai contrato programa, non hai estatuto profesional, non hai consello de informativos... É dicir, unha lei demandada e esperada, e na que o BNG intentou que fora a lei...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...que os medios de titularidade pública de Galiza necesitaban, dende logo foi unha fraude na

súa xestión, e unha fraude que o Partido Popular usa ao seu antollo para beneficio propio. E está claro que, en tanto non pasen os vindeiros envites electorais, o Partido Popular non ten ningunha intención de poñela en marcha, porque segue sendo ese instrumento ao seu servizo.

Nós, no BNG, defendemos a necesidade deses medios galegos públicos, mais a lei que consensuaron, desde logo, non o garante. E a aplicación da mesma é máis que evidente que tampouco o vai facer.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra o señor Fajardo Recouso.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Bos días de novo.

A verdade é que un leva pouco tempo nesta Cámara e parece sorprendente –se non surrealista– que veñamos a debater que se cumpra a lei; claro, se non estivésemos nun proceso de destrución das institucións democráticas que leva adiante o Partido Popular, que non cre na democracia e dende logo no cre no Parlamento. Esta é unha realidade. Vostedes dótanse dunha lei que logo incumpren. Iso si, cando falan despois con grandes verbas, din que son o garante da lei. ¿Cales son as leis que vostedes garanten? As leis que botan as xentes das súas casas, as que lles quitan o desemprego cando non van a unha cita no Servizo Público de Emprego, as leis que reducen salarios, as leis que reducen as capacidades dos nosos pensionistas. Esas si que as cumpren *a pies juntillas*. Pero cando falamos de leis, por exemplo, coma estas, xa as cumpriremos ou non. O PP sabe moito de incumprir a lei, incluso sabe moito de defraudar e de ter diñeiro en Suíza.

Polo tanto, esas son as cuestións que a un lle sorprenden. Pero o que tamén é sorprendente é que esta lei de medios que se aprobou nesta Cámara –que parece que aquí dá igual o que debatamos e aprobemos, porque non se ten en conta por parte do Goberno–, aínda que nós non compartimos esta lei, si que pon enriba da mesa unha realidade que, cando menos, é curiosa. Fíxense vostedes que, segundo a representatividade desta Cámara e o número de membros que hai a

día de hoxe no consello de administración do ente público –once representantes–, o único grupo que por número debería de estar representado nese consello de administración é Alternativa Galega de Esquerda, e non está, non está representado. ¡Que curioso! ¿verdade? ¡Que curioso que estean todos de acordo para que precisamente Alternativa Galega de Esquerda non estea representada nese consello de administración –a pluralidade desta Cámara non está reflectida no actual consello de administración– e que curioso que os únicos que non esteamos sexamos Alternativa Galega de Esquerda!, quizais por unha cousa, porque levamos denunciando con contundencia que hai que mudar esa televisión pública, porque non é de recibo que o Partido Popular non gaste un só peso porque os leva a Suíza para ter un medio de expresión, un órgano de expresión do partido, e utilice un medio público como a televisión pública. A Televisión pública galega é o órgano de expresión do Partido Popular.

E incumpren a lei en canto á necesidade de convocar de forma inmediata o novo consello de administración e, polo tanto, a que sexa reflexo da nova pluralidade deste país, pero tamén en cousas fundamentais como son a imparcialidade e a veracidade.

Eu veño a esta Cámara pedir que canto antes revoquen o actual director xeral, porque nesta mesma Cámara o actual director xeral da CRTVG dixo dúas cousas que son graves: primeiro, que se cada vez que se enganaran tiveran que rectificar, terían que rectificar todos os días na Televisión pública galega –iso díxonolo na Comisión–. Pero dixo tamén outra cousa que a min me parece suficientemente grave. Cando viñeron presentar o Informe de contas da Televisión pública do ano pasado nós fixémoslle unha pregunta: ¿que pasaba coas liquidacións do IVE que ían supoñer un custo moi importante para a Televisión pública, porque non se recoñecían pola Facenda estatal unhas cantidades? Dixo que descoñecía esa realidade e que ¿como era posible que eu soubera máis do que facía a Facenda co IVE da TVG ca eles? E resulta que existían actas de negociación cos traballadores da Televisión pública onde el mesmo recoñecía esa realidade. Polo tanto, veu aquí e mentiu.

¿Como é posible que esteamos a falar dunha lei que di que debe de ser imparcial e veraz a nosa Televisión pública e o seu máximo representante na Cámara galega diga que non poden ser veraces, que é imposible ser veraces todos os

días, e ademais sexa capaz de mentir nesta Cámara? Entón, nós temos un problema moi grave.

Pero o problema real é que, ademais, a Televisión pública debe ser un instrumento para a cultura, para a personalidade, que constrúa o noso país. E é fundamental un medio público de calidade para que construíamos país, para que construíamos a nosa identidade e para que nos sintamos orgullosos de ser galegos. Parece que a vostedes iso lles dá absolutamente igual.

E é tanto así porque as cifras incluso de seguimento da nosa Televisión pública son lamentables...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** Son tan lamentables que incluso a Televisión pública fixo un *reality show* nos últimos días –a Televisión pública galega adícase a facer *reality shows*–. Pero os últimos datos de observatorios internacionais poñen encima da mesa algo que para nós é certamente preocupante. O 45 % da audiencia da Televisión pública galega ten máis de 65 anos; deixamos orfa a mocidade deste país. A mocidade deste país non se sente identificada, non mira a Televisión pública galega. ¿Por que? Porque é un fiel reflexo dunha realidade que eles non ven nas rúas. Na Televisión pública galega non se fala de pobreza, non se fala de desemprego, non se fala da situación dos nosos xóvenes, non se vai aos tajos ver que a xente non ten postos de traballo... Non, non se fan esas cousas. Fálase de campás perdidas, de galiñas con tres patas e de cuestións dese tipo, pero non se fala dunha realidade que a todos nos preocupa.

Polo tanto, a nós, que non compartimos esta lei, parécenos realmente tremendo que no Parlamento discutamos sobre que se cumpra ou non se cumpra a lei. E eu poño encima da mesa a pregunta coa que iniciéi: ¡que casualidade que nesa composición plural, supostamente plural, do consello de administración...,

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** ...o único grupo que non teña representación ao respecto da que temos no Parlamento sexa Alternativa Galega de Esquerda! Ao mellor, é que temen que...,

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Fajardo.

**O señor FAJARDO RECOUSO:** ...como pasou no Parlamento, o Parlamento deixe de ser un balneario para ser unha Cámara onde algúns levantamos a voz contra as barbaridades do Partido Popular. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra o señor Baamonde.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día, señorías.

Para empezar, señor Méndez Romeu, eu tería que dicir-lle que me dá a impresión de que na súa iniciativa hai dúas partes perfectamente diferenciadas: unha parte puramente negativa, que é esa na que fai referencia ao pasado, na que fala de manipulación, de control da televisión e na que fala dun pasado. Un pasado, señor Méndez Romeu, que é precisamente o que fixo necesario acometer o proceso de renovación desa televisión que vostedes tiñan e que nosoutros levamos adiante coa participación importante do señor Puy –efectivamente, ponente da lei–, tamén do señor Lage Tuñas –que hoxe non está nas súas filas– e mesmamente do señor Quintana –aínda que á última hora foi substituído por razóns que nosoutros non entramos a matizar–.

En canto ás acusacións que fan vostedes de manipulación da Televisión, do control por parte do Goberno, de utilización partidista, mire, non vou entrar moito nesa materia.

Falaba vostede, señor Méndez, das metáforas. Pois permítame a min tamén utilizar unha metáfora para explicar isto. Coñecen vostedes perfectamente aquela historia da gorgona, o monstro mitolóxico que tiña a facultade de petrificar a toda aquela persoa que cruzaba a mirada con el. No seu combate con Perseo, este, que coñecía perfectamente ese maleficio, o que fixo non foi mirala, foi poñerlle diante un espello, o espello do seu escudo. E cando o monstro veu reflectida a mirada no espello, morreu e quedou petrificado. Pois iso é o que lles pasa a vostedes cando falan desta cuestión, (*Aplausos.*) que non teñen credibilidade, porque queda petrificada xustamente cando se poñen diante do espello da televisión que deixaron.

Por certo, señor Méndez Romeu, non se preocupe tanto do señor Besteiro. O señor Besteiro é tan importante que é un dos poucos mortais que anda sempre con televisión incorporada; esa TIC que o acompaña a todas partes (*Aplausos.*) e que, como diría Quevedo, (*Aplausos.*) “*érase un hombre a unha televisión pegado*”. (*Aplausos.*)

Agora ben, señor Fajardo, dúas aclaracións ao que vostede dicía aquí. Hai unha na que ten razón: efectivamente que lles correspondería a vostedes a representación no consello de administración. Pídalle explicacións ao Partido Socialista, que seguramente é quen lle tería que ceder ese posto que lles está a ocupar. (*Aplausos.*)

E, por outra parte, señor Fajardo, (*Murmurios.*) respecto do director da Televisión, pide vostede a súa dimisión, como sempre fixo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) só unha consideración. (*O señor Fajardo Recouso pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non...

**A señora PRESIDENTA:** Señor Fajardo, non teño interese en chamalo de novo á orde. Faga o favor e respecte o turno de intervención do señor Baamonde.

Ten a palabra, señor Baamonde.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** Dícialle, señor Fajardo, que o director da Televisión actual tamén foi nomeado por consenso entre o presidente da Xunta e o secretario xeral do Partido Socialista, só que ese secretario xeral, nun deses pinchacarneiros que tanto lle gusta facer e que segue facendo, inventou despois aquel vodevil de retirada ou da marcha atrás ao que é mellor non darlle voltas.

Pero, mire vostede, señor Méndez Romeu, (*Murmurios.*) si é verdade que na súa (*Interrupcións.*) iniciativa si que presenta unha cuestión positiva, que é, efectivamente, traer a colación o consenso acadado para a remodelación da lei... (*A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.*)

A ver, señora Sestayo, hai algo moito peor que a mentira, que é a verdade, xa o dicía Talleyrand, e a vostede parece que lle molesta continuamente; (*Aplausos.*) moléstalle continuamente. (*Aplausos.*)

Dícialle que trae vostede a colación o consenso acadado para a renovación da lei. Non teña dúbida de ningún tipo de que nosoutros temos fidelidade absoluta a ese consenso acadado e de que tratamos de cumprilo. O que pasa é que ese proceso de transformación (*Murmurios.*) require unha cantidade de medidas de orde administrativa, laboral e mercantil que complican extraordinariamente un proceso; un proceso que se está a seguir, quizais non coa rapidez que quixeramos, pero sen pausa de ningún tipo.

E permítame tamén unha acotación...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** ...vostedes nunca puxeron demasiado interese, unha vez que falta o señor Lage Tuñas, en que ese proceso se acelerara. É certo que presentaron aquí algunha iniciativa, pero máis con intención de tocar pelota que de meter gol, ¡eh! Non teñen vostedes moita intención –tampouco llela vin eu ata agora– de resolver este problema.

Pero xa que nos facía a pregunta de se eramos capaces de comprometernos á aprobación do que nosoutros acordamos en consenso con outros grupos, evidentemente que si, señor Méndez. Nosoutros imos votar afirmativamente a aplicación da Lei 9/2011, que vostede reclama. Imos votala afirmativamente, en primeiro lugar...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor, señor Baamonde.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** ...como ratificación do noso compromiso con ese proxecto, como ratificación do noso compromiso e a nosa confianza nunha lei modélica unanimemente eloxiada e que, por certo, señora Prado, vostedes preconizaban que iamos privatizar e por iso se retiraron da Ponencia, dende que esa profecía –como outras que fan– non se cumpriu.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Baamonde.

**O señor BAAMONDE DÍAZ:** E, finalmente, porque nosoutros si que cumprimos o que prometemos. Vostedes prometeron reformar a Televisión e non o fixeron, (*Murmurios.*) nosoutros prometemos reformala e estámolo facendo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grupo autor da proposición non de lei.

Ten a palabra o señor Méndez Romeu.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Grazas, señora presidenta.

Agradezo o voto favorable do Grupo Mixto e da Alternativa Galega de Esquerda.

Señor Baamonde, podo discutir algunhas cuestións da súa intervención, pero hai unha na que teño que chamarlle formalmente a atención porque é unha calumnia. O actual director xeral da compañía non foi pactado, (*Murmurios.*) foi imposto unilateralmente polo presidente da Xunta. (*Prónuncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) E supoño que os que din tal algo saberán diso. (*Aplausos.*)

Señor Baamonde, o que vostedes van votar –está ben que o voten para non dar exemplo de desobediencia civil– é o cumprimento inmediato das previsións da lei. Levan mil días, tres anos, sen cumprir esas previsións nas que había que facer unha serie de trámites administrativos que non houbo ningún interese, ningunha urxencia, en levar adiante, como saben todas as persoas implicadas neste problema dentro e fóra da compañía.

Pero mentres ocorre iso a Televisión galega desplómase na súa audiencia. En maio deste ano a Televisión pública tivo o peor rexistro da súa historia, 8.8 puntos. A audiencia nalgúns meses está caendo á metade con respecto a 2009, e neste momento a caída media é de 5 puntos con respecto a esa data. A vostede quizais lle pareza normal que o tempo de pantalla nos programas informativos estea ocupado fundamentalmente pola imaxe do presidente Feijóo sempre en actuacións positivas, pola imaxe sucesiva de moitos dos membros do Goberno, ata totalizar bloques seguidos de inicio das informacións de 8 ou 10 que non se corresponden en absoluto coa relevancia desas informacións, e sobre todo que as informacións, que as novas relativas á oposición política en Galicia, estean tratadas co sesgo máis negativo posible, elaboradas non por periodistas independentes e profesionais senón polos gabinetes de prensa ao servizo do Partido Popular. É imposible ofrecer unha visión máis maniquea,

unha visión máis tramposa e unha visión máis descualificadora.

Por iso, señor Baamonde, temos que dicirlle que neste momento a Televisión galega é realmente o órgano de expresión do Partido Popular de Galicia e non un medio público. Os galegos están dedicando 90 millóns dos seus impostos no medio desta crise a soportar unha televisión de partido, unha televisión que despreza a lei, unha televisión que engana ou unha televisión que, como hoxe puidemos comprobar na súa comparecencia, nin sequera é quen de defender con argumentos sólidos para desmontar as afirmacións que foron feitas por este grupo.

Por iso lémbrolle, señor Baamonde...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** ...e lémbrolle a toda a Cámara: cumprimento inmediato da Lei de 2011.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan estratéxico de acción voluntaria para o período 2015-2020 e os aspectos que debe recoller**

**A señora PRESIDENTA:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, e para formulala ten a palabra o señor Dorado Soto.

**O señor DORADO SOTO:** Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

O Grupo Popular presenta hoxe nesta Cámara unha iniciativa que promove a elaboración dun plan de acción voluntaria para os próximos anos.

Na pasada lexislatura este Parlamento impulsou numerosas iniciativas, algunhas delas convertidas hoxe en leis, que melloraron a calidade e a cantidade na oferta de voluntariado de Galicia. A máis importante foi a elaboración e posterior aprobación da Lei de acción voluntaria de Galicia no ano



2011; un marco legal que deu pé a que, entre outras cousas, Galicia sexa a primeira administración autonómica que permita a certificación oficial das experiencias adquiridas durante todo o proceso de voluntariado; experiencias que poderán ser engadidas ao *curriculum vitae* de cada un dos voluntarios.

Ao abeiro do artigo 22 da Lei 10/2011, de acción voluntaria de Galicia, correspóndelle á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia –é dicir, á Xunta de Galicia– ordenar e promover as políticas públicas en materia de acción voluntaria no ámbito autonómico; fomentar a coordinación e a acción conxunta das administracións públicas de Galicia e as entidades de acción voluntaria; impulsar a cooperación con organismos de ámbito autonómico nacional ou internacional, así como elaborar o Plan galego de acción voluntaria, que hoxe é materia desta iniciativa.

Isto que puidera parecer baladí, á vista dalgúns, non é só un avance importantísimo para o recoñecemento de tan considerable laboura como é o voluntariado, senón que tamén facilita a busca de emprego para aqueles que son protagonistas destas experiencias.

As novas perspectivas abertas na Unión Europea, plasmadas no *Study of voluntary in European Union*, inciden, entre outros aspectos, en potenciar o recoñecemento público de acción voluntaria e en potenciar a necesidade de mellorar os rexistros públicos e os coñecementos estatísticos sobre a participación social no voluntariado.

A acción voluntaria, como manifestación da conciencia solidaria da cidadanía, contribúe ao fortalecemento da convivencia democrática, procura a mellora da calidade de vida e procura o benestar social dun xeito totalmente libre, altruísta e solidario. É que hoxe, e cada día máis, a educación non formal gaña enteiros no recoñecemento e na valoración dos currículos.

A participación en actividades de voluntariado amosa unha serie de valores e calidades que non deben pasar desapercibidos para aqueles que conforman equipos de traballo e para aqueles que levan a cabo procesos de selección, e de feito, e cada día máis, estes son tidos en conta.

O protagonismo da educación non formal é hoxe un fenómeno en aumento, xa que en moitas ocasións son os

mozos os que se encargan de xerar, a través dos seus proxectos, os seus propios procesos de aprendizaxe, algo descoñecido ata hai pouco e que merece o apoio económico, loxístico e normativo por parte da Administración da Xunta de Galicia.

E todo isto é posible grazas á importante innovación tecnolóxica e cultural que sufriu a sociedade actual, pero tamén, e como non podía ser doutra forma, grazas ao interese dunha mocidade e, en xeral, dunha sociedade cada día máis comprometida e cada día máis solidaria.

Como dicía anteriormente, correspóndelles aos poderes públicos a responsabilidade de crear o soporte normativo e a planificación precisa que posibilite, dende a liberdade, que a sociedade civil interveña no desenvolvemento das actividades e sectores de interese xeral mediante a acción voluntaria.

Esta planificación ten que facerse a iniciativa da Xunta, pero coa participación do sector, dos milleiros de galegos que participan activamente en accións de voluntariado, e coa opinión e aportación de todo o movemento asociativo que o sustenta.

Un movemento cada día máis amplo, un movemento cada día máis heteroxéneo, pero que require dun apoio maior e dunha transformación do sector. Dunha transformación que eles mesmos están pedindo de acordo coas súas necesidades e coas súas suxerencias, porque eles mesmos o fan e o piden cada vez que se achegan ás administracións públicas.

Tanto é así que durante os últimos anos o número de asociacións de acción voluntaria medrou un 15 %, ata chegar ás 860 asociacións. Uns datos aos que podemos acceder grazas á posta en marcha do Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia, que permite o rexistro tanto das entidades de acción voluntaria que operan na nosa comunidade, como das experiencias de voluntariado que se realizan en Galicia.

Tanto é así que nos cinco meses que leva en marcha o Rexistro de Acción Voluntaria xa están rexistradas máis de 1.000 experiencias de voluntariado, 1.000 experiencias de voluntariado en apenas cinco meses. Entidades e experiencias que teñen hoxe máis protagonismo ca nunca dende a publicación do decreto que puxo en marcha o Consello de

Acción Voluntaria de Galicia. O consello leva a cabo as funcións de coordinación, debate e proposta para a mellora da planificación en materia de voluntariado.

Falar de voluntariado hoxe en Galicia non só é falar de lecer, non é falar de ocio ou tempo libre, nin sequera é falar de xogos, como aínda algúns pensan, é moito máis importante. Hoxe falar de voluntariado é tamén falar de emprendemento, é tamén falar de empregabilidade, é tamén falar de responsabilidade social, e, por suposto, é tamén falar de solidariedade. E cando falamos de voluntariado e solidariedade, a primeira imaxe que se nos vén á cabeza a todos seguramente sexa as ringleiras de persoas tratando de doar sangue no catastrófico accidente de Angrois de hai máis dun ano. Esa foi unha boa mostra e un exemplo máis do que supón o compromiso social, a responsabilidade social e a importancia do voluntariado na nosa comunidade autónoma.

Por todo o dito, presentamos esta iniciativa tendo en conta que o III Plan de voluntariado está a punto de rematar, polo que cómpre proceder á elaboración dun novo plan que cubra os próximos catro anos. Cómpre facelo xa, canto antes, comezar os traballos de redacción neste trimestre para poder poñer en marcha o plan a principios do ano 2015, pero este plan non se poderá facer sen antes facer unha avaliación do plan que está a rematar. E terase que facer unha avaliación por parte de todos os axentes alí implicados, tecido asociativo, administracións, voluntarios, é dicir, todos os implicados. Unha avaliación que dea pé a un informe concluínte e útil para a redacción do próximo plan, para poder engadir medidas e para poder mellorar a eficacia dos plans de voluntariado no futuro.

Na opinión deste grupo parlamentario, o futuro Plan de acción voluntaria debería incidir nos seguintes obxectivos: primeiro, fortalecer as entidades de acción voluntaria; segundo, mellorar a calidade de participación cidadá; terceiro, incrementar a coordinación administrativa interdepartamental; cuarto, incidir nos valores de aprendizaxe de servizo, e quinto, afondar nos recoñecementos das experiencias voluntarias. Todo isto –e como é evidente– acompañado dunha partida orzamentaria coherente aos obxectivos que se plantexan no plan e que poida levar a cabo con éxito todos estes obxectivos que acabo de relatar.

En definitiva, o Grupo Parlamentario Popular propón o desenrolo e a elaboración dun novo Plan de acción volunta-

ria que siga incidindo na importancia do voluntariado, que siga dándolle maiores oportunidades ao conxunto da sociedade, pero tamén –e especialmente– á mocidade, non só para amosar a súa responsabilidade e o seu compromiso social, senón tamén –e como lle acabo de dicir– para mellorar as súas opcións de empregabilidade.

Agardo que poidamos acadar, con esta iniciativa, o mesmo nivel de consenso que acadaron no ano 2011 coa aprobación da Lei de acción voluntaria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Dorado.

Intervención dos grupos parlamentarios. Polo Grupo Socialista ten a palabra a señora Gallego Calvar.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días de novo, señoras e señores deputados.

Eu entendo, señor Dorado, que vostede acaba de facer xa unha autoemenda á súa iniciativa, que lle agradezo, porque ademais ten bastante que ver coa primeira das emendas que nós presentamos, que, efectivamente, para facer un novo plan de acción voluntaria para o período 2015-2020 non hai nada mellor que avaliar o plan que aínda está vixente, o III Plan galego de acción voluntaria 2011-2014, e saber, efectivamente, que se cumpriu nel, porque se non estaríamos facendo mal o noso traballo. Non se pode poñer a andar un novo plan de acción se non se sabe, exactamente, ata que punto se cumpriu ou se incumpriu o plan anterior e se os obxectivos acadaron o que se prevía ao inicio. Esta era a primeira das nosas emendas.

A segunda era que este plan se faga sen suplantarse as accións que deben levar a cabo as distintas administracións públicas. E vou explicalo. Porque vostede falaba de coherencia, e falaba de que aprobabamos na pasada lexislatura unha lei de voluntariado por unanimidade, en 2011; esqueceu vostede dicir –seguramente porque non tiña tempo para facelo– que esa lei do voluntariado que se aprobou en 2011 a deixou feita o Goberno bipartito, aquel goberno tan terrible que tivo Galicia, e que vostedes o que fixeron foi tela tres

anos, ou dous anos, mellor dito, escondida nun caixón e que cando a trouxeron ao Parlamento viña empeorada.

Tratamos, coas nosas emendas, de que volvera ser a lei que era, pero foi imposible porque vostedes se negaron sistematicamente. E tamén, seguramente, lle esqueceu, nisto da coherencia, de propoñer medidas que sexan coherentes, o que se expresa aquí nesta tribuna por parte dos oradores do Partido Popular, neste caso pola súa parte, e o que está facendo na realidade o Goberno Feijóo co voluntariado. Por exemplo, seguramente vostede tampouco tivo tempo de falar por que o voluntariado leva unha redución orzamentaria, cando no ano 2009 se dedicaban a accións de solidariedade 9, 8 millóns de euros e no 2014 1,3 millóns de euros; unha redución de nada menos que o 87 % do orzamento dedicado ao voluntariado en Galicia. Ou por que cada vez que se publica unha mínima liña de axudas relacionadas co voluntariado, neste caso da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, pois as organizacións que traballan co voluntariado se escandalizan porque vostedes, entre outras cousas, establecen tempos e horas máximas nas que os voluntarios poden facer os seus servizos, o cal rompe claramente coa identificación do que debe ser o voluntariado.

En definitiva, o que pretende –porque este é o fondo da cuestión– o Partido Popular co voluntariado é empregalo para substituír o traballo que deberan facer as administracións públicas.

Vostede dicía aquí que cando fala de voluntariado se lembraba das persoas que se acercaron a doar sangue cando foi a catástrofe de Angrois. Eu tamén me lembro doutras un pouco máis lonxanas, pero que todos os galegos e as galegas temos gravadas para sempre nas nosas retinas, que son aqueles milleiros de persoas que viñeron non só doutros puntos de España, senón doutros puntos de Europa, a socorrer as praias de Galicia cando a catástrofe do *Prestige*, cando aquel accidente un goberno, a xestión dun goberno, o converteu nunha catástrofe; aqueles voluntarios que viñeron facer aquilo que non estaba facendo o Goberno.

Eu quero que o voluntariado exista, eu quero que a sociedade civil se poida organizar para facer voluntariado, pero o que non quero, baixo ningún concepto, e o meu grupo nunca quixo, é que o voluntariado se empregue para substituír o que deben facer as administracións públicas, que o volunta-

riado se empregue como subterfuxio para substituír o que debe ser emprego.

E hai unha sentenza do Tribunal Supremo que eu non quero ver reproducida na Comunidade Autónoma de Galicia. É unha sentenza deste ano que di que o supremo impide utilizar a parados como voluntarios para cubrir tarefas habituais, e eu iso non o quero ver na miña Comunidade Autónoma.

Por iso, a nosa emenda, no seu último punto, o que pide é que non se suplanten as accións que deben levar a cabo as administracións públicas co voluntariado.

Por iso lle pido, señor Dorado, que, como estou segura que vostede non tivo tempo para falar de todas estas cousas no inicio da súa intervención, poderá agora aceptar a nosa emenda, e nós gustosamente estaremos encantados de contribuír a traballar nese seguinte plan de voluntariado. Iso si, un plan que teña orzamento concreto, que teña compromisos concretos e que deixe a retórica a un lado e empece de verdade a apostar por un voluntariado cívico que non sexa para substituír o que teñen que facer as administracións públicas, nin para substituír o que teñen que facer co emprego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Paz Franco.

**A señora PAZ FRANCO:** Grazas, señora presidenta.

Bos días, señores deputados.

O artigo 22 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, di, entre outras cousas, que é competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia –no seu apartado 1.c)– elaborar o Plan galego de acción voluntaria. Polo tanto, aquí case deberíamos rematar o debate, señoras e señores deputados, porque estamos ante unha iniciativa do Partido Popular que di que se cumpra o que dispón a lei aprobada por este Parlamento.

Desde logo, eu non sei como o señor Núñez Feijóo –que está tan preocupado pola calidade do traballo que facemos

neste Parlamento, e sendo presidente do Grupo Parlamentario Popular– non toma medidas en relación coas iniciativas que presenta o seu grupo para o seu debate neste pleno, porque estamos debatendo algo tan obvio como que se cumpra unha lei que obriga a Xunta de Galiza.

Pero dito isto, tamén quero falar algo da acción voluntaria e do concepto que ten a Xunta de Galiza de cal debe ser a acción voluntaria.

Por non repetir cuestións que dixo a voceira do Grupo Socialista en relación coa verdadeira faciana que este Goberno lle quere dar para substituír traballos e cuestións que deberían ser realizados pola Administración da Xunta de Galiza, nós o primeiro que queremos dicir e pedirllas aos deputados do Grupo Popular é que, antes de viren aquí pedir que se elabore un novo plan estratéxico, o primeiro que deberían facer era ler o III Plan estratéxico, que remata no ano que estamos en curso, no ano 2014, e mirar que todos aqueles ítems que nesas cento e pico folios de plan estratéxico se plantexaban como obxectivos da acción voluntaria da Xunta de Galiza. ¿Cales se cumpriron e cales non?

Porque, mire, señor Dorado, por moitas palabras e por moita retórica que utilice vostede desde esta tribuna, de palabras preciosas todas terminadas en *-ade* –as palabras terminadas en *-ade* son maravillosas: liberdade, solidariedade, empregabilidade..., dixo polo menos quince ou vinte na súa intervención–, pois no canto diso podería dicirnos, por exemplo, en relación coas accións e coas liñas estratéxicas que definía o plan, por poñer só un exemplo, na súa páxina 26, referida á igualdade, por exemplo, Promoción do voluntariado para a igualdade entre homes e mulleres en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade, que fixo o Goberno do Partido Popular ademais de cargarse o voluntariado de acompañamento ás mulleres vítimas de violencia de xénero que se levaba a cabo a través de asociacións de mulleres coa formación e coñecemento específico da materia, e que vostedes lles quitaron esa colaboración ás asociacións de mulleres para realizalo a través directamente da Dirección de Xuventude, que nos gustaría saber que é o que ten que ver exactamente coa igualdade e coa violencia de xénero.

O mesmo poderíamos dicir, por exemplo, co obxectivo que se fixa no terceiro Plan estratéxico en relación coa materia de vivenda, onde di: “Integración social e convivencia na

vivenda en colaboración co Instituto Galego da Vivenda e Solo e as entidades que traballan neste ámbito”. Vostedes nin sequera son capaces de prestarlles apoio ás persoas que fan auténtico voluntariado social de intentar axudar aquelas persoas vítimas deste sistema inxusto e que son desafiuzadas, porque o Instituto Galego da Vivenda nin sequera colabora para evitar que a xente quede na rúa.

Pero habería moitos outros exemplos que poderíamos poñer aquí do desmantelamento sistemático e de como este Goberno lles dá as costas...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PAZ FRANCO:** ...sistematicamente ás persoas que queren facer algún tipo de acción voluntaria, porque o que non vale é que nos poñan aquí como exemplo de acción voluntaria a doazón de sangue. E, sen embargo, vostedes, por exemplo, boicotearon o voluntariado en defensa do monte galego, ou boicotearon o ano pasado cando o voluntariado intentou ir facer unha actuación no monte Pindo despois dun incendio que arrasou unha paraxe natural de incalculable valor, provocando perdas tamén dificilmente reparables, e que pretendían ir facer un traballo imprescindible, e a Xunta boicoteou a súa actuación.

Por non falar dos recortes orzamentarios, que, efectivamente, xa no ano 2012 baixaran de case 9 millóns a 1,8 millóns de euros, e agora para o ano 2015 hai 1,3 millóns de euros para actuacións de acción voluntaria.

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora PAZ FRANCO:** E se non vaian vostedes preguntarlles a todas as entidades de acción voluntaria, pero tamén ás organizacións non gobernamentais, que tamén fan acción voluntaria e que ven como cada ano se merman as aportacións da Xunta de Galiza, colaboración da Xunta de Galiza, e como cada vez se lles poñen máis obstáculos para realizaren as súas funcións, os seus cometidos e a súa acción voluntaria.

Polo tanto, antes de vir con estas iniciativas de autobombo, deberían vostedes facer exame de conciencia.

Máis nada e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Paz.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, ten a palabra dona Eva Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Ben, eu xa sei que lles vai parecer mal, pero hai que dicir unha vez máis que estamos ante unha proposición non de lei para instar a facer algo que o Goberno xa ten que facer. Eu entendo que ten que cubrir vostede aquí o seu cupo de iniciativas. Logo dirán que, claro, teñen dereito a traer iniciativas, e eu non vou dicir o contrario. Pero eu penso que hai que ser un pouco serias e un pouco serios, porque, ademais co tema do voluntariado xa son vostedes reincidentes, xa levan traído iniciativas a debate, nas que non hai nada que debater. Hai ano e medio, en comisión, debatíamos unha proposición non de lei na que se instaba o Goberno a poñer en marcha medidas de plans de voluntariado que xa había, que xa estaban deseñadas, e agora outra vez con isto. Non sei se de verdade vostedes pensan que estes son os problemas da cidadanía galega.

Sexamos serios. Xa temos unha Lei de voluntariado, esa á que vostede se referiu do ano 2011, que ademais foi impulsada polo Goberno, que obriga e regula a realización de plans de voluntariado. ¿É necesario, señor Dorado, traer esta proposición hoxe aquí? Porque entón podemos entender que o que vostedes nos están a trasladar é que o Goberno non fai o seu traballo, e teñen que ser vostedes como grupo parlamentario do mesmo partido que o Goberno os que traían unha iniciativa aquí para dicirlles que fagan o seu traballo.

A Lei de voluntariado, no título III, capítulo I, na atribución das competencias, xa nos di no artigo 21 que lles corresponde ás administracións públicas de Galicia impulsar e favorecer a acción voluntaria, elaborar os instrumentos de planificación e promover a formación dos voluntarios. No capítulo III, Dos instrumentos de planificación, no artigo 28 fala xa do nomeado Plan de acción voluntaria. E no artigo 29 establece como debe ser e a súa periodicidade. Polo tanto, xa está estipulado na lei, toca polos prazos legais desenrolar un novo plan e punto.

¿E que?, ¿para que traemos esta iniciativa aquí? Eu pediría un pouco de seriedade nas iniciativas que se traen a este Parla-

mento. Eu entendo que esta iniciativa tería algo de sentido se vostedes planteasen algunhas medidas ou algúns puntos que o seu grupo considera que deberan estar incluídos neste plan, pero é que non din nada, vostede non propón nada específico.

Claro que temos exemplos maravillosos de voluntariado, temos un ao que a xente da esquerda sempre estaremos en débeda: as Brigadas Internacionais. Iso foi voluntariado.

Miren, o voluntariado pode ser algo positivo. Mozas e mozos e maiores, compañeiros nosos son voluntarias e voluntarios, igual que o son a xente das oenegés, a xente de Stop Desafuzamentos, a xente das oficinas de dereitos sociais, os colectivos que traballan contra a exclusión. Son voluntarias e voluntarios no sentido estrito, no sentido da militancia. Dedican o seu tempo, o seu esforzo a axudar os demais, en defender os dereitos colectivos, en tentar non permitir que a xente quede sen teito, sen comida, sen atención sanitaria. E son precisamente estes os que están a sufrir as súas políticas de recortes e de represión. Polo tanto, ¿de que estamos a falar?

O problema é que vostedes en troques de traer esta obviedade deberían, xa que o vinculan habitualmente coa mocidade, estar traendo políticas activas de emprego para que a mocidade non teña que irse ao exilio económico, para non seren explotadas e explotados nunha FP dual –obra súa–, ou para que poidan emanciparse. Porque o voluntariado dentro da sociedade capitalista tamén é utilizado como elemento de precarización, de aumento da explotación dos sectores máis novos da clase obreira, señor Dorado, non sei se o sabe. E o voluntariado dentro deste sistema é empregado a miúdo como elemento asistencialista, e todo o que sexa asistencialista, caritativo, vai en contra dos dereitos sociais. Polo tanto, o voluntariado pode ser maravilloso, pero dentro deste sistema a súa utilización pode ser unha perversión. Nós queremos traballos dignos para as persoas, nomeadamente para a mocidade, e dereitos sociais para todo o mundo.

E mentres vostedes traen isto aquí, o Goberno do Estado estaba ausente no cumio técnico europeo para o emprego xuvenil, que, por certo, se celebrou a semana pasada en Finlandia. Esa é a súa preocupación polos mozos e as mozas. E mentres isto sucede, pechan vostedes tamén o Consello da Xuventude do Estado por seren independentes e faceren informes...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora Solla FERNÁNDEZ:** ...como o que di que en Galicia cada vez os mozos e as mozas teñen menos posibilidades de emanciparse das súas familias, e que a poboación ocupada entre os menores de 30 anos segue baixando.

Mentres vostedes traen isto aquí, milleiros de mozas e mozos seguen emigrando exiliados e exiliadas, obrigados polas súas políticas en materia de emprego e investigación.

Sigan vostedes así, sen facer nada, traendo este tipo de iniciativas, sen tomarse isto en serio, que logo dirán que é culpa da esquerda, que non traemos propostas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Dorado Soto.

**O señor DORADO SOTO:** Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, señora Gallego, direille que o Goberno do Partido Popular impulsou un plan e un marco de actividade moito máis amplo do que tiña o bipartito no seu momento; moito máis amplo, con menos recursos, ¡iso é verdade!, menos recursos orzamentarios. E non lle vou recordar por que temos menos recursos orzamentarios, porque é unha débeda histórica que deixou vostede e a súa mala xestión na Xunta de Galicia. *(Murmurios.)* Pero a pesar de todo iso, direille que hoxe existe unha oferta moito máis variada e moito máis ampla de voluntariado e con maior certificación e recoñecemento da que existía hai cinco anos.

Ademais, o que si que lle podó dicir é que non confundimos emprego e voluntariado, iso non o facemos, nin confundimos a acción que debe desenrolar a Administración coa acción que deben desenrolar os voluntarios. E por iso direille, señora Gallego, por se vostede non o ten claro, que non temos ningún problema en firmar un acordo parlamentario. Polo tanto, pode ter a seguridade de que nós aceptaremos a súa emenda.

Con respecto a vostede, señora Paz, eu direille que o que vostede di que é obvio hai cinco anos non era tan obvio. E como a vostede lle gustan as palabras acabadas en *-ade*, direille que o que hoxe é unha obviedade hai cinco anos non existía en Galicia, que era unha planificación a prol do

voluntariado. Polo tanto, o que ten que facer sería felicitar o Goberno de Galicia por ter feito un plan que non existía hai cinco anos e por ter ofertado máis prazas e máis servizos dos que tiñan ofertados hai cinco anos.

E, por último, con respecto á intervención de AGE, eu direille unha cousa: trouxemos, traemos e traeremos moitas máis iniciativas de voluntariado, porque a este grupo parlamentario preocúpalle o voluntariado, e por iso o estamos a traer. Por outra banda, direille que vostede non marcou nin unha soa proposta, nin unha soa proposta para este Plan de voluntariado.

Di que na nosa intervención non existía nin unha proposta. Iso non é verdade, señora Solla; había cinco obxectivos que marcamos claramente. ¿Cantos marcou vostede? Ningún. Pero voullos recordar: primeiro, fortalecer as entidades de acción voluntaria; segundo, mellorar a calidade da participación cidadá; terceiro, incrementar a coordinación administrativa interdepartamental; cuarto: incidir nos valores de aprendizaxe e servizo; e quinto: afondar no recoñecemento das experiencias voluntarias. ¿Cantas propostas puxo vostede enriba da mesa? Ningunha.

Polo tanto, claramente, imos aprobar a emenda do Partido Socialista de Galicia, imos traer máis iniciativas a prol do voluntariado. E este grupo parlamentario por suposto que está comprometido co voluntariado e co emprego, que é diferente. Porque cando falamos de emprego falamos dun Plan de emprego xuvenil, falamos de algo que a vostede non lle gusta, a FP dual, pero que lles está a dar moitas oportunidades de emprego a moitos mozos que se están a formar hoxe en Galicia, e oportunidades de emprego é hoxe en día o maior desafío social que ten hoxe Galicia. E este Goberno e este grupo parlamentario non desistirán na loita contra o emprego xuvenil.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

#### *Votación das proposicións non de lei*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos as proposicións non de lei.

Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do señor Gómez Alonso, que coído que dixo que non aceptaba as emendas presentadas. Polo tanto, votamos a iniciativa tal e como foi presentada.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alejandro Gómez Alonso e D<sup>a</sup> María Soledad Piñeiro Martínez, sobre a priorización do tramo Carballo-Baio na construción da autovía da Costa da Morte para a súa posta en servizo antes do remate da IX lexislatura.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 26; abstencións, 8.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos en segundo lugar a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Pontón, á que non se presentaron emendas.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos acordos parlamentarios referidos á aplicación e seguimento do Plan xeral de normalización da lingua galega.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta iniciativa.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a proposición do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa da señora Díaz, á que non se presentaron emendas.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Gober-*

*no do Estado da modificación da lexislación hipotecaria e de axuízamento civil.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Pontón Mondelo, á que non se presentaron emendas.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego en relación coa xestión e titularidade da AP-9.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da señora Gallego, que dixo que non aceptaba a emenda do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia ante o Goberno central para que se amplíe a protección por desemprego no seu nivel asistencial, así como para que se implemente un plan de emprego específico para as persoas en desemprego de longa duración.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 27; votos en contra, 37; abstencións, 7.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a Proposición do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de don Ramón Vázquez, que acepta como adición o punto 2 bis da emenda do Grupo Socialista.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz e D. José Javier Ron Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co canon por préstamo e adquisición de obras nas bibliotecas, museos, arquivos, hemerotecas, fonotecas ou filмотecas públicas de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.*

**A señora PRESIDENTA:** Votamos a Proposición do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do señor Méndez Romeu, á que non se presentaron emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Luis Méndez Romeu e Dª María Remedios Quintas Álvarez, sobre o cumprimento polo Goberno galego das previsións da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 56; abstencións, 15.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición.*

**A señora PRESIDENTA:** E votamos, por último, a Proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por inicia-

tiva do señor Dorado, que dixo que aceptaba como emenda de modificación a emenda do Grupo Socialista.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Marta Rodríguez Arias e sete deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan estratéxico de acción voluntaria para o período 2015-2020 e os aspectos que debe recoller.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición.*

**A señora PRESIDENTA:** Feitas as votacións, continuamos coa orde do día, co punto cinco, de interpelacións.

**Interpelación de Dª María Carmen Gallego Calvar e dous deputados/as máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Goberno galego do cumprimento dos dereitos recollidos na Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia**

**A señora PRESIDENTA:** Para formular esta interpelación ten a palabra a señora Gallego Calvar.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Grazas, presidenta.

Boa case tarde xa.

Señoras e señores deputados.

Conselleira, moito falamos este verán de dependencia, lamentablemente. A verdade é que vostede dixo algunhas cousas nas que eu agardo que hoxe aquí rectifique; igual que tamén agardo que rectifique ao propio presidente Feijóo, porque tamén dixo algunhas cousas que non se corresponden, dende logo, coa verdade e que son un insulto á intelixencia e sobre todo un insulto ás persoas que están esperando. (*Murmurios.*)



**A señora PRESIDENTA:** Silencio, por favor.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Como xa anunciabamos no mes de abril, nun debate que tivemos neste Pleno, a súa decisión de facer unha reavaliación de todas as persoas que tiñan algún dereito a algunha prestación recoñecida pola Lei de autonomía persoal, pola chamada Lei de dependencia, ía derivar nun incremento dos copagos no caso das prestacións económicas e nunha redución dos servizos, no caso daqueles que tiñan prestación de servizos concedidos. E así é. Neste mes de agosto empezaron a notificarlles ás persoas dependentes, tanto ás que xa están percibindo as prestacións económicas ou de servizos como ás que aínda están no chamado limbo da dependencia, desde a súa consellería, as reducións; reducións que, nalgúns casos –como vostede sabe– chegan ao 70 %; noutros casos hai cartas recibidas nas que a persoa recibe xa unha prestación cero. E nós calculamos –e este é un dato que non temos, efectivamente, pero estamos traballando con moitos traballadores e traballadoras sociais que están facendo o cálculo– que se pode estar falando dunha redución de prestacións de en torno ao 40 % do que tiñan até o de agora as persoas con algún dereito recoñecido pola Lei da dependencia.

E hai algunhas situacións que son moi graves, conselleira, por iso lle pido hoxe que rectifique as súas palabras e que non fale de “paguiñas”, porque estamos nunha situación en Galicia, con esta crise económica e coas consecuencias das medidas que vostedes están adoptando, na que temos –como vostede sabe– máis de 93.000 fogares nos que todos os seus membros están no paro, e temos a moitas persoas ao bordo da pobreza e da exclusión social. Vostede sábeo porque vostede tramita a risga e sabe que con todos eses retrasos que ten e co incremento orzamentario que está facendo cada ano non chega vostede para cubrir todas as expectativas –algo do que xa temos falado aquí–.

E, entón, cando está a xente nesta situación, non se pode falar de paguiñas. Unha conselleira de Traballo e Benestar non pode falar de paguiñas e non pode insinuar –como vostede insinuou nos medios de comunicación– que as familias con eses servizos da Lei de dependencia empregan ese diñeiro para outros fins. Porque, conselleira, cando unha familia ten que depender dunha prestación, dunha risga ou dunha pensión non contributiva é que a súa situación é realmente desesperada. E eu creo que vostede debería hoxe aquí recti-

ficar esas palabras e pedirles desculpas aos milleiros de cidadáns aos que vostede lles faltou ao respecto con esas declaracións.

E cando o señor Feijóo se queixa diante dos medios de comunicación de que non son noticia as cartas que lles chegan ás persoas beneficiarias dalgún dereito polo sistema de autonomía persoal e dependencia e si, sen embargo, son noticia as cartas que lles chegan cando lles recortan os dereitos, hai que facerlle entender ao señor presidente da Xunta que as cartas que lles chegan recoñecéndolle o dereito teñen que ser noticia para as persoas que teñen o dereito, porque hai unha lei estatal que os obriga a vostedes a recoñecerlles ese dereito ás persoas. Non é unha concesión graciosa do presidente da Xunta, é un dereito. E cando as persoas teñen un dereito recoñecido, hai que outorgarlle o dereito que teñen recoñecido, por ser neste caso un dereito subxectivo, e non empregalo como unha arma política ou como unha arma de propaganda política. Iso é o que hai que explicarlle ao señor Feijóo. E, polo tanto, claro que ten que ser noticia que o Goberno da Xunta de Galicia cruelmente e inxustamente recorta as prestacións en materia de dependencia ás persoas que no noso país teñen recoñecido ese dereito.

Conselleira, vostede ten 18.000 persoas esperando no limbo da dependencia, 18.000 persoas que teñen o dereito recoñecido e ás que vostedes non lles dan a prestación que teñen recoñecida. Pero vostede, cos datos do mes de xullo deste ano, é un dos gobernos autonómicos que peor se comporta con respecto ao cumprimento da Lei de autonomía persoal. Ata o ano 2011 vostede xustificaba e escudábase en que eses datos eran malos porque o malo Goberno do señor Zapatero financiaba inadecuadamente a Lei de autonomía persoal. Vostede daquela era moi reivindicativa co Goberno do Estado no financiamento do sistema da dependencia, e agora, conselleira, ¿o Goberno do señor Rajoy está financiando axeitadamente a Lei de autonomía persoal para Galicia? ¿Está poñendo o diñeiro que ten que poñer? Conselleira, se agora o Goberno do señor Rajoy recortou os fondos para a autonomía persoal en Galicia en máis dun 20 % con respecto aos que concedía o señor Zapatero, ¿por que vostede non levanta a súa voz?, ¿por que vostede non protesta? Se agora o Goberno do señor Rajoy lles fai pagar ás persoas usuarias do sistema de autonomía persoal en Galicia un 30 % nos copagos e nos servizos e antes era un 10 %, ¿por que vostede non levanta a súa voz e non protesta contra ese goberno do señor Rajoy?

Señora conselleira, ¿por que vostede non fai o que fan outras comunidades autónomas cando o señor Rajoy lle dá un golpe mortal á Lei de autonomía persoal e á dependencia? ¿Por que vostede non complementa o que quita o Estado para evitar que as persoas usuarias en Galicia teñan que pagar máis e para evitar esas reavaliacións que vostede fixo por decisión política súa que supoñen un recorte nas prestacións para as persoas con autonomía persoal? ¿Sabe por que? Porque vostede comparte a mesma filosofía que o señor Rajoy, porque o señor Feijóo e o señor Rajoy comparan a mesma idea acerca da Lei de autonomía persoal.

Vostedes non queren esta lei, vostedes non queren os dereitos que reconece esta lei e vostedes non se atreven a derogala porque consideran que isto lles quitaría votos. Non ten nada que ver coa súa ideoloxía, ten que ver coa rendibilidade electoral; como fixeron co do aborto, retirana porque saben que lles quita votos, non porque pensen distinto. E coa Lei de autonomía persoal é igual, non se atreven a derogala porque saben que lles quitaría votos, pero estana desmantelando pola vía dos feitos. ¿Como? Quitando prestacións, quitando dereitos e quitando recursos económicos.

Mire, Galicia está, en canto ás solicitudes sobre o total da poboación, por debaixo da media do Estado –tendo en conta o envellecemento da poboación galega, este é un dato, dende logo, relevante–; en canto a ditames sobre o total da poboación, tamén está por debaixo da media do Estado. E, se quere, fágolle a comparación con Andalucía e con Asturias, porque eu estou segura de que na súa intervención van saír Andalucía e Asturias: tanto Andalucía como Asturias comportanse mellor neste respecto ca nós.

As persoas con dereito reconecido e dependentes de atención no limbo da dependencia son en Galicia moi superiores á media do Estado. De feito, somos a terceira comunidade autónoma con máis persoas sen atender, só por detrás de Canarias e de Murcia. E, se quere, a media do Estado está no 20 %, Galicia está no 31,50. Se quere, dígo-lle a media en que está Asturias, por exemplo, no 13,30 %, moito por debaixo incluso da media do Estado –dígoo porque como vostede vai comparar...–. En Galicia as persoas beneficiarias neste momento, é dicir, as que están percibindo prestación, son 36.645, por debaixo tamén da media estatal; dende logo, tamén en peor comportamento que Andalucía e Asturias.

Perdemos poboación atendida, conselleira. Cando di o señor Feijóo que hai máis poboación atendida agora, mente. Dende hai un ano estamos perdendo poboación atendida, o crecemento neto intrer anual é negativo, -1,59 %, e é superior ao do Estado. O Estado perde menos atención atendida, Galicia perde máis poboación atendida.

Pero o gasto público, conselleira, o gasto público por habitante/ano está por debaixo do 90 % do gasto medio estatal. É dicir, Galicia está gastando 90,65 euros, namentres a media do Estado é do 109,60. Por certo, xa lle digo, Andalucía, 112; Asturias, 93. E perdemos ditaminados do grao tres, grandes dependentes, a pesar de que o señor Feijóo afirmou solemnemente que a prioridade era atender os grandes dependentes. Pois perdemos, en negativo, -9,63...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...mentres o Estado perde -5,95; tamén por riba da media do Estado.

Con estes datos conselleira, a pregunta é moi sinxela: ¿vostede de verdade aposta polo cumprimento da Lei de autonomía para a dependencia?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Moitas grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

Señoría, a verdade é que si, levamos non dous meses falando de dependencia, nin sequera este verán, senón que levamos sete anos falando xa de dependencia. E o bo que ten ser interpelada por unha deputada como vostede, unha deputada veterana, é que me consta que ten vostede memoria, que sabe perfectamente o que se fixo dende hai sete anos, dende o nacemento desta lei, ao longo dos distintos gobernos que tiveron a oportunidade de levala adiante. E tamén estou absolutamente convencida de que nesa memoria súa sabe moi ben como foi xestada esta lei, aprobada en decembro do ano 2006 e que se puxo en funcionamento no ano 2007, e no que foi baseada.

É unha lei que, como todas as leis que fan os gobernos socialistas, xera unhas expectativas, recoñecendo uns dereitos baseados neste caso en dous piares absolutamente irrisorios e absolutamente imposibles de cumprir; dous piares, os baseados nesta lei, que son, por unha banda, o financiamento e, por outra banda, a estimación de dependentes que había no noso país e mesmo tamén nas comunidades autónomas que tiñamos que atender. É dicir, xorde unha lei no Estado no ano 2007 liderada polo Partido Socialista que se basea nun libro que se chama o *Libro branco da dependencia*, que di exactamente que na nosa comunidade habería 16.000 dependentes, grandes dependentes. Velaí que cando chegamos ao Goberno no ano 2009 ese Libro branco queda absolutamente desfasado, posto que xa había no ano 2009 25.000 grandes dependentes na nosa comunidade. E, evidentemente, iso non concorda coas expectativas e con ese gran estudo que fixo o Goberno socialista.

O outro piar, o piar do financiamento, o piar recoñecido na lei, o piar que di que o financiamento da Lei da dependencia ten que ser 50 % Estado, 50 % comunidade autónoma, é absolutamente irrisorio. E, como vostede sabe, dende o minuto un o Goberno Zapatero, que tivo a oportunidade de gobernar dous anos con esta lei, aínda máis, perdón, máis de tres anos con esta lei, foi absolutamente incapaz de incumprila, e cando chegamos ao Goberno no ano 2009 a Comunidade Autónoma, grazas á aportación do Goberno popular, que incrementou o presuposto, financiaba o 70 %, con recursos propios dos galegos, da Lei da dependencia, mentres que o Goberno do Estado financiaba o 30 %. Agora a situación ten mudado, efectivamente: a Comunidade Autónoma e, polo tanto, todos os galegos estamos a financiar o 80 % da atención á dependencia e o Goberno central o 20 %.

E si, señoría, falo onde teño que falar, falo onde se me escoita, e reclamo exactamente o mesmo que lle reclamaba ao presidente Zapatero, que é o financiamento e o cumprimento da lei no seo do Consello Territorial, e que, efectivamente, ese financiamento chegue. Pero hai que falar, porque vostede coma min somos veteranas nestas lindes do Parlamento, e mesmo tamén do Goberno, e vostede, co bipartito, evidentemente, tivo a oportunidade de gobernar dous anos e de levar a adiante esta lei durante dous anos. Dous anos nos que no desenvolvemento da lei, e pese a que xa había 25.000 grandes dependentes –só falo dos grandes dependentes–, os únicos dependentes que foron quen de atender foi 14.000;

14.000 dependentes que no ano 2009 presupostaron cun investimento de 126 millóns, 126 millóns de euros que querían atender a eses 14.000 e a 46.000 máis.

É dicir, o Goberno bipartito –liderado polo Partido Socialista, polo PSdeG, e mesmo polo Bloque– deixa 46.000 persoas sen atender. E dicía vostede: ese limbo que hai agora. Agora temos un limbo de 18.000 persoas sen atender, pois lamentablemente si, lamentablemente temos ese limbo e nós estamos a facer todos os nosos esforzos para chegar a todos eles.

Pero é máis, faga as contas: se vostedes deixaron 46.000 sen atender, e de media cada ano entran 11.000 persoas sen atender, e agora só hai 18.000, o que quere dicir é que este Goberno, ao longo dos anos, dende o ano 2009 ata o de agora, é quen de atender no só todas as solicitudes da dependencia que entraron ano tras ano, senón mesmo tamén de tentar arranxar a lembranza que, coma sempre, deixan dende o Partido Socialista cada vez que chegan aos gobernos, e niso estamos a esforzarnos. Vostedes deixaron practicamente o 70 % das persoas que solicitaron a dependencia sen atender, e nós, evidentemente, queremos seguir facendo o noso traballo. E, ¿como facemos o noso traballo?

O primeiro de todo, chegamos e 126 millóns non chegan, ¡evidentemente non chegan!, a vosa intención non era atender a todos, iso téño clarísimo. Incrementamos o presuposto en 100 millóns de euros. Tentamos poñer algo de orde na tramitación. Cando chegamos os expedientes da dependencia estaban en caixas –literal– de cartón, e mesmo toda a contía que lles tiñan que pagar aos dependentes estaba gravada en CD-ROM, cunha seguridade informática absoluta. Todo estaba gravado en CD-ROM.

Tivemos que investir 2,5 millóns de euros –que non está nada mal– para facer unha aplicación informática que entendera o Estado –porque ata o de agora non había–, onde puidemos comunicarnos co Estado para facer unha rede extranet onde todos os traballadores sociais de todos os concellos –onde, por certo, non había nin contacto dende o Partido Socialista e o Bloque, liderando o Bloque a Lei da dependencia– tiveran acceso, precisamente, á tramitación da Lei da dependencia, e mesmo dixitalizamos todos os expedientes, porque, como digo, estaban metidos en caixas, en caixas de cartón. E esa é unha inversión que, efectivamente, repercutiu directamente na atención das persoas.

E, evidentemente, non é este Goberno, non é unha decisión deste Goberno. O copago, señora Gallego, o copago, esa palabra que, dalgunha maneira, dende o Partido Socialista tentan facela como se fora maldita, está redactado no artigo 33 da lei da que vostede tanto presume. O copago, que di expresamente o artigo 33 da lei, da que vostede tanto presume, é obrigado para todas as persoas que estean atendidas baixo a Lei da dependencia. E, por suposto, nós estamos a aplicar a normativa estatal e tamén todas as decisións que se tomaron no Consello Territorial –en concreto, no Consello Territorial do 12–, onde se fala do axuste nos graos e onde tamén se aplica o copago e a redacción e a fórmula matemática para facer ese copago, que cando chegan ao Parlamento parece que non o queren mentar, pero logo, cando lexislan, e máis que cando lexislan, mesmo tamén cando gobernan, son capaces de aplicar.

O que teño clarísimo é que este Goberno, o Goberno da Xunta de Galicia, non é unha comunidade insubmisas, habérraas, pode que incluso as haxa, pero esta comunidade non. E esta comunidade cumpre coas leis e cumpre cos decretos, literal e exactamente. Non se trata de dicir se é unha decisión ou non desta Comunidade Autónoma, sencillamente se trata de cumprir coa Constitución e, sobre todo, de ser unha comunidade non insubmisas e, por suposto, de acatar as leis do Estado.

Nosoutros, evidentemente, o que queremos facer é desenvolver esta lei e facelo con calidade. E facelo a través do que nós entendemos, e facelo, evidentemente, a través dos servizos, e garantir eses dereitos que vostede fala que se garanten a través da lei, pero garantilos ao dependente, e darlle realmente a atención que o dependente precisa.

Unha lei que, evidentemente, e como volvo dicir, a presenta o Partido Socialista, e supoño eu que vostede coñecerá que o espírito da lei, mesmo así está redactado, di expresamente que as pagas ao coidador, que a prestación económica ao coidador, é o último recurso, é o último recurso. É dicir, o espírito da lei incita a que o desenvolvemento da mesma sexa na atención dos servizos. Iso di o Partido Socialista Español, parece que ao PSdeG non lle gusta, parece que o PSdeG o que quere fomentar...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** ...é o que fai o Goberno de Andalucía, que ademais

de dar PER dá tamén prestacións económicas que, evidentemente, dende o noso punto de vista, non garanten a atención ao dependente.

Na nosa comunidade, evidentemente, temos o 70 % dos dependentes atendidos por servizos, atendidos con prestacións que garanten que un profesional está a darlles a atención que precisan. É verdade que vostede aí coincide co Bloque Nacionalista Galego, ¿sabe cantas libranzas de servizos deu o seu Goberno, do que vostede formaba parte? Cero, cero.

Vostede fala desas libranzas que lles están a dar ás persoas para pagar as residencias, cero, vostedes non daban nada para pagar ningunha residencia. Só daban, evidentemente, libranzas, das 14.000 que tiñan, 9.000 eran libranzas económicas para as familias.

¿E sabe máis?, facíano porque o único que querían e queren os gobernos socialistas...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** ...é saír guapos na foto, señora Gallego.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Continúo, logo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Réplica da señora Gallego Calvar.

Déanlle voz ao escano da señora Gallego Calvar, por favor.

**A señora GALLEGO CALVAR:** Moitas grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, de verdade que eu non teño ningunha preocupación pola miña imaxe, iso máis ben parece que lle sucede a vostede. Non a escoitei pedir desculpas aos milleiros de galegos e galegas aos que vostede insultou este verán falando das “paguiñas”, e agora trata de insultar tamén

aos (*Aplausos.*) andaluces cos plans de emprego rural. Alá vostede, alá vostede.

Mire, conselleira, como vostede non é capaz de contrarrestar ningún dos datos que eu ofrecín na miña intervención, vén aquí falar de cousas das que eu non falei. Voulle insistir. Vostede sabe que todo o que dixen é certo, é máis, vostede sabe que o gasto público en dependencia por habitante e ano en Galicia está por debaixo do 90 % do gasto medio estatal. Iso non ten que ver co cumprimento de leis, conselleira, ten que ver coa vontade política, co compromiso político.

Tamén vostede sabe que a Administración xeral do Estado está aportando agora menos dun 20 % ao financiamento da Lei de autonomía persoal. E sabe vostede que cando estaba o señor Zapatero se aportaba máis dun 30 %. Polo tanto, se non se estaba cumprindo a lei daquela, moito menos se está incumprindo agora.

Por certo, o que si se está producindo neste momento, conselleira, é que as persoas usuarias incrementaron a súa aportación ata chegar a un 20 %, cando daquela, como moito, estaban pagando un 9 ou un 10 %.

Miren, que teñen vostedes 18.000 persoas no limbo da dependencia é certo. Tamén é certo, conselleira, que vostedes cando non son capaces de cumprir as leis fan aquilo que sempre fan, que é empezar a contar doutra maneira.

Polo tanto, o primeiro que fixo o señor Rajoy ao chegar ao Goberno, co decreto do ano 2012, foi empeorar as condicións de acceso aos dereitos da lei e aprazar o recoñecemento de dependentes en determinados graos para anos posteriores, nalgún caso para o ano 2015, e poñer máis trabas. Por iso vostede ten 80.000 peticións e só 36.000 persoas percibindo a prestación. Por iso vostede ditaminou 10.000 peticións sen ningún grao, porque vostedes ás persoas dependentes neste momento o que lles están facendo en Galicia é recoñecéndolles menos dependencia da que teñen, e nalgúns casos non lles recoñecen ningunha, aínda sabendo que son dependentes, conselleira.

Vostedes fan tamén na Lei de dependencia trampa á hora de avaliar a xente para ter un bo comportamento nas cifras, pero nin así, conselleira. Está moito por debaixo, non pode

vostede presumir aquí nin botarlles a culpa nin a Andalucía nin a Asturias, porque, como vostede sabe, tanto unha comunidade como a outra, afortunadamente para eles, por certo, teñen un mellor comportamento.

Conselleira, ¿que lles imos dicir aos centros asistenciais, aos traballadores e traballadoras que están nestes centros, ás persoas que están nestes centros, que coas novas avaliacións –que daquela dedicaban un 75 % da pensión a pagar ese servizo– agora van ter que poñer o 100 % da pensión? ¿Que lles imos dicir ás persoas que van ter que poñer o 100 % da súa pensión para pagar ese servizo, conselleira? ¿Que lles imos dicir a aqueles aos que nin tan sequera lles chega a súa pensión para pagar ese servizo e non teñen familia? ¿Vainos botar vostede a partir do 1 de xaneiro do ano que vén desas residencias? ¿Onde van ir esas persoas ás que non lles chega a súa pensión –non prestacións, senón a súa pensión– para pagar o servizo que tiñan recoñecido ata o de agora, conselleira? ¿Que vai pasar con esas persoas?

Mire, disfrace vostede o discurso como queira, vostedes non cren que haxa que desenvolver esta Lei de autonomía persoal, vostedes non queren recoñecer os dereitos ás persoas pola Lei de autonomía persoal, pero vostedes non se atreven a publicar no Boletín Oficial do Estado a derogación da Lei de autonomía persoal e da dependencia, porque lle teñen medo á repercusión electoral. Pero pola vía dos feitos, tanto vostede como o señor Rajoy, están desmantelando esta lei, conselleira.

E non me veña con que cumpren a lei, a lei cúmprenla todas as comunidades autónomas. Hai unha vontade política explicitada nos orzamentos da Xunta de Galicia e nas súas actuacións como conselleira, na Carteira de Servizos para a Dependencia, e nesta reavaliación de todas as persoas dependentes, en dedicar menos recursos económicos e menos servizos ás persoas con dependencia.

Porque mire, conselleira, o conto da leiteira que fan vostede e o señor Feijóo cada vez que veñen aquí falar de prazas públicas...

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...en residencias, estou esperando hai cinco anos a que nos diga vostede nun papel onde

están esas prazas públicas nesas residencias públicas. O que si sabemos é onde está o diñeiro nas prazas privadas. O que si sabemos é a intención que ten a Carteira de Servizos para a Dependencia, que é cada vez máis ir privatizándoa para seguir en materia de política social a mesma folla de ruta que na sanidade. Iso si que o coñecemos, conselleira. Se vostede é capaz de replicarme ou contrarrestar algún dos datos...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Gallego.

**A señora GALLEGO CALVAR:** ...que eu dei hoxe aquí...  
(*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Gallego.

Réplica da conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Moitas grazas, presidenta.

Señoría, ¡basta xa!, basta xa de hipocrisía, basta xa (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) de demagogia, ¡basta xa! Teña un pouquiño de ética.

Mire, señoría, voulle deixar á presidenta do Parlamento as dúas primeiras follas dun estudo desenvolvido polo Partido Socialista do PSdG ao fronte do Goberno bipartito –o PSdG á fronte do Goberno bipartito– que quedou no caixón –como dicía a deputada cando falaba da Lei de voluntariado–, que quedou no caixón e que non se puido poñer en marcha porque o pobo galego os botou fóra do Goberno. E di así este estudo: “Sistema de copago, aplicación de lexislación actual de Galicia do copago da Lei da dependencia”. É un tocho así, non o podo traer aínda que o teño á súa disposición cando queiran. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

E di o copago que propoñía o Goberno do PSdeG dende a Consellería de Facenda e que non podían, evidentemente, levar adiante porque perderon as eleccións... (*A señora Acuña pronuncia palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESIDENTA:** Señora Acuña, ten unha chamada á orde. ¡Señora Acuña, ten unha chamada á orde!

Señora Acuña, señora Acuña, ¿quere unha segunda chamada á orde? (*A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.*)

Pois ten unha segunda chamada á orde. A terceira xa sabe o que significa.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** ...cadro resumo feito por unha consultora...

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**A señora PRESIDENTA:** Tranquilidade, xa decido eu se chamo á orde ou non.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** ...non pode dicir...

**A señora PRESIDENTA:** Perdón, conselleira, non lle vou dar aínda a palabra; perdón, conselleira.

Pido silencio, por favor. Silencio.

Ten a palabra, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Grazas.

O Goberno o que trae evidentemente é todo o que atopa, e que deixa o Goberno Socialista no seu caixón, e o conselleiro anterior deixa no caixón un estudo de copago para a Lei da dependencia, que se resume nesta táboa –que evidentemente lle deixo á presidenta–, que di que a participación dos usuarios, por exemplo nas residencias dependentes da Xunta de Galicia, será do 56 % do custo da residencia, da praza, cando agora é do 20 %, e que di que a participación dos usuarios nos centros, por exemplo, de día será do 45 %, cando agora non chega ao 30 % a participación do usuario.

Isto é o que querían facer vostedes, isto é o que querían facer..., (*Protestas.*) e non o fixeron porque os botaron fóra; se non o tiñan claro, que o ían facer, porque é o que tiña as contas e o que tiña que facer.

E logo, cando digo basta xa de hipocrisía, ¡home!, señora Gallego, é verdade que o Partido Socialista non asinaba estas cartas, pero tamén lle vou deixar á presidenta unha resolución asinada polo Bloque Nacionalista Galego sobre canto era o diñeiro que lle correspondía a un dependente –que tacho o nome por aquilo da privacidade–, que dicía: importe ao mes do ano 2008, 405 euros; deducións, 475; total a pagar, 0. ¡Anda!, xa o facían vostedes. ¡Anda!, aplicaban o copago e mesmo tamén tiñan estas cartas, que, como din, son de cota 0 para os dependentes.

Señoría, o que ten este Goberno claro é que está absolutamente comprometido co desenvolvemento da Lei de dependencia, e demóstrao o feito non só do investimento, senón de que fomos quen de multiplicar por catro o número das persoas atendidas, e ademais facémolo como entendemos que debe de ser, é dicir, con servizos de calidade.

¿Sabe canta xente se podería atender por cada persoa que é atendida nunha praza de residencia? Pois, efectivamente, 3,5 persoas máis. Por cada persoa que é atendida nunha praza residencial, poderíanse dar 3,5 pagas de libranza no contorno familiar, que é o que vostede está demandando. E iso é o que fai Andalucía, porque quere saír ben na foto. Pero este Goberno non quere saír ben na foto, este Goberno o que quere facer é as cousas ben, este Goberno o que quere é dar servizos de calidade, e todos os axustes, todas as medidas que se están a desenvolver dende o Estado para garantir a sostibilidade, e dende o Goberno da Xunta de Galicia, non só é para medrar e ter máis dependentes atendidos –que, por suposto, nos seguiremos esforzando para que iso sexa–, senón que ademais se faga con calidade.

Absolutamente todas as medidas van repercutir directamente nos dependentes; é dicir, de aquí ao que remate de ano, seremos quen de poñer en marcha 310 novas prazas para os maiores e para a discapacidade. Medrar en prazas. Poderíamos multiplicalo por 3,5...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando, por favor.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** ...e sería en prestacións económicas familiares. Pero eu non creo, señora Gallego, e o Partido Socialista tampouco cría nesa filosofía; vostede si, debe ser a excepción.

Nós queremos garantir os dereitos dos dependentes coa mellor prestación, e facémolo con ese 70 % que temos agora de persoas atendidas con calidade.

E, por suposto –e volvo insistir–, demando o mesmo: o 80 % está financiado polo Goberno e por todo o diñeiro dos galegos, o 80 %, reclamamos exactamente o mesmo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira.

### **Interpelación de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a construción naval civil en Galicia**

**A señora PRESIDENTA:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Adán Villamarín.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidenta.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Bo día, señor conselleiro.

De novo estamos no Parlamento para falar do sector naval. Esta é unha interpelación que realiza o Bloque Nacionalista Galego; polo tanto, o espírito da mesma é que nós formulamos preguntas e o Executivo tenta responder a esas preguntas; creo que queda claro cal é o espírito dunha interpelación.

Primeira pregunta, señor conselleiro: ¿é o sector naval un sector estratéxico para a industria en Galiza?

Segunda pregunta: ¿é o sector naval un sector industrial fundamental para o Goberno galego?

De ser a resposta afirmativa a estas dúas primeiras preguntas –agardamos esa resposta–, formulamos entón cinco áreas que nos gustaría que nos contestara.

Primeira: centro de reparacións do naval en Ferrol. Para a memoria colectiva, esta é unha promesa do señor Feijóo nun contrato que asinou con Ferrol. Busquen, que igual atopan o contrato.

Segunda: ¿cal é o futuro do dique flotante de Ferrol? Segundo vostede, dar carpetazo. Queremos que explique nesta Cámara cal é o futuro do dique flotante, porque non sei se recordará: hai un debate teolóxico medieval, moi importante, que é a diferenza entre ser e existir, e o dique flotante de Ferrol será o único que pase á historia por ter a categoría de ser sen existir. É dicir, vostedes van pechar tamén debates teolóxicos de longo percorrido que deixaran grandes insignes medievais sen resolver.

Terceira: futuro da construción civil en Navantia a partir de xaneiro de 2015.

Cuarto punto que queremos que nos resolva: a posta en marcha do novo sistema de *tax lease*, ¿como está repercutindo no sector privado?

Quinto: acordo marco con Pemex. ¿Que hai deste acordo e cales van ser os resultados para o futuro?

Polo tanto, diante estas cinco áreas, eu simplemente para que fagan un pouco de memoria colectiva. Temos algún acordo parlamentario que recolle ademais todas as preguntas que lle acabo de formular, señor conselleiro; é dicir, temos acordos parlamentarios. O último, de decembro de 2013, era unha moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego, debatida por puntos, emendada polo Partido Popular e aprobada por unanimidade, na cal se recollía que necesitabamos con urxencia carga de traballo para Navantia, oporse a calquera tipo de reestruturación, garantir que os centros de traballo de Navantia tiveran carga de traballo no sector das reparacións, dos buques civís, da fabricación de equipamentos, aeroxeradores; exixir do Goberno do Estado dotar o centro de Fene de persoal de xestión, técnico e produtivo que posibilite a volta á construción civil e que permita a plena rendibilidade das instalacións; e dar cumprimento aos acordos do Parlamento, incluída unha lei do Parlamento aprobada por unanimidade. Este era un dos últimos acordos, pero poderíamos facer hemeroteca.

Eu recollín –porque non me chegaría o tempo–: 13 de abril de 2011, apróbase por unanimidade, a instancias do BNG, que se lle demande á SEPI melloras no sector das reparacións de Navantia na ría de Ferrol. 14 de setembro de 2011, unanimidade para exixirlle á Xunta que colabore coa SEPI co cofinanciamento e desenvolvemento do centro de

reparacións en Navantia e a construción do dique flotante –ese que é sen existir–. 29 de febreiro de 2012, construción do dique flotante, por unanimidade. 2 de marzo de 2012, aprobada por unanimidade unha moción –que non a podo ler porque ocupa exactamente unha páxina enteira do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*– onde dique flotante, carga de traballo, centro de reparacións, dar cumprimento á Lei de fomento do sector naval, incluído o seu artigo 4, no cal se pide que a Xunta estea no Consello de Administración de Navantia.

Poderíamos seguir. Ademais, se non nos chegan os acordos parlamentarios, na anterior lexislatura, por exemplo o 15 de febreiro de 2012, o conselleiro de Industria naquel momento comprométese en sede parlamentaria a que exista dique flotante, e di exactamente: “Aínda que vostedes non o poidan comprender” –probablemente pola súa dificultade de base ideolóxica– “este conselleiro e este Goberno non van cambiar de opinión. Se demostramos hai meses que era viable tecnicamente, ímolo seguir facendo agora. Se demostramos hai meses que ese dique tiña rendibilidade, ímolo seguir facendo agora.”

A respecto do acordo marco, 27 de xuño de 2010, o mesmo conselleiro seguía dicindo que –resumo– “imos seguir loitando por ese acordo, que serán 250 millóns de euros e a posibilidade de máis de 2.500 postos de traballo.”

Se non nos chega a palabra do conselleiro Guerra –despois, efectivamente, destituído, que xa non é conselleiro–, tamén temos a do propio presidente Feijóo, que naquel momento dicía claramente, 23 de maio de 2012: “carga de traballo antes do verán ou dique flotante.” Señor conselleiro, vostede tamén: “Conde asegura que o dique flotante para Ferrol é un proxecto que continúa vivo.”

¿E agora, que? ¿Que temos exactamente? A Xunta tira a toalla e renuncia ao dique flotante. O conselleiro chama á responsabilidade para que non se poña en marcha. O conselleiro cala cando se adopta un acordo do Consello de Ministros para que Navantia pase a depender do Ministerio de Defensa, o conselleiro cala.

Podemos ler declaracións segundo se entende pola dirección de Navantia que as reparacións non son o futuro, porque os buques parece ser que xa non pasan polo corredor



atlántico, co cal, por certo, non imos ter xa problemas de afundimento de barcos, porque todos pasan agora polo Pacífico ou por Asia ou por Oriente Próximo, segundo declaracións da dirección de Navantia, mais non polo corredor atlántico; polo tanto, xa non necesitan reparacións na ría de Ferrol. Estase pensando en unicamente apostar por un grupo europeo para o naval en defensa.

Señor conselleiro, diante da situación que vive neste momento o naval, hai varias preguntas que, de vostede considerar as dúas primeiras que fixemos que se contestan afirmativamente, gustaríanos que hoxe nos contestara.

¿Como está traballando o Goberno galego para a previsión do levantamento do veto en xaneiro de 2015? ¿Que xestións ten realizado ou está realizando para que se poida facer buques civís nos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol a partir de xaneiro de 2015? ¿Vai o Goberno facer algún tipo de xestión para que sexa posible tecnicamente a construción deses barcos a partir de xaneiro de 2015? ¿Pode garantir vostede que van ser viables e que vai existir unha carteira de pedidos suficientes? ¿Que medidas vai adoptar o Goberno para a recuperación dese sector?

E o máis importante, vostede, como conselleiro e o Goberno galego, ¿que explicacións lle pediu ao Goberno do señor Rajoy polo traspaso ao Ministerio de Defensa? ¿Que repercusións ten para Navantia, para Ferrol, ese traspaso ao Ministerio de Defensa? ¿Que información manexa vostede do que vai significar o traspaso ao Ministerio de Defensa para a construción civil en Navantia a partir de xaneiro de 2015? ¿Que disposición ten o Goberno de Madrid a dar cumprimento á proposición non de lei aprobada o 16 de setembro de 2014 na Comisión 6ª segundo a cal por unanimidade este Parlamento pide a xestión descentralizada de Navantia-Ferrol e que se dote de autonomía empresarial a ría de Ferrol? Niso vostede ten realizado algunha xestión; se o ten xa falado co Ministerio, agora de Defensa –entendemos–, se non co de Industria, coa dirección de Navantia, exactamente, ¿que xestión ten realizado?

**A señora PRESIDENTA:** Remate, por favor.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** E, por último, ¿que disposición ten o Goberno galego para que dunha vez se cumpra a Lei de fomento do sector naval de Galiza, e a Xunta de Gali-

za, o Goberno galego, forme parte do Consello de Administración de Navantia?

Son todas preguntas concretas que agardan respostas concretas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria, don Francisco Conde López.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, señora Adán.

A verdade é que eu lin o texto da súa interpelación e había catro preguntas. Intentarei responder a todas as que me fixo agora, pero, realmente, recoñézolle tamén que non me deu tempo a tomar nota de todas as preguntas. En calquera caso, eu intentarei darlle resposta a todas, pero –insisto– o texto da interpelación facía catro preguntas concretas, que tamén loxicamente intentarei responder.

O que si tamén lle traslado é que este Goberno non está en debates teolóxicos. Eu entendo perfectamente que o seu grupo parlamentario concentre os seus esforzos na teoría teolóxica. Pero nós intentamos falar sempre de realidades, falar de concrecións, falar de feitos, e iso é efectivamente o que eu trasladarei aquí esta mañá, porque o futuro de Navantia e o futuro do sector naval galego aséntanse precisamente en concrecións, en realidades. E, polo tanto, os estaleiros e os traballadores do naval o que están buscando é precisamente esas solucións, esas respostas, e en ningún momento ningún tipo de debate teolóxico.

Como lle dicía, o futuro do sector naval e o futuro de Navantia hai que encadralos no contexto en que se están a desenvolver. E, como sabe vostede perfectamente, este sector está sometido a unha forte competencia a nivel internacional, onde hai actores moi importantes que están asumindo unha carga moi importante de traballo, como son China, Corea e Xapón. E onde a Unión Europea, e particularmente Europa, efectivamente, quedou tan só aproximadamente cun

6 % da cota de mercado. Como sabe tamén, esa maior competencia vén acompañada dunha maior diversificación dos estaleiros, abrindo a súa carteira de produtos tanto na construción civil como na militar. E, como tamén sabe vostede, a decisión do antigo comisario da Competencia de abrir ese expediente de *tax lease* a España supuxo un lastre adicional durante os últimos anos para que o noso sector puidera reaccionar, tanto Navantia como os estaleiros privados.

Polo tanto, se vostede me pregunta –e intento recompilar moitas das preguntas que vostede me fixo– polo futuro do sector naval, polo futuro de Navantia e polo futuro dos estaleiros privados en Galicia, ten unha resposta bastante clara, esa resposta está na competitividade. Navantia e o sector naval teñen que ser competitivos, teñen que ser capaz Navantia e os estaleiros privados de ofertar produtos diferenciados que estean adaptados ás demandas dos clientes, que teñan alto compoñente tecnolóxico, que oferten un prezo competitivo, e a partir de aí, loxicamente, nesa economía globalizada na que teñen que competir que poidan dar respostas. Estamos a falar, polo tanto, señoría, de que os estaleiros teñen que ter departamentos de enxeñería que aporten deseño e tecnoloxía de futuro, que aporten unha maior intensidade tecnolóxica, cunha industria auxiliar que ofrezca prezos competitivos e produtos diferenciados, con flexibilidade e adaptación ás demandas dos clientes –como lle dicía–, prezos competitivos, acceso ao financiamento e capacidade para atraer investidores que participen en estruturas de *tax lease*. E, en definitiva, señoría, estamos falando de cales son as claves do futuro do sector naval, nas que, como lle trasladarei posteriormente, está a traballar este Goberno e este Goberno está a tomar a iniciativa.

E se me pregunta polo caso concreto de Navantia, loxicamente, Navantia ten que traballar na mesma dirección. E, polo tanto, Navantia ten que traballar na diferenciación, ten que traballar na innovación, na capacidade tecnolóxica, unha mellor xestión comercial. E a partir de aí conseguir carga de traballo para o estaleiro, que ese é o obxectivo compartido, que, tal como trasladamos en diferentes acordos neste mesmo Parlamento, é un obxectivo compartido por todos.

Efectivamente, dicíalle que dende o ano 2009 estamos desenvolvendo toda unha política de apoio ao sector naval para dotalo de todos os instrumentos necesarios. Vostede preguntábame se o sector naval é un sector estratéxico que

forma parte das prioridades da política industrial de Galicia, non teña ningunha dúbida. Pero tamén lle digo, señoría, que ese contexto de competencia, esa necesidade de conseguir cota de mercado non é distinta no sector naval do que é no sector da automoción, no sector aeronáutico, no sector téxtil ou no sector madeireiro, por poñerlle algúns exemplos tamén de sectores estratéxicos. Estamos a traballar en todos eles e é certo que con maior intensidade, loxicamente, polas dificultades que tamén lle trasladei neste caso, no sector naval. Un sector que ten unha axenda específica por parte do Goberno, con diferentes actuacións que van dende a carga de traballo a outras medidas que lle trasladarei.

Como sabe, temos un acordo estratéxico con Pemex, que se substanciou coa construción xa iniciada de dous floteis, un en Navantia e outro en Barreras. E ese acordo tivo continuidade coa entrada de Pemex en Barreras como socio maiorista, e ten contratos xa anunciados por parte do estaleiro por valor de 600 millóns de euros. Loxicamente, ese acordo continúa con carga de traballo –xa lle digo– de forma concreta tanto en Navantia como en Barreras. Pero ese esforzo vén acompañado tamén da posición dos diferentes estaleiros que se están dotando de carga de traballo. É certo que a recuperación do sector naval non vai tan rápido como quixeramos, estamos a traballar de forma intensa; pero, efectivamente, tanto Freire como Armón ou outros estaleiros están anunciando contratos e están acompañando este inicio da construción no caso de Barreras.

Pero tamén desenvolvemos outras medidas. Acadamos –como sabe– un novo réxime de *tax lease* que vai xerar unha posibilidade de ofertar prezos máis competitivos a través de bonificacións fiscais. *Tax lease*, señoría, do que tamén se pode beneficiar Navantia tanto en canto participe na construción civil, e, polo tanto, é outro dos instrumentos que posúe. Estamos a respaldar financeiramente o sector con máis de 100 millóns de avais a través de Pymar e a nova liña de axuda a través da industria auxiliar, e estamos apoiando a través da innovación –como sabe– e a través da formación. E, polo tanto, toda unha serie de axudas para o conxunto do sector naval, para Navantia e para os estaleiros privados.

No caso concreto de Navantia, que forma parte tamén da súa interpelación, loxicamente, Navantia ten que traballar concentrado tanto na construción militar como na construción civil. Ese é un aspecto absolutamente claro. Polo tanto,

nesa perspectiva de xaneiro de 2015, cando se levante o veto, pois Navantia ten que dar continuidade aos esforzos que na construción militar e na construción civil se están a facer. O terceiro eixe de actuacións de Navantia é esa área de reparacións, absolutamente estratéxica dentro de Navantia. Apoiada por este Goberno –como ben sabe–, e trasladado ese apoio a través da posibilidade de fortalecer calquera tipo de investimento que permita unha maior competitividade de reparacións, está reflectida no orzamento deste Goberno. E, polo tanto, nós seguiremos colaborando con Navantia tanto na construción civil e militar como na área de reparacións.

En definitiva, señoría, un compromiso que está fóra de toda dúbida por parte deste Goberno dende o punto de vista do apoio tanto a Navantia como ao sector privado. No caso de Navantia –como ben sabe– están a trasladarse os resultados non só da construción do flotel de Pemex, estase a desenvolver –como sabe– a rehabilitación do *Monforte de Lemos*, gañouse ese concurso para desenvolver o deseño e a tecnoloxía do LHD turco, e o Ministerio de Defensa tamén encargou un buque de acción marítima. Polo tanto, encargando carga de traballo directa a Navantia. Estamos a falar de que Navantia ten hoxe catro contratos que se están a desenvolver e, polo tanto, carga de traballo cando hai moi pouco tempo Navantia non tiña ningún tipo de contrato. Ese esforzo na construción civil a través de Pemex, do *Monforte de Lemos* e da construción militar –neste caso co buque de acción marítima– e a participación no deseño de tecnoloxía do LHD tense que ver acompañado cun maior esforzo por parte de Navantia para dotar de maior carga de traballo o estaleiro. E, loxicamente, tamén na área de reparacións, Navantia ten que tomar a súa posición. Os datos que temos do ano 2014 é que segue incrementando a súa carga de traballo dentro do estaleiro. E hai aí un compromiso no que nós seguiremos insistindo para que se fortaleza esa área de reparacións, que se desenvolva un plan de investimentos que permita dotar de maior competitividade a área de reparacións de Navantia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Réplica da señora Adán Villamarín.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Bo día, ou boa tarde.

Señor conselleiro, eu, francamente, paréceme inxusto coa historia occidental que non lle guste a vostede a teolo-

xía. Pero xa que o ministro Wert decidiu quitar a filosofía do currículo escolar sabemos que os próximos cidadáns non saberán nada de filosofía. Pero os que aínda estudamos algo seguramente recordarán que hai unha parte importante que se chama patrística. E un dos primeiros pais da Igrexa, Tertuliano, dicía aquela famosa frase de “crer para entender”; despois é verdade que conseguimos aquilo de “entender para crer”. Pero hoxe hai que facer un esforzo de fe para entenderlle algo das palabras que vostede dixo, que Tertuliano realmente atopou en vostede unha simplificación de sen un só dato concreto falar aquí exactamente dez minutos, porque esgotou o tempo. Bueno, Aristóteles xa sería outra cousa, ¡vamos!, bastante máis... daríalle bastante máis luz á teoloxía, porque polo menos demostraríamos algo do sector naval.

Señor conselleiro, xaneiro de 2015, Navantia construíra buques civís, ¿si ou non?, ¿ou depende? Tamén vostede vai saír por esa... ¿Si ou non? ¿Vaise levantar o veto? Si. ¿Vai construír buques civís?, ¿si ou non? Esa é a resposta que vostede ten que darnos hoxe aquí.

Segunda pregunta: ¿que significa o traspaso ao Ministerio de Defensa de Navantia? ¿Vostede compárteo e o Goberno galego tamén?, ¿si ou non? Na hipotética situación de que Navantia se integrara, polo tanto, nun grupo europeo, ¿vostede estaría a favor desa redución soamente á construción en materia de defensa e non á construción civil?

Eu persoalmente, e este grupo parlamentario vén denunciando que vostedes teñen unha folla de ruta absolutamente pactada con Rajoy e que nos estiveron enredando todo este tempo nun absoluto *teatrillo*. E hoxe caeu o pano, vostede está... E así o vimos nas súas declaracións: ben, xa nos quitamos de enriba o dique flotante, xa fixemos unha consulta informal e xa non se pode facer. Se a vostedes soamente lles faltou –como dicía o portavoz do Grupo Parlamentario do BNG na Deputación Permanente– pedirlle por favor á Comisión Europea que dixera que non ao dique flotante. Vostede quere construír o dique flotante, ¿si ou non? E vostede é o Goberno galego, e vostede ten que plantarse e conseguir ese dique flotante se considera que é fundamental para a área de reparacións.

E ¿como que a área de reparacións ten un teito? Os traballadores estano poñendo enriba da mesa: desde que gover-

na o Partido Popular Navantia cada vez é máis centralista; desde que hai un 25 % máis de empregos en Madrid cunha masa salarial decrecente en Ferrol é cando, efectivamente, as reparacións comezan a non ser rendibles. Porque vostedes, porque o Partido Popular ten un plan para o naval que consiste en pechar.

Por iso hoxe vostede veu aquí outra vez falar das frases baleiras: competitividade, conseguir carga de traballo, están apoiados polo Goberno galego... O que ten que explicarnos é: ¿cal vai ser ese apoio?, ¿en que consiste?; dique flotante, ¿si ou non?; centro de reparacións para Ferrol, ¿si ou non?; ¿que significa o acordo marco con Pemex para os estaleiros privados? Vender a tecnoloxía galega para... que teñamos noticias como, porque temos noticias de todo tipo: “*Pemex ya no renovará su flota menor en Galicia*” —unha das últimas—. Entón iso é o que queremos saber, señor conselleiro, non que nos veña aquí contar sempre o mesmo.

Eu teño algo que me intriga porque llo preguntei en reiteradas ocasións: ¿que fixo o Goberno galego para dar cumprimento á Lei do sector naval?, ¿que fixo? ¿Exactamente que acción concreta?, ¿escribiu unha carta?, ¿chamou por teléfono?, ¿moveu unha silla? ¿Que fixo o Goberno galego —queremos saber— para que Galiza teña presenza no Consello de Administración de Navantia? ¿Fixo algo? Porque aquí o votaron en reiteradas ocasións.

A xente está moi farta de que lle tomen o pelo. E co sector naval a tomadura de pelo é constante...

**A señora PRESIDENTA:** Vaia rematando.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Señor conselleiro, conteste ás preguntas que se lle formulan: ¿vostede é parte e participe dese traspaso de Navantia ao Ministerio de Defensa, ou vostede, como responsable que é da industria galega, vai pular para que non se peche a construción civil en Ferrol? Ferrol é unha comarca neste momento que ten un índice de paro —que vostede o coñece— dos máis altos de Europa. E vostede vén aquí falar de competitividade...,

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** ...de I+D e de aproveitamento. Vostede ten unha responsabilidade...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Adán.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** ...porque está representando...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Adán. Rematou o seu tempo.

*(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ten a palabra, para pechar o debate, o conselleiro de Economía e Industria, don Francisco José Conde.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Grazas, señora presidenta.

Señora Adán, eu trasladeille unha axenda concreta de apoio ao sector naval con datos concretos, con presupostos concretos, con proxectos concretos. Eu, simplemente, remítome, neste caso, á folla de ruta e a accións. Por exemplo, no ámbito do financiamento, 70 millóns de euros de avais a través de Pymar, unha liña de apoio á industria auxiliar de 24 millóns de euros, 19 proxectos de I+D+i concedidos especificamente para o sector naval, axudas no eido da formación, unha carga de traballo directa por parte da colaboración deste Goberno e do Goberno central a través de Pemex.

Polo tanto, señoría, creo sinceramente que este Goberno está claramente implicado traballando, xunto co sector naval, para buscar, loxicamente, ese obxectivo de darlle viabilidade de futuro, de conseguir carga de traballo. E, polo tanto, sinceramente creo que de forma obxectiva este Goberno traslada a esta Cámara accións concretas con presupostos concretos e con proxectos tamén concretos.

Pero tamén é certo que loxicamente temos que seguir traballando de forma insistente buscando todas as posibilidades de futuro. E, nese sentido, seguiremos marcando un diálogo aberto con todos os axentes, con todo o sector, seguiremos traballando apoiando dende o punto de vista da diplomacia comercial e empresarial as actuacións do sector naval e seguiremos despregando instrumentos de apoio nos diferentes ámbitos: no ámbito financeiro, no ámbito de innovación, no ámbito tamén da formación.

Pregúntame vostede polo interese, a relación con Navantia. Mire vostede, eu reuníme con todas as partes vinculadas con Navantia recentemente, nos últimos dez días. Fíxeno xa noutras ocasións, pero nos últimos dez días reuníme co comité de empresa, reuníme co presidente de Navantia e reuníme co secretario de Estado de Defensa, de forma particular, para avaliar e identificar diferentes actuacións de futuro.

Co comité de empresa falamos, aínda que vostede non queira falar, pero incluso, loxicamente, como non pode ser doutra forma, cos traballadores hai que falar de competitividade, hai que falar –e falei– co comité de empresa de como mellorar a xestión de Navantia, de como fortalecer a súa capacidade tecnolóxica. Falamos, loxicamente, de aproveitar a oportunidade que lle brinda a apertura, o levantamento do veto á construción civil. E falamos –e eu reiterei en varias ocasións, porque sempre dean resposta aos diferentes posicionamentos– de que este Goberno aposta tanto pola construción civil como pola construción militar en Navantia, sen ningún tipo de dúbidas, e, polo tanto, todos os esforzos teñen que ir nesa dirección.

E, nese sentido, a decisión de que o Ministerio de Defensa colabore con Navantia en actuacións concretas, sabendo que Navantia segue dependendo da SEPI dende o punto de vista da súa dependencia, o Ministerio de Defensa vai colaborar en dous ámbitos que nos parecen moi importantes, que son, en primeiro lugar, colaborar con outras armadas para profundar na política comercial, e, polo tanto, axudar a poder conseguir máis carga de traballo; e en segundo lugar –e moi importante–, colaborar dende o Ministerio de Defensa no desenvolvemento de diferentes proxectos que permitan unha maior intensidade tecnolóxica, nos diferentes proxectos vinculados aos diferentes buques, especialmente, loxicamente, aos buques militares. Son aspectos fundamentais nos que a implicación do Ministerio de Defensa o que xera é un maior valor engadido.

E, loxicamente, ao presidente de Navantia trasladeille, loxicamente, a necesidade e insteino, loxicamente, a que siga profundando nas diferentes actuacións que permitan unha maior carga de traballo e, por suposto, que permitan un incremento das capacidades da área de reparacións, porque ese é un compromiso que temos asumido entre todos, e, loxicamente, seguiremos insistindo e seguiremos trasladando a

Navantia a necesidade de que se poida dar unha maior cobertura e, polo tanto, unha maior capacidade para a área de reparacións.

E, nese contexto, nese contexto, tanto co presidente de Navantia, co secretario de Estado de Defensa, como co comité de empresa, trasladamos as diferentes iniciativas... (*Murmurios.*) que estamos a desenvolver e, loxicamente, todas as que nos trasladen por parte dos diferentes axentes.

E seguiremos co noso compromiso con Ferrol –non teñan ningunha dúbida–, un compromiso que vai orientado tamén a apoiar a diversificación industrial, que entendemos que é a verdadeira necesidade que ten Ferrolterra, e, dende logo, unha diversificación industrial que poida xerar emprego, porque ese é o obxectivo: xerar emprego en Ferrol, e que fíxe novos proxectos industriais tamén en Ferrol.

Estámolo facendo apoiando esa terminal de contedores, ese *hub* de gas natural licuado. E, loxicamente, apoiando o naval, seguiremos, como outro pilar fundamental, apoiando a Ferrolterra e por extensión, loxicamente, o conxunto do sector naval galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

### **Interpelación de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre a elaboración, os cambios que introduce e os obxectivos que recolle o borrador do Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Para formular a interpelación ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días a todas e a todos. Bos días, señora conselleira.

¿Vostede sabe que dende o ano 2009 a 2013 Galicia perdeu 31.713 habitantes? ¿Que Galicia en catro anos ten 31.713 habitantes menos?, é dicir, o período practicamente que leva gobernando o Goberno do señor Feijóo. Vostede sabe que nestes anos tanto o crecemento migratorio, o saldo

migratorio, como o saldo vexetativo é negativo. Quere dicir isto que neste país morre máis xente da que nace, nace pouca xente e vaise, emigra máis xente da que vén aquí. E iso é sintomático da incapacidade do Goberno da Xunta de Galicia, do Partido Popular, de xerar un país con oportunidades para a xente.

Un país con oportunidades para vivir non expulsa a súa xente fóra. Nun país con oportunidades para vivir nacen nenos, medra a poboación. Galicia é a segunda comunidade autónoma onde máis descende a poboación en termos absolutos, e a terceira en termos relativos, só superada por Castela-León e Asturias. E iso é o máis sintomático da incapacidade deste Goberno para ofrecer alternativas para este país.

A partir de aí explicamos todo. Podemos dar datos –os que queiran–, a xente vaise deste país porque non encontra traballo, non encontra unha forma de vida digna, e non nacen nenos porque non hai expectativas vitais para a xente moza. Punto, basicamente é iso. E, dentro diso, o rural sofre máis acentuadamente a sangría, o rural despobóbase, o rural envellece, o rural masculinizase, no rural non hai alternativas, e xa sei que vostede, nun discurso tan orixinal como vén repetindo, dirá que somos catastrofistas.

Non me chame catastrofista, señora conselleira, desmintan os datos que lle dou eu e o que lle dá o propio texto do Plan de desenvolvemento rural que vostedes presentan e a análise que fai. Leo algunha cousa –en castelán perfecto o documento, tamén–: *“Especialmente significativo es el caso de las provincias de Lugo y Ourense, donde, sumando entre ambas, apenas suman el 22 % de la población gallega, y el 57,9 % de la superficie. Un tercio de sus habitantes residen en sus respectivas capitales de provincia. Los efectos negativos de la excesiva concentración de población se agravan como consecuencia de su dispersión. La población gallega sufre un progresivo envejecimiento: el 22,4 % de la población tiene más de 65 años, cifra que se eleva al 27,6 y 28,4 respectivamente en Lugo y Ourense. La edad media es de 45,4 años, que se amplía a 49 en las provincias de Lugo y Ourense, donde el índice de envejecimiento cifra valores preocupantes. El análisis de crecimiento vegetativo muestra un saldo negativo continuado, especialmente acusado en las provincias del interior.”*

Tamén fala da alta taxa de desemprego e risco de pobreza: *“La población activa gallega supone el 57,5 % del total,*

*con diferencias notables entre la franja costera y las provincias interiores, donde los porcentajes se reducen como consecuencia del envejecimiento...”*, etc., etc. *“El 23,7 % de la población gallega está en riesgo de pobreza, cifra que asciende al 35,5 en la población del rural.”*

Señora conselleira, o documento presentado pola súa consellería, ¿isto é catastrofista ou é a constatación dunha realidade, señora conselleira? E unha vez constatada a realidade, ¿a vostede con esta situación parécelle que podemos ter unha visión optimista, parécelle que hai que continuar con estas políticas que levan a esta situación? ¿Ou cre que, ante esta constatación desta realidade, hai que facer políticas que cambien esta realidade, señora conselleira? Primeiro, gustaríame que me dixera iso, gustaríame que me dixera por que non as fixeron ata o de agora, e se pensa cambiar, porque no documento que nos aportan –palabras textuais, unha vez máis– *“es de continuidad crítica”*; *“continuidad crítica”*, non se replantexan o modelo.

Para vostede, os feitos demostran que está contenta con esta evolución do rural galego e de Galicia. Porque nesa realidade onde a xente se vai deste país por falta de oportunidades, o rural, señora conselleira, podería ser unha oportunidade, podería ser unha oportunidade, pero hai que facer políticas para que iso sexa así. A xente non abandona o rural; máis ben dito, non é expulsada do rural por graza divina nin porque sexa algo natural, señora conselleira. Son expulsados do rural porque se fan políticas que conlevan que se expulsa a xente do rural. Retíranse servizos públicos en base a un criterio economicista que só ten un camiño: a destrución do rural.

E ese criterio é a análise economicista a curto prazo da demanda e do custo dos servizos. E pónolle un exemplo moi claro: concello de Manzaneda, que está pelexando, pelexando por ofrecer alternativas de futuro para os seus habitantes, para que a xente quede aí, para que veña vivir a xente aquí; ten que loitar para que non lle retiren unha oficina de Caixa de Aforros nos seus tempos, ten que loitar para poder ter xestión pública do centro de día, e agora ten que loitar por ter un comedor escolar de xestión directa que vostedes lle que- ren quitar.

Seguen vostedes coa política do criterio de analizar que, evidentemente, este servizo é moi caro, porque cada vez hai

menos xente no rural, o transporte en tren non se sostén porque hai moi pouca demanda, o transporte en autobús non se sostén porque hai moi pouca demanda, as oficinas de extensión agraria pechan porque hai pouca demanda. O que están facendo é agravar ese círculo infernal, señora conselleira.

Se vostedes queren revertir a realidade, teñen que cambiar o criterio, e teñen que apostar por, primeiro, dotar os servizos necesarios para que os habitantes do rural disfruten dos mesmos dereitos que un habitante da cidade, e entón verán como si que volve a xente ao rural, e a xente queda no rural, porque a xente quérelle ao sitio onde nace e onde vive, e cando se vai sempre é forzada, de xeito xeral, señora conselleira.

Polo tanto, dígame iso, e tamén dígame, se é capaz, dígame: nós cremos que o modelo debe ser concentrar a poboación no eixo atlántico, nas cidades, aumentar os consumidores dispoñibles para as empresas e o rural non é rendible para nós. E dígao, e sexa sincera, e non o faga de xeito implícito, como o fai no Plan de desenvolvemento rural.

Vostede fai un documento de continuidade crítica, e, polo tanto, renuncia ao cambio. E, ademais diso, analizando o documento, señora conselleira, tómanse decisións sen ter analizado as políticas anteriores, cando se di do éxito de medidas de melloramento, pero non se cifra ese éxito, non se di en base a que se mide ese éxito. Cando fala vostede do éxito e das medidas de plan de mellora, tampouco cifra ese éxito en nada. Polo tanto, non hai unha análise seria.

Unha cuestión moi concreta: a Xunta de Galicia, a pesar de que presume de solvencia económica, parece ser que a solvencia económica non serve de nada para as persoas, posto que o esforzo económico que fai a Xunta de Galicia no Plan de desenvolvemento rural é moi inferior ao que fan as outras comunidades autónomas.

E poño un exemplo, unha comparación. Se comparamos co esforzo económico que fai Asturias, que Asturias en todos os criterios é 2,7 veces menos que Galicia, se multiplicamos o esforzo que fai Asturias por 2,7, teríamos 350 millóns de euros máis para este período 2014-2020, señora conselleira. Unha vez que o Estado decidiu non financiar o 50 % da súa achega, a Xunta de Galicia non fai unha aposta, a Xunta de Galicia non fai unha aposta económica e tradúcese nun esforzo moi inferior.

Diciamos que o rural pode ser unha oportunidade, unha oportunidade contando cos actores que existen no rural e cos actores que apostan polo rural, e vostede renuncia a facer un proceso de reflexión conxunta con estes actores e non fai un proceso de participación, infrinxindo o principio do partenariado que hai na Unión Europea. E pónolle tamén un exemplo: Euskadi, ou Midi-Pyrenées, en Francia, que fixo un proceso participativo con 31 xuntanzas, con actores sociais, organizacións agrarias, culturais, veciñais, etc. –31– e que acabou en dúas sesións plenarias cun documento de conclusións exposto en asemblea. En Euskadi tamén. Vostede non fixo o proceso participativo. ¿Por que? Porque vostede fixo un documento ás costas do rural, porque para vostede isto non é política, a política significa querer transformar as cousas; vostede fai un exercicio de burocracia para cadrar as contas da Xunta, pero en ningún caso é un documento para darlle solucións ao rural galego.

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Vaia rematando, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Vou rematando xa cunha serie de preguntas que non quero que queden non tinteiro.

¿Por que non se fixo este proceso participativo, señora conselleira? ¿Como analiza e define a situación actual do rural?, ¿se é mellorable?, ¿se estamos no bo camiño?, ¿se os datos demostran que imos polo mellor camiño? ¿Considera prioritario revertir esta situación? E, se é así, ¿cales son as propostas que van revertir esta mesma situación? Se a Xunta de Galicia ten unhas contas tan solventes, ¿por que non se fai un esforzo económico similar a outras comunidades autónomas? ¿Vanse recortar os grupos de desenvolvemento rural? ¿Vaise cubrir todo o territorio con estes grupos de desenvolvemento rural?

E, por favor, como xa nos coñecemos moito, eu creo que a retórica que poida aportar aquí dicindo frases ao estilo de que “estamos apoiando o rural galego e o sector agrario” e “recoñecemos o esforzo”..., iso é perder o tempo, non é útil para os galegos e galegas e pediríalle que non as utilizase, como fai habitualmente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Sánchez.

Resposta da conselleira do Medio Rural e do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Señor presidente, señorías.

Señor Sánchez, eu, con todo o respecto para vostede, creo que o primeiro que teño que facer dende esta tribuna é expresar o meu máis sincero agradecemento para todos os que dende a Consellería do Medio Rural, dende outros departamentos da Xunta de Galicia e dende o propio sector estiveron traballando durante todos estes meses para que a proposta do documento do Programa de desenvolvemento rural 2014-2020 tomase a súa forma.

Digo isto por canto, a pesar do que vostede mantén, se leva traballando moi duro durante moitos días, durante case un ano, para que sexa unha realidade a planificación do apoio ao noso rural coa ferramenta orzamentaria normativa que nos achega Europa a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

En segundo lugar –e tamén co seu permiso, señor Sánchez–, quixera pór enriba da mesa un matiz que recae en que para o período 2014-2020 esta consellería elaborou un programa e non un Plan de desenvolvemento rural 2014-2020. Esta matización é fundamental porque o PDR non é un instrumento de planificación das políticas agrarias forestais ou de desenvolvemento rural, é un complemento dos demais instrumentos da política agraria común e das liñas que tamén establece este goberno e tamén o Estado.

Queremos facer –aínda que vostede o poña en dúbida– do rural a referencia dun lugar de oportunidades sociais e laborais, e polo tanto é fundamental seguir loitando por impulsar e modernizar o rural, sendo para nós unha meta de gran relevancia, pois na actual situación de cambio, tanto económico como social, o rural –e nisto coincido con vostede– é unha alternativa, e nesa liña vai todo o Programa de desenvolvemento rural 2014-2020, indo en concreto ás súas preguntas e para darlle explicación a vostede nesta Cámara deste proceso, dando conta dun traballo técnico, amplo e rigoroso que estou segura de que traerá bos resultados para Galicia.

A primeira pregunta que me facía era relativa á escasa marxe de tempo para a participación cidadá en canto á posi-

bilidade de aportar as súas suxerencias para o PDR 2014-2020.

En relación á participación da cidadanía na elaboración do programa, a Consellería do Medio Rural e do Mar iniciou un proceso aberto de consulta ao conxunto do sector onde estiveron representadas as cooperativas, as organizacións profesionais agrarias e outras institucións como as universidades galegas.

Este proceso, aberto e participativo, comezou no mes de outubro do pasado ano, establecéndose unha primeira xuntanza en novembro de 2013, antes incluso de estar aprobado o Regulamento Feader publicado no *Diario Oficial da Unión Europea*.

Este proceso de consulta aos socios tamén foi ampliado mediante a celebración de dúas reunións do comité de socios do PDR 2014-2020, previas ao envío do borrador do PDR á Comisión Europea o día 22 de xullo de 2014. E mesmo houbo dúcias de reunións, dúcias de xuntanzas, con entidades e organismos formantes deste comité, tanto por parte dos membros do equipo directivo da Consellería, como tamén coa miña propia participación.

É importante subliñar, por tanto, a participación activa no proceso de elaboración do programa de cada unha das unidades xestoras das distintas consellerías que participan no deseño de cada unha das medidas a implantar no período de programación 2014-2020, mesmo creo que fixemos da necesidade unha virtude, xa que o que era un requisito para a súa aprobación por parte da Comisión Europea no caso galego foi unha realidade, e así o puideron constatar os representantes da comisión convidados á reunión do Comité de Seguimento do PDR 2007-2013, que tivo lugar en Ribadumia en xuño deste mesmo ano.

Aínda que entendemos que é un proceso que puido ter os seus erros por ser novidoso, xa que pode dicirse que por primeira vez se outorgou participación a todos os axentes implicados de maneira real e efectiva, sabemos tamén que servirá para mellorar en futuras ocasións.

É un feito que se cumpriu co establecido no regulamento ao respecto da participación na elaboración do programa con todos os axentes implicados. O proceso foi aberto, como xa



o indiquei, no mes de outubro do ano 2013, sendo unha das primeiras comunidades autónomas en pór en marcha a consulta aos distintos axentes sociais. Se ben é certo que na súa fase final foron moi axustados os prazos, tamén é unha realidade que existiu a posibilidade de facer achegas durante todo o proceso de programación. As suxestións e achegas foron debatidas e analizadas cos diferentes actores implicados e en moitos casos incorporadas ao texto do documento. Mais débese aclarar neste punto que as achegas feitas polos socios deben axustarse ás limitacións normativas do fondo Feader, co que non todas as que nos fixeron puideron ser recollidas.

Indo á cuestión específica que vostede fai, cómpre resaltar que este acurtamento dos prazos finais ten a súa orixe tanto no retraso da publicación dos documentos oficiais por parte da Unión Europea como na toma de decisións por parte da Comisión Europea en certos aspectos, o que supuxo —é ben certo— unha carreira no final do proceso de programación para todos os programas nacionais.

En canto ás principais mudanzas nas liñas estratéxicas de actuación, a avaliación *ex ante* realizada de forma previa á redacción do borrador de programa, vén a indicar que, atendendo aos indicadores definidos pola Unión Europea, se observa que algunha das debilidades detectadas no período anterior aínda non foron totalmente superadas, polo que non toca facer cambios de estratexia *per se*, senón manter aquelas que precisen de máis tempo para mostrar os seus efectos no medio rural.

No referente aos obxectivos de incorporación de mozos e mozas á actividade, teño que dicirlle que o obxectivo para esta medida é ambicioso, tendo en conta que no período actual ata o ano 2013 se axudou a máis de 2.800 mozos e mozas na súa incorporación á actividade agraria, cun investimento apoiado de máis de 63 millóns de euros, e aínda faltan por computar as incorporacións do ano 2015.

No período 2014-2020, perséguese abundar neste obxectivo de apoiar como mínimo o mesmo número de incorporacións, e neste sentido convén non perder de vista que existe un proceso de concentración da produción agraria, de xeito que as explotacións se redimensionan en número, mesmo medrando a produción agrícola en Galicia.

É importante destacar que ademais da liña de axudas para a incorporación de mozos na actividade agraria, a pro-

posta do PDR 2014-2020 inclúe tamén medidas dirixidas á primeira instalación de pequenas explotacións e á primeira instalación de actividades non agrícolas, o cal incidirá —estou convencida— na creación de emprego no rural.

¿Cales son os obxectivos de fixación de poboación no rural? O primeiro que debemos contemplar cando falamos de fixar poboación no rural é que os índices de poboación do rural en Galicia son máis altos que noutras rexións do Estado, e incluso que noutras rexións da Unión Europea. Para iso non só é preciso que exista unha produción agraria como tal, senón que é necesario dotar as zonas rurais de servizos e infraestruturas que fagan máis atractiva a vida no mesmo e que permitan fixar a poboación neste eido.

O Programa de desenvolvemento rural 2014-2020 incide directamente nestas cuestións, apoiando iniciativas non só de produción agraria senón de diversificación da mesma, apoiando a innovación sempre dentro dun horizonte sostible e respectuoso co medio ambiente.

En canto á formación, farase fincapé nunha formación máis práctica, acompañada da posibilidade de realización de accións de demostración, visitas a exploracións e intercambios de breve duración; posibilidade que oferta a normativa comunitaria e que este goberno acolle con satisfacción.

Polo que ten que ver co aconsellamento agroforestal, semella imprescindible no proceso de modernización e actuación das explotacións agrarias de cara a conseguir unha maior viabilidade e rendibilidade, tanto no aspecto económico como no ambiental, e por iso na nova programación faise unha aposta pola utilización dos servizos de aconsellamento, xestión e substitución; todo isto realizado conforme a normativa comunitaria.

Creo que estamos, polo tanto, diante dun proceso aínda non pechado, que contou coa participación do sector e das súas entidades representativas, que tenta dar pasos para mudar aquelas cuestións que impiden cambiar o rumbo da Galicia rural e que nos debe levar a mellorar a competitividade da nosa estrutura socioeconómica rural e da vida no rural.

Niso creo que estamos todos no mesmo camiño. Convídeos a seguir así.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Pois xa que me convida a seguir así, voulle dicir que vostede mente, señora conselleira. Non houbo proceso participativo, non intente vestir o que é unha xuntanza en outubro do 2013. En outubro de 2013 voltáronse a xuntar o 7 de xullo do 2014, e dixéronlles a unhas sorprendidas organizacións agrarias e de cooperativas, etc., etc., que tiñan menos dunha semana para facer as aportacións. E esas aportacións desde o 7 de xullo tiveron que elaborarse e enviarse a Europa o 22 de xullo. Se iso para vostede é un proceso participativo, é certo que non mente, pero, como non a considero parva e nunca a considere, creo que está mentindo e tratando de disfrazar isto nun proceso participativo, porque nas rexións europeas onde se fixo o proceso participativo todo foi claro e transparente: fíxose unha memoria do proceso de participación, fixéronse 31 reunións no Midi-Pyrenées, dous plenarios e unha asemblea xeral cun documento de conclusións. ¿É tan difícil, señora conselleira?

Empezou por agradecérllelo a todos os que traballaron no documento: agradézollo á consultora madrileña que o fixo... En tal caso, aos funcionarios da consellería, nada máis, nada máis, porque non participou ninguén máis na elaboración deste documento, señora conselleira.

Fala vostede da incorporación. O documento afirma que preto do 40 % da poboación agraria ten entre 60 e 65 anos. Neste período supoñemos que se xubilarán ou non, depende tamén das decisións do señor Rajoy ao respecto da xubilación, pero unha gran parte vaise xubilar. ¿Cal é o obxectivo da incorporación, señora conselleira? O 2,5 % das explotacións existentes, porque vostede fala dos plans de mellora, dos plans de incorporación, e quero dicirlle que segue baixando a poboación agraria neste país, señora conselleira, segue baixando, e os obxectivos que xa se fixan nin sequera aspiran a manter a poboación agraria. Polo tanto, eses son datos tamén do documento.

Actividades non agrícolas. Eu falaba de facer un exercicio burocrático para tratar de cadrar as contas da Xunta, e

isto entra dentro diso, porque eu son o primeiro en recoñecer que as actividades non agrarias son fundamentais para o rural, pero é que ata o de agora se supón que estaban sufragadas por partidas doutras consellerías, e agora vostede vai lle quitar os fondos do desenvolvemento rural para esas outras partidas que estaban sufragadas por outras consellerías, señora conselleira. E iso é así, e fai iso tamén coa extinción de incendios, etc.

Polo tanto, máis do mesmo, vostede recoñeceu que é un documento de continuidade crítica. Vostede non falou dun cambio radical de políticas, falou de continuidade crítica, polo tanto, se ata o de agora —e xa non falo de trinta anos—, se nos últimos cinco anos, o resultado foi o que foi en datos que o propio documento recoñece, de abandono, de envellecemento, de perda de poboación agraria, de perda de superficie agraria útil, pois facendo o mesmo suponse que os resultados serán similares, ¿non, señora conselleira?

E xa falando de plans de mellora, tamén me podería contestar —non vén á cuestión, señor Santalices, pero se me permite— por que se denegaron todas as solicitudes de plan de mellora e de modernización das explotacións por non haber dotación orzamentaria, cando presumen de solvencia económica. ¿Por que, señora conselleira? ¿Ou é que non son necesarios estes plans de mellora e modernización das explotacións?

Tamén sorprende que non se faga unha análise sistemática do que vai supoñer o final do sistema de cotas, que non se faga unha análise do que foi o aconsellamento privado, que foi un fracaso, e vostedes seguen apostando por dismantelar o aconsellamento e a formación pública, sen analizar o que significou o fracaso do aconsellamento privado. E vostede sábeo, se coñece a situación sabe que o aconsellamento privado é un fracaso neste sector; sabe que o racional, o máis económico e o máis efectivo é reforzar o sistema público, pero, claro, vostedes o sistema público estano dismantelando, e xa llo teño dito moitas veces.

Están acabando coas oficinas agrarias comarcais, están acabando cos centros de formación e experimentación agroforestal. Porque coa política de persoal que vostedes fan, de non repoñer persoal, polo tanto, quedan sen persoal; estanos dismantelando, están dismantelando os centros de investigación de Mabegondo, tamén, a base de recortar en persoal. E vostedes apostan, disque, pola investigación e o desenvol-

vemento privados, cando no propio documento di que Galicia en I+D+i está por debaixo da media europea e moi por debaixo da do Estado. Porque, evidentemente, temos o sector privado agrario que temos, que non ten capacidade para facer investigación, desenvolvemento e innovación, ¡non a ten! E por iso son eses resultados de estar por debaixo da media europea e do Estado, e entón é preciso un sistema público de investigación, de formación e de asesoramento, señora conselleira.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Sánchez.

Turno de peche, señora conselleira do Medio Rural e do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Sánchez, vostede cada vez que sobe a esta tribuna é para dicirme que eu minto ou que eu dou falsas palabras; nin minto nin dou falsas palabras. E cando digo que foi un proceso participativo, é porque foi un proceso participativo, e cando digo que no mes de outubro empezamos a traballar, é que no mes de outubro empezamos a traballar internamente facendo unha análise DAFO da situación e a análise previa que exige o regulamento internamente. E ese documento, unha vez elaborado, pasóuselle a todo ao comité de socios o día 7 de novembro de 2013, antes de que se aprobara o regulamento comunitario, que se aprobou o 20 de decembro de 2013.

Dende aquela fecha nós tiñamos ata o 22 de xullo, é dicir, sete meses para facer todo o traballo de participación. E fíxose exactamente igual que nesa rexión que vostede puña aquí como exemplo. Múltiples xuntanzas e dúas xerais, exactamente o que se fixo en Galicia, múltiples xuntanzas e dúas xerais. É certo que tivemos poucos prazos, pero non é menos certo que en só sete meses tivemos que correr todos e que o sector –todas as entidades asociativas e as universidades galegas– coñeceu ao mesmo tempo que a Xunta de Galicia a análise DAFO –análise de debilidades e fortalezas

do noso rural– para empezar a traballar na programación do que debería de ser o Programa de desenvolvemento rural para o 2014-2020.

Foi un proceso participativo, aceptáronse as achegas que presentaron os diferentes socios. E, dende logo, as únicas que non se puideron recoller son aquelas que non podían ser contempladas pola propia estrutura que establece o regulamento comunitario.

A min chámame moito a atención que vostede diga que Galicia non apoia o seu sector rural e que Galicia, como fai na súa exposición de motivos cando me presenta esta interpelación, diga que nin sequera fixo unha análise crítica da situación, cando agora reconece que si se fixo esa análise crítica, si se fixo ese estudo DAFO, si partimos desa base para saber que era o que nos dicía o regulamento comunitario: aquelas medidas que aínda hai que seguir implementando impleméntense.

E vostede pon como referencia Asturias. Asturias tamén reconece no seu programa de desenvolvemento rural, colgado na páxina web –que, por certo, tivo que corrixir unha certa parte porque se saltou as medidas de cofinanciación–, que é un plan continuísta e innovador. Exactamente igual que o noso, porque é o que establece o regulamento comunitario, non nos podemos saír de aí.

E vostede fala do esforzo económico que fai Asturias. Ben, Asturias consegue que moitas das liñas financiadas pola Unión Europea, que poden subilas ao 80 %, cando o normal de financiación para Asturias sería o 53 % e o lóxico sería que Asturias puxera o resto de cofinanciación, Asturias sobe a maioría das liñas ao 80 e algunhas quedan sen financiación. Galicia fai un esforzo moito máis grande, porque pon en todas as liñas que establece no seu programa –porque lles dá importancia a todas– a financiación ao 75 %. E fai un esforzo financeiro adicional para poder complementar ata o cen por cento a financiación de todas as liñas que poidan ser financiadas de acordo á estrutura do Programa de desenvolvemento rural.

E en canto a I+D+i, repítollo, señor Sánchez, é a liña prioritaria para a Axencia Galega de Innovación Tecnolóxica. Os sectores primarios serán aqueles sectores máis apoiados en todo o que ten que ver coa investigación e co desenvolvemento

to. E estamos traballando cos centros de investigación para que se acheguen máis aos sectores primarios, analicen cales son os problemas que teñen os sectores primarios e lles busquen solución dentro deses centros de investigación. Así o estamos a facer con todos os centros de información, con todos os centros de investigación e con todos os centros de formación.

E fixen unha especial atención aos centros de formación e ao cambio que lle queremos dar á formación en Galicia. Porque entendemos que ten que ser unha formación moito máis práctica, onde os alumnos aprendan, amen, coñezan o rural e se queden a vivir e aposten por desenvolver este sector primario, que, como vostede di e digo eu, é tan importante para Galicia, e niso creo que nin mente vostede nin minto eu.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora conselleira.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta. Boas tardes.

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e catro minutos da tarde e retómase ás catro e vinte e catro minutos.*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Boas tardes.

Reanudamos a sesión co punto 7º da orde do día, que se corresponde... *(Murmurios.) (Risos.)*

É bo que haxa este ambiente así distendido, pero temos que seguir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Tamén é verdade: para unha vez que o hai a verdade é que dá pena cortalo. Pero, bueno, vamos alá.

Como dicía, punto 7º da orde do día, que se corresponde con preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e D. José Luis Méndez Romeu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a información referida aos convenios asinados pola Xunta de Galicia, a través do Igape, coa Confederación de Empresarios de Galicia**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor conselleiro, despois da clase de teoloxía dogmática coa que nos deleitou na interpelación da mañá e sabendo que só teño tres minutos, eu quería marcar primeiro a bagaxe política do presidente do Goberno con catro feitos que eu creo que enmarcan perfectamente a pregunta que vou facer. As frases solemnes pronunciadas neste Parlamento eran “gobernar para todos”, “facer máis con menos”, “a ética gana os votos” e “luz e taquígrafos”. Eu creo que sintetizan perfectamente o tema do que imos falar.

Como vostede sabe, imos falar exactamente do Instituto Galego de Promoción Económica, do Igape, que en outubro do ano 2010 asinou un convenio coa Confederación de Empresarios de Galicia por un valor de 18 millóns de euros, 3.000 millóns das antigas pesetas, sen que no día de hoxe saibamos nin cales foron os criterios, nin cales foron os informes técnicos nos que estaba baseado ese convenio, nin teñamos absolutamente ningunha información. Máis alá de que, efectivamente, o Igape viña xa desenvolvendo desde os gobernos Fraga –en realidade iniciouse no Goberno tripartito coa Dirección Xeral de Incentivos Rexionais o xermolo do Igape– pois unha política de internacionalización ou de apoio ás empresas galegas para saíren ao exterior, e tamén de captación de inversións estranxeiras en Galicia.

Desde logo, este grupo non pode dicirse que non perseveramos no intento de obter esa información. Eu podo proporcionarlle ata en oito ocasións en que solicitamos ese convenio, solicitamos os informes nos que estaba baseado e, lamentablemente, señor conselleiro, non tivemos ningunha información sobre o tema. Como ve, seguimos coa luz e cos taquígrafos e seguimos tamén con gobernar para todos.

Mentres se lle concedían graciosamente 18 millóns de euros á Confederación de Empresarios de Galicia, castigábanse politicamente dunha maneira premeditada e con aleivosía os sindicatos en termos de cursos de formación. Non neste caso, evidentemente, o Igape, que ten outras competencias, falo do conxunto do seu Goberno. Pero por se non eran suficientes os 18 millóns de euros e tendo en conta que seguimos facendo máis con menos, e tendo en conta ademais que a recuperación económica segundo vostede parece

que se consolida, este mesmo ano renovaron ese convenio. Entón, tivemos 2 millóns de euros máis ata decembro do ano 2014. Polo tanto, estamos exactamente en máis de 20, máis outros 250.000 euros, en máis de 20 millóns de euros. Eu entendo perfectamente que a Confederación de Empresarios de Galicia se convertese nun axente electoral do Partido Popular; con esas tarifas publicitarias non me estraña absolutamente nada, señor conselleiro.

Eu o único que quero saber, a pregunta vostede coñécea, é por que non se lle proporciona a este grupo parlamentario...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Losada.

*(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Respóndelle o conselleiro de Economía e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Moitísimas grazas, señor presidente.

Señor Losada, eu alégrome de falar de internacionalización. E non me sorprende que cando fai un repaso dende o punto de vista histórico das diferentes iniciativas non nomeara o Goberno bipartito, porque parece que vostedes non tiñan ningún tipo de interese no eido da internacionalización. E, efectivamente, esa é unha diferenza moi importante entre este Goberno e o propio Goberno bipartito. En calquera caso, efectivamente, facer máis con menos, transparencia e loxicamente centrando todas as actuacións do Goberno en resultados concretos.

Efectivamente, estamos a desenvolver dende o ano 2010 unha colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia que está dando resultados moi positivos dende o punto de vista da internacionalización. Eu creo que cando menos debería de recoñecer que a Estratexia da internacionalización da Xunta de Galicia está a dar resultados positivos, xa que se sumaron despois da posta en marcha deste convenio coa Rede Pexga máis de 1.500 empresas exportadoras; é dicir, máis do dobre do que estaba previsto na sinatura do acordo, chegando ata 6.400 empresas, o que supuxo un incremento do 29 % de empresas exportadoras respecto

ao ano 2009. Tamén se incrementaron as exportacións en máis de 4.400 millóns de euros, incrementándose o 32 %, e, como ben sabe, o ano 2013 Galicia bateu os récords exportadores tanto na balanza comercial, no saldo exportador, como na taxa de cobertura.

Polo tanto, eu creo que é importante centrarse tamén nos resultados das diferentes actuacións que se promoven por parte da Xunta de Galicia. Nese sentido, xa lle traslado que este Goberno loxicamente actúa con total transparencia, e aquí lle traio e entregarei posteriormente ao presidente o convenio asinado este ano coa Confederación de Empresarios de Galicia para que teña coñecemento do mesmo.

En calquera caso, se seguimos falando destes resultados, eu poderíalle dar datos concretos, porque xa sabe que os datos concretos son verdadeiramente importantes. Hai empresas como Torre de Núñez, que coñecerá, como Ingapan, como Pili Carrera que teñen iniciado exportacións en Estados Unidos e que se teñen apoiado no labor da Rede Pexga. Fálolle tamén do Grupo Cuevas, de Castrosúa, que son outros exemplos do camiño que se está a desenvolver.

E con respecto aos datos eu pediríalle un pouco de rigor, porque coñece vostede moi ben a execución do orzamento; unha cousa é o orzamento e outra cousa é a execución. Efectivamente, o convenio eran 18 millóns, pero sabe perfectamente, e xa se lle informou a esta Cámara, que a execución dese convenio foron 7 millóns de euros e non 18. E coñéceo perfectamente porque ten os datos da execución do Igape. A eses 7 millóns de euros hai que sumarllles efectivamente os 2 millóns de euros orzamentados neste ano, o que supón unha utilización dos fondos con absoluta prioridade e con absoluta eficiencia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Pois é evidente que é máis útil unha pregunta oral en pleno que a solicitude a través do artigo 9, porque ese convenio e tamén as xustificacións

de gasto da Confederación de Empresarios de Galicia están pedidos desde o 11 de marzo do ano 2011, é dicir, hai tres anos e medio. Eu sei que naquel momento vostede non era conselleiro, pero, en todo caso, gustaríame saber por que tres anos e medio de atraso. Non sei se tamén ocorre como cos convenios de Pemex, que están sometidos ao segredo da competencia internacional. Neste caso non, ¡eh!, porque nin o señor Fontenla nin o señor Albariño competían internacionalmente con ninguén, excepto ao mellor con algunha empresa publicitaria que traballaba para o Partido Popular.

Mire, señor conselleiro, a internacionalización, efectivamente, mellorou en termos de exportación, e hai que ver fundamentada en que foi esa mellora. E vostede sábeo perfectamente, sabe perfectamente que foi con base en custos salariais basicamente e non con base na innovación. Sabemos de que modelo económico estamos falando polo tanto. E, por certo, a taxa de cobertura está sobre todo explicada pola caída das importacións froito da crise e da caída da demanda, seguro que tamén o sabe. Eu entendo que o non o diga, pero estou seguro de que tamén o sabe.

Mire, a internacionalización é máis que exportar e importar. Por certo, os datos do 2013 non foron malos, é verdade. Home, no 2014 imos un pouco peor porque as exportacións medraron un 0,7 % entre xaneiro e xullo e as importacións un 7,3 %, dez veces máis. Eu creo que as taxas de cobertura empezan a tambalearse.

Pero quero falar tamén de internacionalización, de chegada de investimento estranxeiro. Evidentemente, temos os 5,1 millóns de euros de Barreras, cun flotel que certamente se está construíndo, pero que todos sabemos que é comprar tecnoloxía para deslocalizar a produción. Vostede tamén o sabe, conselleiro. Por certo, sábeo porque estaba presente cando o conselleiro delegado de Pemex o dixo textualmente en Orillamar en Vigo.

E, por certo, tamén temos os datos do investimento estranxeiro en Galicia. Sabe perfectamente que no ano 2013 recibimos o 1,38 % do conxunto de España e sabe que no primeiro semestre do ano 2014...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Losada.

*(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Losada.

*(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López):** Señor Losada, eu de verdade alégrome de que empece, efectivamente, a recoñecer os éxitos neste caso das exportacións galegas, que son éxitos –non teñan ningunha dúbida– da propia actuación dos empresarios, loxicamente acompañados da Administración, que ese é o noso labor. Pero eu alégrome de que por fin empece a recoñecer estes éxitos.

Eu creo que non debía de minusvalorar precisamente as actuacións dos empresarios. E creo que debería de recoñecer que precisamente estes datos de exportación se motivan fundamentalmente pola competitividade das nosas empresas e, polo tanto, polos esforzos que están a facer en termos de innovación, de diferenciación de produto e de poder vender a un prezo competitivo. Polo tanto, nesa diferenciación de calidade-prezo é na que se está sustentando a posición das nosas empresas exportadoras.

Polo tanto, eu creo que aí é onde temos que centrar o debate e aí é onde está intentando actuar a Xunta de Galicia a través dos diferentes instrumentos de internacionalización. Voulle facer unha comparativa: o bipartito aprobou a través do Igape 343 proxectos de internacionalización, este Goberno xa leva aprobados máis de 3.000 proxectos de internacionalización, multiplicando por dez o número de proxectos que se están apoiando, simplemente multiplicando por catro o orzamento público para este fin. Polo tanto, este é o labor que estamos a desenvolver: acompañar o empresariado galego, e, loxicamente, a Rede Pexga xoga un papel fundamental.

Agora que me pide un convenio, eu tráíolle o convenio. Agora tampouco lle gusta que lle traia o convenio, pois, señor Losada, ten o texto do convenio asinado este mesmo

ano e ten os resultados que eu lle acabo de reflectir. E a partir de aí encantados de poder recibir propostas, iniciativas concretas para mellorar.

E –insisto– nese convenio de 18 millóns de euros a execución é de 7 millóns de euros. Se quere seguir mantendo a cifra dos 18, pois eu entendo que é unha situación puramente demagóxica. As execucións téñenas perfectamente recollidas no orzamento do Igape e, loxicamente, iso supón un aforro do 60 % con respecto ao gasto previsto.

A partir de aí –como sabe– seguiremos traballando coa colaboración da Rede Pexga e seguiremos levando da man as actuacións das empresas co fin de mellorar a nosa posición internacional. E seguiremos colaborando con empresas como Torre de Núñez, como Ingapan, como Pili Carrera, como GOC, como Aceites Abril, como Galopín, como Teais, que son todas empresas perfectamente coñecidas, señor Losada, e que están usando os servizos da plataforma Pexga.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

Por un problema de última hora xurdido ao conselleiro de Educación e logo de falar coas... (*Murmurios.*)

Perdón. Bueno, pois se xa chegou non me informaron ben, se xa chegou, seguimos coa orde do día. Seguimos coa orde do día, non hai ningún problema. Moito mellor así, non hai nada que explicar. Seguimos coa orde do día.

**Pregunta de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego para repoñer progresivamente ao profesorado as condicións laborais e profesionais que tiña antes da crise económica**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Docasar.

**O señor DOCASAR DOCASAR:** Grazas, presidente.

Señorías; señor conselleiro, benvido.

Imos á segunda parte do debate que mantivemos onte neste Parlamento. Intentarei no día de hoxe ser máis didáctico e, se cabe, máis persuasivo, e xa non digo... E digo que non vou parar ata conseguir que vostede reconeza que o profesorado nos últimos anos perdeu parte da súa dignidade profesional e laboral.

Para nós, e quero pensar tamén para vostede, señor conselleiro, o papel do profesorado é a clave para a boa marcha de calquera sistema educativo. Facer sentir ben o profesorado ten que ser pois unha das obrigas esenciais dun conselleiro de Educación con tacto e sensibilidade.

Señor Vázquez, eu sei que vostede ten que ser consciente do trato que se lle ten dado ao profesorado nos últimos tempos. Un colectivo que viu como se lle arrebatában pola brava dereitos conseguidos co esforzo de décadas. Un colectivo que viu como se deterioraban as instalacións e os materiais didácticos dos seus centros educativos. E agora, para rematar, ve como se lle impón unha nova Lei educativa profundamente sectaria e de partido, sen o máis mínimo consenso e cun calendario de implantación improvisado, insensato, caótico e trapalleiro. ¡Que boa oportunidade para que o señor Wert seguira o exemplo do señor Gallardón!

Ata aquí o que ten sucedido nos últimos tempos, señor conselleiro. E ¿que toca agora á vista das cousas que vostedes levan dicindo nos últimos tempos? Toca, señor Vázquez, ser coherentes co que se di e o que se fai. Vostedes responsables políticos do Partido Popular veñen asegurando un día si e outro tamén que a recuperación económica chegou e que chegou para quedarse definitivamente, e aí están as declaracións de Montoro, Cospedal, Rajoy e de certos gurús da economía neoliberal. Tamén é verdade que no día de hoxe o señor Feijóo matizou nesta Cámara en certa medida esas declaracións, falando de que era unha recuperación tímida e leve. Queremos pensar, señor conselleiro, que todas estas manifestacións están baseadas na realidade e no rigor, por viren de persoas que teñen altas responsabilidades de goberno.

Pois ben, se iso é así, o que toca agora é que esa recuperación da economía macro chegue á economía micro, e tamén sexa percibida na comunidade educativa, que esa recuperación chegue aínda que tan só sexa timidamente aos profesionais do ensino, pero que chegue.

Quero lembrarlle, señor conselleiro, que o profesorado leva perdido nos últimos tempos un 30 % do seu poder adquisitivo, levándoo –digamos– ao nivel de renda do século pasado, da década dos noventa. Tamén lle quero lembrar que o investimento en educación baixou preto de 200 euros durante a presidencia do señor Feijóo. En definitiva, o profesorado pasou por toda unha serie de circunstancias que deben empezar a mudar.

A pregunta é moi precisa, señor conselleiro: ¿ten previsto o Goberno galego repoñer, aínda que tan só sexa timidamente, as condicións laborais e profesionais arrebatadas ao colectivo docente durante a crise económica?

Pola miña parte, neste primeiro turno, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Docasar.

Respóndelle o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad):**ad):ad): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Docasar, agardo que non lle sorprenda a miña resposta e que sexa semellante á que tiveren oportunidade de ofrecer nesta Cámara xa no pasado pleno, porque –como xa lle dixen– vostede coñece a posición da consellería, porque tivo ademais a explicación tanto na comisión como por escrito, como neste pleno. E mesmo na sesión de onte houbo unha moción súa no mesmo sentido, e que como é coñecido non saíu adiante. Vostede así como o seu propio grupo, máis que control ao Goberno, neste caso entendo que están a facer un exercicio perverso ou unha interpretación interesada da realidade.

Que comece a haber unha melloría non quere dicir que non teñamos que seguir traballando para saír dunha situación moi difícil e dunha crise que o seu partido sempre negou e que ademais non soubo afrontar. Foi Zapatero –hai que recordarllo– quen lle arrebatou non só ao profesorado senón a todos os funcionarios as condicións que vostede agora vén reclamando. Falamos de taxa de reposición, de

baixada de soldo aos funcionarios e tantas e tantas medidas. Sexan serios e recoñezan as causas, recoñezan a situación. Nesa constante dos socialistas moitas veces de esquecer a realidade económica e de reivindicar políticas expansivas de gasto, vostede repite unha e outra vez plantexamentos pesimistas e reivindica máis e máis, pero sen preocuparse polo que é a propia sostibilidade do sistema, e polo que é máis triste: nin polos resultados do propio sistema.

O seu partido, agora con Pedro Sánchez como líder, esta mesma semana está de novo a ofrecer o que xa ofreceu Zapatero, e que foi precisamente a desestabilización de todo o sistema económico español.

Reitero unha vez máis no nome da consellería e do Goberno galego o recoñecemento público ao traballo e ao esforzo que nestes últimos anos está a facer no seu día a día todo o profesorado para que o alumnado galego saia adiante cunha boa formación científica e humana en calquera circunstancia. Entendemos que as necesidades do sistema educativo volven estar cubertas unha vez máis, xa que Galicia dispón de funcionarios entregados, profesionais docentes comprometidos, aos que, desde logo, toda a sociedade galega, empezando polas familias, teñen que estar moi agradecidos por esa entrega.

Un curso máis a consellería vai contar cun cadro de persoal docente que respecta o catálogo, ademais de postos, fixado no ano 2007 polo bipartito. Somos conscientes do esforzo que se lle reclamou e que se lle está a reclamar, e sabemos da importancia que ten o profesorado para o noso sistema educativo. Pero tamén somos conscientes das circunstancias aínda tristes que están a acontecer neste país e que fan necesario que o sistema poidamos entre todos facelo sostible.

Esa é unha responsabilidade de todos nós, é unha responsabilidade tamén da oposición, porque ao final a quen nos debemos é ao sistema educativo, para que sexa público e sostible.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.



Réplica, señor Docasar.

**O señor DOCASAR DOCASAR:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, conto neste segundo turno soamente con dous minutos e decidín prestarlles a miña voz a persoas que están fóra deste hemiciclo.

Unha profesora viúva e con dous fillos na universidade dime que lle pregunte que se agora que chegou timidamente a recuperación económica ela recuperará timidamente a súa paga dobre no mes de decembro.

Un profesor con trinta e cinco anos de servizos, amante da súa profesión e que vén de xubilarse, dime que lle pregunte. Dille ao conselleiro, Vicente, que decidín marchar porque xa non soporto tanto cambio no sistema educativo. E dille tamén que me vou porque agora aínda o fago sabendo cales son as regras de xogo e no futuro non sei como irán.

Unha directora dun colexio de primaria e un director dun IES dinme que lle traslade o seguinte: se lle parece normal que os centros se enteren un día antes do inicio do curso da publicación no DOG do Decreto de primaria e do da FP básica.

Dous profesores afectados polo concurso de traslados, señor conselleiro, dinme que lle pregunte se lle parece normal o que ten sucedido nos últimos meses no concurso de traslados en Galicia e como pensa saír desta situación.

Unha xove aspirante a profesora que prepara oposicións dende hai un par de anos dime que lle pregunte se agora que chegou timidamente a recuperación económica ela terá a oportunidade de presentarse no verán a unhas oposicións.

E, finalmente, Cruz, unha nai dun alumno do Colexio Isaac Díaz Pardo de Culleredo chamado Gael, trasládame o seguinte. Dille ao señor conselleiro, por favor, se pensa atender a petición de cubrir media praza de PT e outra media de AL que o centro do meu neno necesita para funcionar axeitadamente.

E remato, señor conselleiro, coa pregunta clave: ¿ten previsto, por favor, o Goberno galego repoñer progresiva e

timidamente as condicións laborais e profesionais arrebatadas ou quitadas ao colectivo docente durante a pasada crise económica?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Docasar.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad):** Moitísimas grazas, señor Docasar.

Sorpréndeme incluso algunha das preguntas que vostede acaba de realizar, porque moitas veces deixa nun contexto moi difícil ao profesorado, cando había unhas instrucións que practicamente son réplica dese decreto que foi aprobado. Polo tanto, o profesorado tiña obriga e coñecía perfectamente como se ía desenvolver.

Pero ¿como respostaría vostede a un profesorado cando foi da LOE, que aprobou o decreto o seu Goberno un ano despois de estar en marcha? ¿Que pregunta lle faría entón esa profesora a vostede mesmo? ¿Que pregunta lle faría esa profesora a vostede cando Zapatero lle rebaixou un 7 % de media do seu salario? ¿Que pregunta lle faría esa profesora a vostede cando conxelou por primeira vez na historia da democracia as xubilacións a todos os funcionarios aquí en España? *(Murmurios.)* ¿Que pregunta lle farían a vostede esa docente e ese profesor... *(Aplausos.)* ...cando vostedes deixaron a taxa nun 10 % e nestes mesmos momentos estase a debater para poder ampliar esa taxa que vostedes deixaron nun 10 %?

¿Por que vostede non lle dá resposta precisamente a esa xente? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Por que vostede non lle dá resposta a esa nai que pregunta e non lle di que cos esforzos hoxe en día hai máis PT e máis AL que con vostedes na época de bonanza? ¿Por que non lle dá resposta vostede e non lle di que en Galicia hai sete puntos menos de abandono escolar que cando vostedes estaban gobernando? *(Aplausos.)* ¿Por que vostedes non lles din aos pais que hoxe hai máis oportunidades no sistema educativo que cando o PSOE neste país leva gobernando?

Non sei cando poderemos volver repoñer as condicións ao profesorado, o único que lle digo é que se vostedes chegan a estar gobernando e o substituto de ZP chega a adoptar as medidas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* –perdón, o ex presidente do Goberno– ...o único que sei...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Silencio, por favor. ¡Silencio! *(Murmurios.)*

Silencio, por favor. ¡Silencio! Silencio, porque se temos que empezar a retirar aquí expresións, tamén había que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Tamén á mañá houbo outras referencias a outras persoas con outros cualificativos, e se temos que retirar todo...

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad):** Pido perdón, se é por iso, e refírome...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Prosiga, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad):** ...ao ex presidente do Goberno, que foi unha lacra para este país, o señor Zapatero. *(Aplausos.)*

Pero de todos modos remato, señor Docasar. Non sei, e sei que as circunstancias son difíciles, pero si sei o que tería pasado se vostedes chegan a estar gobernando: probablemente neste momento o profesorado estaría sen cobrar os seus salarios. *(Murmurios.)*

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

### **Pregunta de D. Román Rodríguez González e sete deputados/as máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre o balance da posta en funcionamento dos centros educativos plurilingües en Galicia**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rodríguez González.

*(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

Silencio, por favor. Silencio, silencio, por favor.

Adiante, señor Román, cando queira.

**O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Parece que os ánimos están exaltados a esta hora da tarde.

Bueno, en todo caso, señor conselleiro, a nosa pregunta é unha pregunta moi concreta e parte dunha reflexión. Estamos nunha sociedade cada vez máis globalizada, nun mundo cada vez máis aberto; estamos tamén nun momento educativo no cal todos sabemos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que unha das grandes debilidades que ten a formación da nosa xuventude, dos nosos mozos e mozas, pois é o dominio de idiomas; é un punto débil que vimos arrasando historicamente non só en Galicia, senón no conxunto de España... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* –Sí, seguramente si.–

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Advírtolle que é a segunda chamada á orde, co cal se hai outra chamada supón a súa expulsión.

Prosiga, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

E dicía que para reducir este déficit educativo, do cal a Xunta era perfectamente consciente, se puxeron en marcha non hai moito tempo dous plans, dúas liñas estratéxicas de traballo que pensamos que moi importantes: por unha parte, o Plan de potenciación de linguas estranxeiras e, por outra parte, o Decreto do plurilingüismo.

Nesta estratexia de potenciar o uso de idiomas na nosa xuventude, nos nosos estudantes, un punto fundamental foi a posta en marcha dos denominados centros plurilingües. Uns centros que tiveron e teñen un papel moi destacado no uso da lingua estranxeira, dunha lingua estranxeira *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* con carácter vehicu-

lar, por exemplo, o inglés. Xa hai algún tempo que se puxeron en marcha estes centros, que, por certo, tiveron unha moi boa acollida na comunidade educativa, xa que os centros se adheriron a esta rede de xeito voluntario.

E transcorridos xa algúns anos da súa posta en marcha gustaríanos saber cal é o balance que se presenta tendo en conta unha gran realidade, que creo que é moi importante desde o punto de vista equitativo, e é que cada vez máis un número de xoves teñen acceso a unha aprendizaxe nunha lingua vehicular, o inglés. O que antes, ata a posta en marcha deste tipo de centros, estaba restrinxido a un número moi cativo de centros educativos, agora está practicamente en vías de xeneralizarse a gran parte do sistema educativo público galego. Isto é poñer á disposición de moitos nenos e nenas e xoves de Galicia algo que antes estaba restrinxido para uns poucos. Entendemos que esta é unha estratexia que, por unha parte, desde o punto de vista formativo é moi importante, pero tamén é moi importante desde o punto de vista da equidade social.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor Rodríguez.

Respóndelle o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad):** Moitísimas grazas.

Na consellería, desde logo, señor Román, estamos convencidos de que un bo coñecemento de varias linguas, e ademais nestes tempos actuais, é unha condición indispensable para que os cidadáns poidan beneficiarse das posibilidades profesionais e persoais tamén que se dan nun mundo cada vez máis globalizado e internacionalizado. Tamén estamos convencidos de que cando a aprendizaxe de idiomas comeza a idades temperás estamos a xerar un factor de éxito escolar e persoal nas xeracións máis novas.

A propia Unión Europea así o entende. No ano 2009 adoptou o novo Marco para a cooperación europea en educación e formación para o ano 2020, no que se incluíu dentro do obxectivo estratéxico da mellora da calidade e a efi-

ciencia da educación e formación a aprendizaxe de linguas estranxeiras desde unha idade temperá, ademais de vincular esa formación ao obxectivo da mobilidade.

Neste contexto, no curso 2010-2011, en Galicia demos os primeiros pasos para mellorar as competencias dos nosos estudantes en linguas estranxeiras, convencidos de que o dominio de varias linguas é unha garantía de oportunidade para a nosa xuventude. Fixémolo ao amparo do Plan de potenciación das linguas estranxeiras, que supuxo a creación da primeira rede de centros plurilingües, pero sen esquecer a necesidade de mellorar e ampliar outros programas que viñan funcionando. Definimos un novo modelo para o ensino das linguas ao amparo do Decreto 79/2010, do plurilingüismo no ensino, xa que a consellería promoveu unha rede de centros nos que se impartan nunha lingua estranxeira áreas ou materias non lingüísticas cun máximo dun terzo do horario lectivo e dirixido a todo o alumnado do nivel educativo obxecto do programa plurilingüe.

A consellería convocou os centros educativos galegos a participaren na devandita rede, de xeito que no primeiro curso, no 2010-2011, houbo unha moi boa acollida, como se puido constatar, e foron 58 os centros que chegaron nese curso do total de 220 neste curso 2014-2015. En todas as convocatorias quedou de manifesto o interese dos centros de ensino galegos por participaren neste proxecto innovador. Como exemplo quero destacar que neste proxecto innovador. Como sempre eu quero destacar que neste curso que acaba de comezar en Galicia hai 35 novos centros plurilingües, o que supón un incremento dun 19 % con respecto ao curso pasado. Pero a ampliación desta rede de centros plurilingües ten posibilitado que na actualidade haxa máis de 31.450 alumnas e alumnos formándose en linguas estranxeiras, un 35,6 % máis que no curso anterior.

A recepción do programa entre a comunidade educativa demostra unha ampla aceptación e o interese polo ensino plurilingüe. E comprenderá que isto supón ao entender da consellería un importante avance no que debemos seguir dando pasos máis acelerados.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ:** Moitas grazas, señor conselleiro.

Eu lembro perfectamente non hai moito tempo cando se puxo en marcha o Plan de potenciación de linguas estranxeiras as críticas atrevidas que se fixeron por parte da oposición. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ao final e afortunadamente o tempo dá e quita razóns, e como vostede está a dicir hai un incremento notable de estudantes no sistema educativo galego que están utilizando un idioma estranxeiro, nomeadamente o inglés, como lingua vehicular para o ensino. Isto é moi significativo e isto é sintomático de que se puxo a disposición de moitos o que antes estaba a disposición de moi poucos, o cal como xa dixen na miña primeira intervención é unha medida de equidade social.

É certo tamén que ademais da rede de centros plurilingües este plan tiña outros aspectos significativos: as seccións bilingües, auxiliares de conversa...

En todo caso, e xa para rematar, gustaríanos que profundase máis en todo o que ten que ver con outros aspectos do Plan de potenciación de linguas estranxeiras, porque estamos convencidos dende este grupo parlamentario que a aplicación e o desenvolvemento deste plan está a contribuir a ter un ensino máis moderno, máis atractivo e de máis calidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas.

Turno de peche, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad):** Para a consellería resulta un reto a formación en idiomas do alumnado dentro do que son os vindeiros anos. Froito desa preocupación –como xa expliquei– creáronse os centros plurilingües e potenciáronse ademais outras accións co obxecto de que o alumnado galego teña acceso a unha educación máis plural e que reforce a adquisición das linguas estranxeiras, ao seren estas linguas vehiculares en materias non lingüísticas.

E cremos que é importante que ao tempo que se consolida a rede de centros plurilingües, que –insisto– neste ano son 220, tamén se reforcen aspectos como as seccións bilingües, a presenza de auxiliares de conversa, as estadias lingüísticas de verán e de outono, así como experiencias piloto de ensino do inglés nos centros do rural. Estas e outras medidas do Plan de potenciación de linguas estranxeiras fan que neste presente curso 2014-2015 haxa preto de 85.000 alumnas e alumnos aprendendo idiomas, o que supón un 18,4 % máis que no ano anterior. Isto supón que 4 de cada 10 estudantes galegos do ensino obrigatorio se benefician desta estratexia integral para a aprendizaxe do idioma, na cal participaron a partir de setembro preto do 80 % dos centros sostidos con fondos públicos. De feito, neste curso a rede de centros plurilingües integra a case o 18 % dos centros sostidos con fondos públicos, e a rede de seccións bilingües a máis do 62 %.

Quero referirme agora ao feito de que neste curso contamos tamén cun total de 3.223 seccións, das que 367 son de nova creación neste ano, polo que estamos a falar de que preto de 52.000 alumnas e alumnos se están formando grazas a este recurso en linguas estranxeiras.

Tanto os centros plurilingües como parte das seccións bilingües contarán este ano co apoio dos auxiliares de conversa, que serán nun número de 454, un 4,3 % máis, e, desde logo, estamos multiplicando por seis case o que había hai cinco anos.

Cómpre, ademais, seguir facendo fincapé noutras medidas que se avanzaron e que seguen a medrar co Programa experimental de acompañamento en linguas estranxeiras, dirixido, por exemplo, a mellorar as competencias do alumnado de centros de ensino de localidades rurais que non forman parte da rede plurilingüe ou non dispoñen de seccións bilingües. Neste curso mantemos este programa e como xa aconteceu nestes últimos anos esta iniciativa chega a máis de 820 escolares de 49 centros diferentes do rural.

Como ven, estamos decididos, é necesario dar pasos decisivos para que esa ensinanza sexa unha realidade nas vindeiras décadas e nos vindeiros anos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D. Xosé Manuel Beiras Torrado e sete deputados/as máis, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as actuacións de carácter estrutural que vai desenvolver o Goberno galego para corrixir a actual situación de regresión demográfica en Galicia**

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Para formular a pregunta ten a palabra a señora Díaz.

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Grazas, presidente.

Boas tardes.

Benvida, señora conselleira.

Supoño que coñecerá os datos terribles respecto da situación demográfica do noso país. Dependendo da estatística que empregamos, sen lugar a dúbidas, poderemos coincidir en que o dato máis prudente sitúa a que dende que vostedes chegaron ao Goberno perdemos nada máis e nada menos que 50.000 persoas que saíron do noso país; 50.000 persoas que case todos eles e elas teñen o rostro de persoas novas.

Mesmo tamén supoño que coñecerá os datos da Unión Europea, que nos coloca en todo o continente como a terceira taxa de fecundidade máis baixa do continente, e mesmo tamén respecto dos datos na comparativa co Estado as cifras para nós son terriblemente negativas.

No que atinxe á taxa bruta de natalidade, a media estatal está no 10,1 % e a media galega está no 7,7 %. O índice sintético de fecundidade atópase no Estado de media no 31,4 % e en Galicia no 32,1 %. E o que ten que ver coa taxa bruta de mortalidade, a media estatal está no 8,3 % e a galega no 10,7 %.

Tamén supoño que coñece estes datos: o 23,5 % son maiores de 64 anos, cando a media estatal se sitúa xustamente no 18,1 %.

Tamén, señora conselleira, entendo que coñece perfectamente os datos que ás veces empregamos do censo de poboación galega residente no estranxeiro, e hai unha variante do 20,9 % dende que vostedes chegaron á Xunta de Galicia. No

ano 2009 tiñamos unha poboación no exterior de 383.599, que no día de hoxe estamos xa en 463.812, unha variación –como lle digo– do 20,9 %, 80.213 persoas máis.

Temos máis mortes que nacementos. Temos 650.000 persoas no limiar de pobreza. Temos 190.000 persoas, señora conselleira, que estando en situación de desemprego non teñen ningún tipo de cobertura social. Temos 100.000 persoas, máis de 100.000 persoas, nas que todos os seus membros están en desemprego. Temos as medias de pensión máis baixas de todo o Estado; exactamente, aínda que incrementou un pouquiño nas últimas estatísticas, en 730 euros. Temos unha situación que é absolutamente insoportable, señora conselleira.

E a pregunta que lle formula Alternativa Galega de Esquerda é: diante deste panorama que converte o noso país nun auténtico páramo, ¿cales son as medidas reais que vostedes van empregar? Falo de medidas reais como as que, por exemplo, explicita o Foro Económico de Galicia, que non é sospeitoso de ser revolucionario, son empresarios, empresarias, e mesmo tamén a universidade, que falan claro...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, grazas, señora Díaz.

*(Aplausos.)*

Resposta da conselleira de Traballo e Benestar.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Moitas grazas.

Boa tarde, presidente; boa tarde, señoría.

Pois a verdade é que a responsabilidade do Goberno non é só coñecer como vostede preguntaba na súa intervención, senón, ademais de coñecer, facer. E, evidentemente, este Goberno si coñece a situación na que se atopa esta comunidade en canto á súa taxa de natalidade, en canto á súa taxa de envellecemento, en canto á súa taxa, evidentemente, de poboación, pero o que non nos basta é só con coñecer, senón que a nosa obriga é facer. E por iso fomos o primeiro Goberno da historia da Xunta de Galicia en facer un Plan de dinamización demográfica e en poñer medidas concretas, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que, evi-

dentemente, ten que ver con medidas concretas e con pre-suposto concreto para tentar rebater isto.

É curioso dalgunha maneira que este tema sexa un tema que saía no ano 2014 neste Parlamento, cando o problema demográfico da nosa comunidade data dos anos setenta, e que, polo tanto, calquera que tivo a oportunidade de representar o pobo galego no goberno tivo a oportunidade tamén de facer algo. E non houbo ninguén, e volvo dicir: non houbo ninguén, ningún Goberno, máis alá de ir a medidas individuais, que fixera un plan, levado adiante co compromiso de todo o Goberno da Xunta de Galicia, que tentara mudar unha situación que non é responsabilidade nin competencia única deste Goberno, senón que é responsabilidade de toda a sociedade.

O primeiro que fixemos, máis alá de coñecer o problema, foi poñernos diante deste problema e liderar a solución deste problema. E o primeiro que tiñamos que facer é sensibilizar a cidadanía galega de que Galicia tiña un problema non grave, senón moi grave... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Silencio, por favor. Silencio, por favor.

Prosiga, señora conselleira.

(*Murmurios.*)

¡Silencio!

Señora Martínez, silencio, por favor.

Prosiga.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** ...sensibilizar a sociedade de que Galicia tiña un problema.

Tal é así que hai un ano ninguén falaba do problema da demografía. (*Murmurios.*) ¡Hai un ano ninguén falaba do problema da demografía! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Silencio, por favor. Deixen rematar á conselleira.

Silencio, está no dereito...

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** E puxemos en marcha unha campaña de publicidade, por certo, moi criticada, mesmo tamén fixemos foros e congresos internacionais que deron pé a que os medios de comunicación puxeran no primeiro termo un tema do que falan os medios de comunicación e que agora vostede mesma é capaz tamén de facer e interesarse por un problema que non é de hoxe, por un problema que leva dende o ano setenta.

E temos claro que neste problema, no que, evidentemente, a Xunta de Galicia ten parte das súas competencias, temos que incentivar e animar todos os axentes sociais e a sociedade no seu conxunto a que participen. E para elo son precisas medidas que concilien a vida laboral e familiar, medidas que contribúan a facilitar a vida dos pais e das nais, como, por exemplo, máis servizos públicos para as familias, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) como por exemplo o 60 %...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora conselleira. Grazas, señora conselleira.

(*Aplausos.*)

Réplica, señora Díaz.

(*A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*)

**A señora DÍAZ PÉREZ:** Señor presidente, por se se sentiu ofendida a señora conselleira, eu estaba en rigoroso silencio, por se non foi quen de darse conta, e escoiteina ademais con absoluto respecto, porque claro que me interesa a resposta que vai dar, sobre todo porque me parece que é bastante grave o que vostede está a dicir.

Señora conselleira, creo que vostede ten mala memoria, sobre todo porque imos estar en vésperas do debate do estado da nación, e vostede se fai memoria comprobará como unha das resolucións que este grupo, pero tamén os demais grupos presentaron a debate xusto hai un ano, pois trataba nada máis e nada menos que estas cuestións. Pero non soamente isto, porque este grupo leva aquí certamente preto de dous anos neste mes que entra de outubro.

Pero vostede está faltando á verdade, porque do que eu lle estou a falar é que dende que vostedes chegan á Xunta de Galicia, no quinquenio Feijóo perde o noso país 50.000 persoas disto que nós chamamos “exilio económico”, porque a xente nova vaise do noso país porque non hai futuro, xente altamente cualificada. Eses investigadores e investigadoras que mesmo percibían salarios indecentes de 500 euros e cousas semellantes pois marchan deste país porque non hai futuro.

E o que lle pregunto, señora conselleira, alén de coñecer que estamos diante dun problema estrutural deste país, pero non só deste país, é que vai facer vostede respecto desta dramática situación, que vai facer tendo en conta que vostede é a conselleira de Traballo, e que vai facer cando –por exemplo, vólvolle falar deste documento– os propios empresarios e a universidade están a sinalar que a condición –e vou ler literalmente–, “a condición *sine qua non* para manter poboación no noso territorio está na creación de emprego e de calidade”.

Pero non soamente fala diso este documento, que se quere tamén lle damos unha copia. Fala, por exemplo, de que as políticas públicas que se están a practicar son incorrectas. Fala de que nos centros, por exemplo, de 0 a 3 anos para nenos e nenas deste país as tarifas que está practicando vostede son disuasorias, señora conselleira. Porque unha familia que...

**O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira):** Grazas, señora Díaz. Grazas, señora Díaz.

*(A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, grazas, señora Díaz.

*(Aplausos.)*

Turno de peche, señora conselleira de Traballo e Benestar.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Moitas grazas, presidente.

A ver se teño oportunidade de explicar polo menos a acción do Goberno, se é que é verdade que lle interesa á oposición coñecer a acción de goberno.

Non estou de acordo con vostede cando di que o foro o que escribe é que a condición *sine qua non* foi crear emprego e que sexa un emprego de calidade. Porque coñezo ese informe, lino e mesmo tamén tiveron a oportunidade de practicar e falar coas persoas que o fixeron, e pódolle garantir que é unha condición pero non unha condición *sine qua non*. Porque, evidentemente, vostede, coma min, vivía nos anos 2007, 2006, 2008 nos que incluso houbo unha situación de emprego boa para a nosa comunidade, e mesmo tamén da economía, e como vostede sabe moi ben, ou debería saber se é verdade que lle preocupa o problema demográfico, non tiñamos unha taxa de natalidade máis alta da que temos agora, apenas un 0,3 % máis do que temos agora con respecto ao que se lle supón a unha muller fértil, e a maiores disto evidentemente temos que implicarnos e non se fixo.

O Goberno da Xunta de Galicia o que está a facer é poñer enriba da mesa todas as medidas que dentro das súas competencias inciden directamente na mellora da situación demográfica da nosa comunidade, e que dende o meu punto de vista son tres. O primeiro punto é o apoio á conciliación da vida laboral e familiar. *(Murmurios.)* O segundo, os estímulos fiscais e os estímulos de apoio económico que poidan contribuír coas familias. E, evidentemente, o terceiro, e moi importante, é o apoio para que os axentes sociais, é dicir, nas negociacións colectivas, incorporen medidas que flexibilicen e permitan adaptar a vida laboral e as xornadas laborais á vida da familia e humanizar a nosa comunidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Tentando falar da primeira de todas elas, que é a conciliación, as medidas de conciliación, o que temos clarísimo –e non é este goberno, senón mesmo tamén ese foro– é que é absolutamente preciso facer da nosa comunidade unha comunidade máis amable a través de servizos públicos. E os servizos públicos que axudan á cidadanía son prazas de escolas infantís, prazas de centros de día para maiores, porque tamén os maiores viven na familia, e prazas de residencias. E foi este goberno, non foi outro, o que incrementou as prazas de escolas infantís públicas nun 60 % no peor momento económico da Xunta de Galicia. E foi este goberno, e non foi outro, o que no peor momento da Xunta de Galicia incrementou as prazas de residencia nun 48 %. E foi este goberno, e non foi outro, o que incrementou a desgravación fiscal nun 20 % para todas aquelas familias que teñan nenos de 0 a 3 anos. *(Pronúncianse palabras que non se per-*

*ciben.*) E será este goberno o que comece agora a instar e a implicar os axentes sociais para que o tema da conciliación, para que o tema da flexibilización participe e forme parte de todos os convenios, que ese é o noso compromiso. E, mentres tanto, o que si lle podo garantir é que este é o primeiro goberno que deseña unha folla de ruta para a comunidade, sensibilizando dun problema no que aínda non había...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** ...sensibilización, e poñendo medidas concretas...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira.  
(*Aplausos.*)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María do Carme Adán Villamarín, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre medidas previstas polo Goberno galego para evitarlles ás persoas usuarias do sistema de dependencia a redución das súas prestacións**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra a señora Adán para formular a súa pregunta.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Grazas, presidenta.

Boa tarde, señora conselleira.

Antes de que comece a súa resposta, sabemos que a historia moderna en Galiza comeza co Goberno Feijóo, a multiplicación das prazas e dos peixes... Permítame só un matiz respecto da contestación anterior. Non creo que sexa un problema de que sexa unha comunidade amable, será, en todo caso, xusta, redistributiva, igualitaria... Eses son os termos dende os que falaremos á hora de falar de prazas e dun sistema público, non amable, que non ten nada que ver dende logo coa redistribución da conciliación, da riqueza, dos espazos e dos tempos entre homes e mulleres.

Señora conselleira, antes de que nos comece coas súas fabulacións de prazas e peixes, soamente tres datos obxectivos. Vostede sabe, porque antes do verán tivo acceso ao informe do Tribunal de Contas, que Galiza, e a súa conselleira en tanto que xestiona a aplicación da Lei da dependencia, está á cabeza de persoas no limbo da dependencia, máis de

18.000. Vostede sabe, porque tamén coñece os datos oficiais, que no último ano Galiza perdeu preto de 3.000 persoas que foron atendidas polo sistema de dependencia, máis ou menos, unha media de 7 ao día. E vostede sabe tamén, porque acaba de coñecer o último informe dos profesionais dos servizos sociais –do cal xa lle preguntaron esta mañá–, que a cualificación global en Galiza é exactamente irrelevante; onde di claramente que os investimentos dos servizos sociais caeron un 10 % dende o 2011, por moito que vostede e o señor Feijóo, cando chegan os orzamentos, tentan repetirmos iso do gasto social.

Polo tanto, diante das cartas, que tan ben coñece e que xa debatemos neste Parlamento, que as persoas que teñen un dereito recoñecido a unha prestación están recibindo este verán polos recortes practicados polo señor Rajoy –que xa veñen algúns dende aquel real decreto do 2012 da estabilidade económica–, a pregunta é moi clara: ¿que vai facer o Goberno galego? ¿Asúmeo, aplaude e considera que é o correcto ou, como responsable que é de servizos sociais con competencias plenas que ten na materia, pensa asumir orzamentariamente os recortes impostos por Madrid ás persoas máis débiles e que máis o necesitan? Porque, facendo miñas unha palabras que podíamos ler este verán na prensa da propia presidenta do Colexio de Traballadores e Traballadoras Sociais de Galiza, se realmente está habendo unha recuperación e os recortes respondían á crise, que os paren. O que vemos desde o Observatorio da Dependencia, desde as ONG e desde os colexios profesionais é que isto é un ataque a todo o sistema da dependencia.

Isto é o que ven as e os usuarios e usuarias, isto...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora Adán. (*A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.*)

Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

Ten a palabra para responder a conselleira de Traballo e Benestar.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Moitas grazas, presidenta.



Pois, señoría, a verdade é que para a nosa desgraza a historia efectivamente non comeza no ano 2009, nin comeza na época do señor Feijóo. E case nos gustaría que comezara nesa época, porque se fora así, por exemplo, a Lei de dependencia tería atendidos a todos os dependentes que agora mesmo están pendentes. (*Murmurios.*) Se non chega a ser pola herdanza que deixaron vostedes, neste caso, de 46.000 dependentes sen atender, hoxe en día, se nacera a historia no ano 2009, non habería ningún dependente sen atender na nosa comunidade. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O feito, señoría, e a realidade é que hai unha Lei de dependencia que nace no ano 2007, como dicía xa esta mañá, que pasaron dous anos dende a súa aplicación e que vostede e a súa formación política tivo a oportunidade de legislar e mesmo tamén de practicar, onde vostede, que pertencía tamén a ese goberno, investía para a tramitación da Lei da dependencia 126 millóns de euros, tendo 14.000 atendidos e 46.000 pendentes. Tiñan 46.000 pendentes e vostede repróchame a min que temos 18.000 pendentes. Sobre todo tendo en conta que ano tras ano entran unha media de 11.000 solicitudes: 11.000 no ano 2010, 11.000 no ano 2011, 11.000 a maiores no ano 2012, 11.000 no ano 2013... É dicir, pasaron polo sistema de dependencia dende a chegada de Feijóo ao Goberno 78.000 persoas, que foron atendidas, e agora mesmo, efectivamente, nós fomos quen de reducir a lista de espera. Pero o compromiso deste goberno é seguir avanzando e seguir dando atención a todos os dependentes que quedan sen atender. E para iso, evidentemente, señoría, o que hai que poñer, o primeiro de todo, é investimento. E foi este goberno o que xa no ano 2009 incrementou a partida de diñeiro que deixaron vostedes, a que deixou o Bloque Nacionalista Galego pintada nos presupostos do ano 2009 –que está aquí, evidentemente, e pódeo ver, supoño que ademais xa a coñece–, en 100 millóns de euros máis. E ademais de poñer 100 millóns daquela, xa no ano 2009 e investir en tecnoloxía para que os traballadores sociais, eses dos que vostede tamén falaba, tiveran a oportunidade de facer o seu traballo moitísimo mellor, tamén, evidentemente, adiantamos e contratamos persoal para atender todas as solicitudes, e facelo da maneira que nós cremos que o debemos facer, que é a atención de calidade. A que lle gustaba a vostede, non. A vostede a que lle gustaba era a prestación económica para o familiar. Nós non, nós apostamos pola prestación económica para os servizos, e apostamos polos servizos públi-

cos. E por iso medramos en máis de 3.000 as prazas que están destinadas aos nosos maiores para que teñan unha atención de calidade. E medramos no servizo de axuda a domicilio e tamén evidentemente medramos nas libranzas vinculadas aos servizos. Vostede daba cero, ¡cero!, cero libranzas aos servizos. Non quería, dalgunha maneira, que os nosos maiores foran ás residencias privadas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira. Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

Réplica da señora Adán Villamarín.

**A señora ADÁN VILLAMARÍN:** Señora Mato, realmente é que non atopo palabras para cualificar a súa intervención. Cínico é o máis suave que se me ocorre, porque vostede sabe perfectamente que o Partido Popular non cría nesa lei, que hoxe a está desmontando porque non é capaz de derrogala. Vostede sabía perfectamente que esa lei tivo un ano de aplicación por parte do bipartito, e que vostedes se están apropiando, ademais, de 10.000 dependentes que xa estaban valorados cando vostedes chegaron, e que sempre di que non.

Pero a verdade é que iso non lles interesa ás persoas que agora por decisión do Partido Popular ven reducidas as súas prestacións. Deixe de mirar para o pasado, porque vostede e o seu partido é o que recorta a Lei de dependencia. Fíxoo o señor Rajoy a través do real decreto do 2012 e o están facendo agora. As cartas, que eu vexa, están firmadas por Coro Piñeiro Vázquez. Aquí non pon nin Zapatero, non sei..., nin Quintana, nin BNG... Non, non, non, Coro Piñeiro Vázquez é a persoa do seu departamento que está reducindo as prestacións.

Ante esta redución, aquí e agora, no 2014, señora conselleira, ¿vostede vai aplaudir a Madrid esta derrogación na práctica da Lei da dependencia ou vostede vai asumir como responsable que é do servizos sociais a cantidade orzamentaria que lle corresponde para que as persoas non vexan reducida a súa prestación nun 30 %, nun 40 %, nun 50 % e ata nun 70 %? Moitas delas denunciando que incluso teñen que deixar as súas prazas de residencia, efectivamente, privadas, que o ideal sería que estiveramos camiñando cara a un sistema público.

Pero, señora conselleira, como acaban, por exemplo, de denunciar en discapacidade intelectual, vostede camiña no sentido contrario, vostede está privatizando as prazas; vostede está desmontando a dependencia e privatizando prazas. Ese é o balance da súa xestión: irrelevante. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Grazas, señora Adán.

Ten a palabra, para a réplica, a conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Moitas grazas, presidenta.

A verdade, señoría, eu o que teño claro é que a quen non lle interesa que lle recorden as cousas é a vostede, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*. Pero á cidadanía pódolle garantir que lle interesa que lle recorden que cando vostedes gobernaban só había 14.000 persoas atendidas, non 10.000 como dicía vostede, 14.000 persoas atendidas e 48.000 pendentes de atender. E nós multiplicamos, como xa lle digo, por catro o número de persoas atendidas.

Evidentemente se pasamos de 126 millóns de euros a 345 millóns de euros no día de hoxe, nos presupostos do ano 2014, non se pode dicir que non creamos na Lei de dependencia. Non é só que non creamos, senón que a estamos a desenvolver co máximo compromiso, ata o punto de que o 60 % do investimento destinado á área social desta Comunidade Autónoma está destinado precisamente para a dependencia, e, como dicía hoxe pola mañá, para a dependencia con calidade, non con prestacións económicas para o familiar, senón con máis e mellores prazas. E todas esas medidas das que vostede fala, todas esas medidas de copago e todas esas medidas que fala do Goberno central, as estamos aplicando porque esta comunidade non é unha comunidade insumbisa. Vólvo dicir, a Xunta de Galicia, esta Xunta de Galicia, non é unha comunidade insumbisa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Haberá outras comunidades que si o son, pero esta non. E vostede ten a teima de dicir que é a señora Coro Piñeiro ou a señora Beatriz Mato a que está firmando distintas resolucións... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, ¿coñece vostede a Teresa Novo? ¿Coñece vostede a Teresa Novo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non coñece a Teresa Novo. *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se*

*perciben.)* Vale. ¿E a Blanca Rodríguez? *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)* Vale. ¿De que partido político era? *(A señora Adán Villamarín pronuncia palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA:** Por favor, non dialoguen. Responda, conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Tiña aquí unha resolución da dependencia na que outorgan –e non vou dicir o nome–, outra vez llo volvo dicir, un importe ao mes de 405 euros, dos cales había que deducir 475, é dicir, á señora tocáballe pagar 70 euros, e deixárona a cero. ¡Home!, un *poquito* xa non de cinismo, un *poquito* de seriedade, polo menos á hora de falar de persoas que son, ademais, da súa formación política e que tiveron responsabilidades no Goberno para o desenvolvemento xusto do que vostede está a falar.

A este goberno o único que lle preocupa é seguir avanzando. E mentres vostede siga así, todos os aforros os destinaremos a crear máis prazas: 310 novas prazas que destinaremos á dependencia, aos maiores e á discapacidade neste ano. É dicir, medrar, máis dependentes atendidos, máis prazas públicas para os maiores e para os dependentes. E iso faise grazas, evidentemente, ás medidas que se están a tomar de sostibilidade do sistema e grazas, evidentemente, ao incremento do presuposto que está a levar a Xunta de Galicia dende o ano 2009 ata hoxe mesmo. Vólvo dicir: 126 millóns pintou vostede con 46.000 persoas pendentes; aquí, agora, 345, e seguiremos medrando na atención á dependencia. Ese é o único compromiso que deben de coñecer os galegos.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):** Seguimos investindo na dependencia. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e sete deputados/as máis, do G.P. Popular da Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da costeira do bonito do norte no ano 2014**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, para formular a súa pregunta, o señor Martínez-Sierra.

**O señor MARTÍNEZ-SIERRA LÓPEZ:** Grazas, señora presidenta.

Boas tardes.

O bonito do norte representa unha das capturas estacionais máis importantes para unha parte da frota galega, e a súa descarga nos nosos portos permítenos poñer á disposición dos consumidores un produto saudable que conxuga unha calidade inmillorable cun sistema de captura respectuoso co medio natural.

Como cada ano, a costeira do bonito vén desenvolvéndose desde principios do mes de xuño ata o mes de setembro, prolongándose unhas xornadas máis en función do desenvolvemento da actividade e do número de capturas. Trátase dunha das campañas pesqueiras estacionais máis destacables para a frota galega, de xeito especial para portos como os de Burela, A Coruña, Vigo ou Celeiro, entre outros. De feito, son moitas as familias que viven desta pesqueira, especialmente na Mariña Lucense.

E este peixe rexistra un alto volume de facturación, sendo Burela o segundo porto de España en importancia de capturas. As primeiras estimacións sinalaban que os barcos con porto base en Galicia que dirixiron a súa actividade cara ao bonito do norte, superaban o medio cento; cifra que temos que multiplicar por dous se consideramos o elevado número de embarcacións que emprega a nosa comunidade para efectuar as súas descargas.

A Xunta de Galicia vén apoiando o desenvolvemento destas actividades con diversas iniciativas, entre as que destaca a campaña dirixida á súa identificación e fomento do seu consumo, baseándose na súa calidade e frescura así como tamén no carácter artesanal da súa captura.

Centrándonos na campaña, quixeramos coñecer os datos dos que dispón a Consellería do Medio Rural e do Mar, que ofrecen unha boa radiografía do desenvolvemento da mesma. As primeiras informacións apuntaban a un avance significativo das capturas e das vendas, que espero que nos poidan confirmar. Mais, en concreto, formulamos a seguinte pregunta: en función dos datos coñecidos ata o de agora, ¿que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento da costeira do bonito do norte neste ano?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Presidenta, señorías.

Señor Vidal, como vostede dicía, antes de facer unha valoración do que resultou da campaña do bonito, creo que é necesario contextualizar as circunstancias desta costeira e do que ela supón para a nosa frota. Creo que se trata, a costeira do bonito, dunha pesqueira que é plenamente sostible, que é respectuosa co medio ambiente, é selectiva ao cento por cento nas súas capturas, habitualmente rendible –porque o único que significa é un custo de combustible–, e é un exemplo de diversificación, posto que permite que os buques racionalicen o consumo das cotas doutras especies.

Por iso eu creo que é importante que sempre valoremos de xeito especial as cifras que nos ofrece a costeira, que este ano comezou unha semana antes do habitual e que nos deixa, desde o meu punto de vista, un balance netamente positivo.

Ata o 19 de setembro foi importante a suba das descargas que se produciron respecto do ano pasado, xa que se incrementaron nun 22 %, chegando ás 3.232 toneladas, e un incremento na facturación dun 7 %. Pero se consideramos a liña que viña amosando esta pesqueira, temos datos certamente máis relevantes, xa que, se comparamos as capturas descargadas neste ano coa media dos últimos cinco anos, vemos como o montante de peixe descargado este ano medrou un 45 %, e a súa facturación un 21 %, superior ao prometido dos últimos cinco anos.

Ademais, creo que é importante destacar que esta é unha pesqueira –como vostede dicía– na que a frota galega descarga a práctica totalidade das súas capturas nos portos desta comunidade, concentrando esta actividade de comercialización entre os portos de Burela –case o 60 %– e o porto da Coruña –case un 30 %–.

No contrapunto desta costeira está o rápido afastamento dos bancos do bonito da nosa costa, xa que a principios de agosto xa o túnido estaba na área occidental de Irlanda

e moi aberto no Atlántico. Ademais hai que dicir que varias unidades xa abandonaron a pesqueira e retomaron a súa actividade na pesca habitual, caso do palangre de superficie ou de fondo no Gran Sol e en augas de Francia, permanecendo aínda unha parte dos barcos na costeira, moitos deles na área de Ortegá, como é moi habitual nesta época.

En todo caso, creo que está sendo unha boa costeira e que esta pesqueira volveu marcar o que é: unha alternativa rendible e positiva para a nosa frota.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Réplica do señor Martínez-Sierra.

**O señor MARTÍNEZ-SIERRA LÓPEZ:** Moitas grazas polos datos e pola información aportada.

Compartimos esa visión e a valoración da costeira como netamente positiva. Esa é tamén a opinión dos portos e dos nosos pescadores. E sabemos do esforzo da Xunta de Galicia por acrecentar o valor e o volume económico que nos deixa ano a ano esta actividade. Aí están esas etiquetas verdes, as etiquetas que diferencian o bonito capturado un a un, coa cacea ou co corricán, e as campañas que podemos ver nos puntos de venda e que contribúen a difundir os valores alimenticios deste peixe.

Sabemos do esforzo dos mariñeiros galegos e cantábricos, que fan que o bonito siga sendo unha actividade proveitosa sen deixar de empregar os sistemas tradicionais. Sabemos que novos retos e problemas xorden no horizonte desta pesqueira, a pesca do túnido con artes de arrastre peláxico. Vinte anos despois da recordada guerra do bonito, que levou á prohibición das volantas de deriva, chega unha nova cuestión que se podería equiparar a aquela e que hoxe só é un mal recordo.

Por iso pregunto: ¿como percibe o Goberno galego esta presenza de arrastreiros peláxicos na captura do bonito?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Réplica da conselleira do Medio Rural e do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, señor Vidal, evidentemente somos conscientes da crecente preocupación dos pescadores galegos, e tamén do Goberno da Xunta de Galicia, pola actuación dos arrastreiros peláxicos franceses. Cremos que, como aconteceu hai moitos anos, neste caso tamén Galicia e a frota do Cantábrico ten non só a razón moral, senón que tamén ten os argumentos.

A nosa frota, como dicía na miña primeira intervención, emprega sistemas sostibles, selectivos e respectuosos co medio, permite o traballo simultáneo de múltiples unidades de frota e subministra un produto de calidade extra. Pola contra, temos o que está a acontecer coa frota do arrastre peláxico francesa. E, neste caso, eu teño que dicir que os argumentos están en liña coa nova política pesqueira común. Hai tres argumentos que poden destacar: o valor das capturas, que é moito máis alto no caso da pesca da nosa frota que no caso da pesca do arrastre –creo que os prezos medios nestes momentos en Francia están en 1,18 euros e na nosa están en 3,40 e 3,50–; os descartes producidos na frota do arrastre peláxico son superiores ao 11,8 % e a nosa frota non produce descartes; tamén a talla mínima obrigatoria que tivo que establecer Francia no ano 2009 é non inferior aos 2 quilos, e a nosa frota sempre captura bonitos superiores a esta talla.

Por iso creo que neste caso non soamente temos a razón moral, temos os argumentos que avalan as novas directrices da política pesqueira común, e así o faremos valer diante das institucións comunitarias.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, conselleira.

**Pregunta de D. Daniel Rodas Chapela e D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto que vai ter na próxima campaña no colectivo de persoas mariscadoras a alta mortalidade do berberecho detectada na ría de Arousa**

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra, señor Rodas, para formular a súa pregunta.

**O señor RODAS CHAPELA:** Boa tarde, presidenta.

Boa tarde a todos.

Boa tarde, señora conselleira.

Se un ve a Plataforma Tecnolóxica da Pesca, comproba rapidamente como nestes últimos tres anos se están rexistrando as peores capturas de berberecho da última década na ría de Arousa. No ano 2008 capturáranse 2.600 toneladas; no ano 2012, 350; no ano 2013, 112.

Se comproba os datos, señora conselleira, comproba que, desde o ano 2008 ata o 2012 houbo un descenso 8 veces. E se comproba os datos con respecto ao 2013 descenderon as capturas nada máis e nada menos que 17 veces. E isto non é froito da casualidade, nin sequera é froito da xestión do señor Zapatero nin do bipartito. Pon en evidencia unha triste realidade.

Recentemente o propio sector foi facer unha mostraxe aos lombos do Ulla e decatouse do que vén sucedendo nestes tres últimos anos. Unhas poucas rañadas serviron para decatarse de que non había marisco, non había berberechos. Diversas son as hipóteses que se están barallando. Hai quen di e que se apunta ás riadas, hai quen di que son os depósitos dos encoros, as obras do AVE, que é a contaminación producida por praguicidas, a contaminación de verteduras de polígonos industriais. Téñense detectado contaminacións severas de chumbo, de arsénico, de cobre, verteduras en vilas e cidades da contorna. E, sobre todo, apúntase tamén ao parasito *Marteilia refringens*.

Vostede tennos trasladado nunha anterior comparecencia que a consellería estaba a investigar as posibles causas, pois comezaban a aparecer datos de que podería existir unha relación directa da alta mortalidade co parasito *Marteilia*, aínda que pouco transcendeu de forma oficial, salvo que o departamento estaba tamén a levar determinadas experiencias co berberecho procedente doutras rías, como é a de Noia.

Pero o dramático desta situación, señora conselleira, é que, mentres o sector está alarmado, vostede non dá a cara. Unicamente acabamos de enterarnos pola prensa de que reconece o problema, de que ten constancia. ¡Menos mal!, porque comparado co da sardiña, que non lle constaba, xa é todo un avance, realmente algo, algo se avanzou.

Pero aínda así vostede segue afirmando...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Rodas. Moitas grazas.

(Aplausos.)

Ten a palabra, para responder, a conselleira do Medio Rural e do Mar.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Rodas, a ver como llo explico. Vostede di que eu estou desaparecida, que eu dixen, que eu dixen... Vostede dixo hai un ano aquí –xa daquela o sabía vostede sen facer os estudos correspondentes– que a mortalidade do berberecho se debía á *Marteilia refringens*. Eu creo recordar que hai un ano lle dixen que tiñamos sospeitas de que había un protozoo novo, unha especie nova, que era a *Marteilia*, pero que aínda non tiñamos a seguridade de que fora a *Marteilia refringens*. Hoxe xa lle podó dicir que, cos estudos que se fixeron, cunha acción de investigación que se puxo en marcha cando se detectaron os primeiros episodios de mortalidade, que temos constancia de que é unha nova especie, que é a *Marteilia cochillia*, que afecta o berberecho, que non afecta nin a ameixa fina nin a ameixa babosa nin a ameixa xaponesa. Xa temos constancia de que aínda non se sabe cal é o vector que transmite esta enfermidade, cal é a súa orixe. A única cita que existe en toda España vén de Cataluña, do ano 2007. Non sabemos como chegou a Galicia, pero si que estamos facendo todo o seguimento, todas as redes de muestreo de todas as rías onde hai produción de berberecho e analizando a mortalidade que hai en todas as zonas.

Non estou desaparecida nin ninguén está desinformado. Porque vostede, se entra na Plataforma Tecnolóxica da Pesca para ver os datos de descarga, tamén pode entrar na páxina web do Intecmar, onde está exactamente o resultado de todos os estudos, que é perfectamente coñecido por todo o sector. E téñense feito reunións e xuntanzas con todos os patróns maiores de todas as confrarías que teñen bancos de produción de berberechos, que se lles vai informando puntualmente de como é a situación.

No ano 2012 houbo unha mortalidade practicamente masiva de todo o berberecho, no ano 2013 recuperouse en certo modo a poboación de berberecho, e neste ano 2014 volvemos detectar unha abundancia de mortalidade do berberecho.

Aínda os técnicos, os científicos –e niso estamos gastando centos de miles de cartos en diferentes campañas de investigación–, non son capaces de determinar se é a *Mar-teilia cochillia* a que produce a mortalidade ou máis ben está ligada á condición de fenómenos medioambientais que se están producindo nas nosas rías.

Eu non vou dicir aquí que non levamos dous anos duns invernos moi duros, todos sabemos o que son as poboacións de berberecho, que teñen no seu ciclo vital a estratexia da “R” e que, cando as condicións meteorolóxicas son adversas, o berberecho morre *per se* e é capaz de recuperarse ao ano seguinte.

Estamos investigando, estamos informando o sector día a día, e os científicos seguen traballando. E para iso seguiremos traballando nesta liña, na defensa dos intereses do noso sector marisqueiro, porque para nós si que ten moita importancia. E non nos aventuramos a predicir qué é o que está causando esta mortalidade ata que non teñamos os datos dos técnicos, que son os que nolos teñen que dicir.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Réplica do señor Rodas Chapela.

**O señor RODAS CHAPELA:** Non é certo, señora conselleira, que se recuperara en certa medida o ano pasado

Non é certo, señora conselleira, que se recuperara en certa medida o ano pasado. Porque o berberecho, señora conselleira, a pesar de que aquí traemos a iniciativa da ría de Arousa, é un problema de todo o país. Porque é o principal molusco bivalvo do cal este país extrae cada ano de 3.500 a 5.000 toneladas. E como lle dicía anteriormente, se vostede compara os datos do ano 2005, extraéronse máis de 5.000 toneladas, mentres que no ano 2000 este non chegou a 1.800 e o ano pasado non chegou a 1.700 toneladas.

Polo tanto, estamos ante unha realidade crudísima, a de que o berberecho está morrendo, e o departamento que vos-

tede dirixe non está tendo a posición necesaria de informar adecuadamente o sector.

Pero é que, ademais, mente, señora conselleira, cando vostede di que se reúne con todos os patróns maiores. Recentemente un queixábase de que se tiña reunido coa presidenta dunha asociación de mariscadoras mentres que el aínda seguía permanecendo á espera. Esa é a súa visión de relación co propio sector. Con uns non hai ningún tipo de problemas, hai vía directa, e cos outros máis ben hai que esperar.

Polo tanto, señora conselleira, estamos a falar dun problema gravísimo onde vemos que nos últimos anos as rendas é que caeron espectacularmente. Mire os seus propios datos: no ano 2003 resulta que as rendas medias das mariscadoras foron, de marisqueo a pé, 5.720 euros, isto é, 476 euros ao mes; e do marisqueo a flote, 10.628 euros por embarcación. Póñalle agora unha, dúas e tres persoas por embarcación e mire o resultado.

Polo tanto, o que lle estamos a demandar...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Rodas.

Moitas grazas. *(O señor Rodas Chapela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Rodas, rematou o seu tempo. Grazas. Rematou o seu tempo.

*(Aplausos.)*

Ten a palabra para pechar o debate a señora Quintana.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo):** Moitas grazas, señora presidenta.

Mire, señor Rodas, non lle vou consentir, de verdade, que me chame a min mentirosa. Non llo vou consentir porque non é certo. ¿Tanto ocultamos os datos, tanto ocultamos os datos que están públicos na páxina web do Intecmar, e que vostede pode entrar agora mesmo e miralos? ¿Tanto, tanto non informamos o sector que tivemos reunións –e voullas ler– o 14 de xuño de 2012 coas confrarías da ría de Arousa, o 31 de xullo do ano 2012 coas confrarías da ría de Arousa, o 3 de decembro do 2013 coas confrarías do fondo da ría de Pontevedra, o 16 de maio do 2014 en Poio coas confrarías da ría de Pontevedra e o

22 de xullo de 2014 en Redondela coa confraría desa localidade? No meu despacho recibo a todo o mundo, pero, á parte de recibilos eu, todo o meu equipo lles está dando información puntual a todos os representantes do sector. E non son sectaria, eu non recibo a uns si e a outros non. Recibo a todo o mundo. Houbo un cambio de goberno agora en moitas confrarías e estou recibindo a todos os patróns maiores, un por un no meu despacho, sen tempo límite para esas reunións e dándolles toda a información; que, como digo, non a oculto no meu despacho, non a deixo só para as reunións internas co sector. Están colgadas e son públicas na páxina web do Intecmar.

Aquí, se se trata de mentir, señor Rodas, quizais poderíamos dicir que mente vostede, ou que utiliza os datos de maneira sesgada. Porque me fai graza cando vostede compara os datos do ano 2014 cos datos do ano 2005. ¿Por que non compara os datos do 2014 cos datos do ano 2006, cando se viviron unhas condicións meteorolóxicas similares ás que estamos vivindo este ano, e cando naquel momento a caída da produción foi exactamente igual que a caída de produción que estamos tendo este ano?

Cando se dan os datos, danse os datos reais. E os nosos están feitos públicos na Plataforma Tecnolóxica da Pesca e na páxina web do Intecmar, á disposición de todo o mundo. E publicamos en todas as revistas científicas nacionais e internacionais. Seguiremolo facendo, seguiremos facendo todos os proxectos de investigación e estaremos ao lado do noso sector como estivemos sempre. E pódelle consultar a cada un deles se é que eu minto, e que veña calquera patrón maior aquí e me diga que non estivo nestas reunións e que non está perfectamente informado do que está a acontecer no caso do berberecho.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA:** Esgotada a orde do día, levantamos a sesión.

Moitas grazas e boa noite.

*Remata a sesión ás cinco e corenta e tres minutos da tarde.*



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25